Escola Superior Gallaecia

Mestrado integrado em Arquitectura e Urbanismo

Dissertação - Tema sobre Urbanismo



# TRANSFORMACIÓN MORFOLÓXICA

## Rianxo (1956-2012)

Juan Carlos Bastos González

Xaneiro 2013

Escola Superior Gallaecia

Mestrado integrado em Arquitectura e Urbanismo

Dissertação - Tema sobre Urbanismo



# TRANSFORMACIÓN MORFOLÓXICA

## Rianxo (1956-2012)

Orientador: Prof. Doutor Arquitecto David Leite Viana
Juan Carlos Bastos González

Xaneiro 2013

# Prefacio

Este traballo foi elaborado no ámbito da Disertación de Mestrado Integrado en Arquitectura e Urbanismo da Escola Superior Gallaecia entre abril do ano 2012 e xaneiro do 2013. Sendo realizado polo alumno Juan Carlos Bastos González e orientado polo Profesor Doutor Arquitecto David Leite Viana.

Esta Disertación, mostrándose baixo o título “A transformación de Rianxo na segunda metade do século XX (1956-2012)”, nace co obxecto de dar resposta dende un punto de vista urbanístico á problemática presentada nun caso particular.

## Agradecementos

Esta Disertación non podería ser levada a cabo sen a colaboración, ánimo e axuda de familiares e amigos que de forma amable prestaron os seus coñecementos para este fin, querendo acordarme deles e agradecer:

Ao arqueólogo Víctor Barbeito polas súas ideas orixinais e ó Profesor-Orientador Arq. Dr. David Viana por concretar e definir esas ideas ata convertelas nesta Disertación, así como pola gran axuda previa ás súas orientacións.

A Martín Gómez, Nuco, Tito o Dulceiro, Carmucha a de Pérez, Santi o Furón, Carlos Coto, Tamara Brea... e a todas as persoas e organizacións que perderon o seu valioso tempo en botarlle unha man, da forma máis atenta, a un veciño cheo de dúbidas.

Ao Profesor Damião pola súa asistencia voluntaria e claridade na exposición, sendo dunha axuda fundamental nunha etapa de confusións teóricas e tebras titulares. No mesmo sentido a Xurxo Fernández pola súa colaboración e labor orientadora en fases previas.

Non só nesta culminación en forma de Disertación, senón tamén dunha forma constante durante o sendeiro que me trouxo ata aquí e dunha forma moi especial, a meu pai, a miña nai, a meu irmán, a Tania, a Josefa e a todas as amizades.

E para rematar, e dunha forma moi especial, aos mestres Juan Rey, Pedro Abreu e Nuno Pereira da Silva porque as súas leccións seguirán vivas entre nós.

## Resumo (Gal.)

O elemento a estudar nesta Disertación é Rianxo, un concello cunha tradición tipicamente mariñeira, que sufriu durante as últimas décadas un crecemento masivo. Este período é o escolleito para a delimitación temporal do estudo a realizar. Para a elaboración deste labor foi necesario recorrer a documentación totalmente en desuso para poder realizar unha actualización dos distintos estados polos que pasou a vila. Este documento ten unha función, non só na súa parte académica, senón como ferramenta para realizar unha recompilación de información para presentar nas distintas fases e estados do caso de estudo. Este traballo cumpre unha dupla motivación, por un lado a de coñecer os factores que interviñeron nos cambios mencionados e, por outro, a de traer para a actualidade unha serie de datos prescritos.

O obxecto desta Disertación é elaborar unha análise sobre a transformación morfolóxica que veu sufrindo Rianxo a nivel urbano. Este traballo realízase coa fin de buscar os procesos que deron lugar á actual forma do caso de estudo e definir os principais elementos que determinan a súa forma na actualidade, así como indicar cal é o papel destes dispositivos que serán os que deberán ser chave para a evolución urbana no futuro. Isto é, os obxectivos que se formulan son: propor e identificar os procesos que orixinaron a actual forma, definir os elementos que determinan a actual configuración e indicar cales destes elementos terán a capacidade de re-cualificar este centro urbano en futuras etapas.

A metodoloxía a usar na Disertación é baseada no método de estudo de caso de Rianxo, unha pequena vila do litoral galego situada no sur da provincia da Coruña. A nivel de recolla de información óptase por tres tipos de instrumentos de pescuda como son a análise documental, as entrevistas exploratorias e a observación directa sobre o caso de estudo.

As principais conclusións que se poden mencionar neste punto e que van ir xerminando no transcurso do traballo son, por un lado a importancia das instalacións e recheos portuarios para o desenvolvemento da vila, tanto a nivel social como urbanístico, e por outro lado a falta de correspondencia de normativas adecuadas ás distintas necesidades que se foron despregando en Rianxo durante todo o traxecto histórico en estudo. Estas dúas grandes características serán as que vaian marcando o percorrido desta Disertación.

A Disertación pode dividirse en catro partes, a primeira parte realiza un traxecto polos distintos fundamentos, conceptos e metodoloxías teóricas; a segunda é unha descrición do estudo de caso; a terceira parte é propiamente o desenvolvemento analítico de toda a información e transformación da vila; e por último, a cuarta e derradeira etapa consiste en enunciar as distintas conclusións extraídas despois de encadralas coa anterior fase de análise, pretendendo dar resposta ós distintos obxectivos enumerados inicialmente.

## Resumo (Port.)

O objeto de estudo desta dissertação é Rianxo, um concelho com uma tradição tipicamente marinheira, o qual sofreu durante as últimas décadas, um crescimento massivo. Este período é o escolhido para a delimitação temporal do estudo a realizar. Para a elaboração deste trabalho, foi preciso percorrer uma documentação totalmente em desuso, para poder realizar uma atualização dos diversos estados pelos quais passou a vila. Este documento tem uma função, não só académica, mas também como ferramenta para realizar uma recompilação de informação para apresentar nas diferentes etapas e estados do caso de estudo. Sendo assim, este trabalho cumpre uma dupla motivação: por um lado, conhecer os fatores que intervieram nas mudanças mencionadas e por outro, a de trazer para a atualidade, uma série de dados prescritos.

O objetivo desta dissertação é elaborar uma análise sobre a transformação morfológica que Rianxo sofreu, a nível urbano. Este trabalho realiza-se com o propósito de identificar os processos que deram lugar à atual forma do caso de estudo e definir os principais elementos que determinam a sua forma na atualidade, assim como indicar qual é o papel destes dispositivos que deverão ser a chave para a evolução urbana no futuro. Isto é, os objetivos que se formulam são os seguintes: propor e identificar os processos que originaram a atual forma; definir os elementos que determinam a atual configuração e indicar quais destes elementos terão a capacidade de requalificar este centro urbano em futuras etapas.

A metodologia a usar na dissertação está baseada no método de estudo de caso de Rianxo, uma pequena vila do litoral Galego, situada no sul da província da Corunha. A nível de recolha de informação, optou-se por três tipos de instrumentos de pesquisa: a análise documental; as entrevistas exploratórias e a observação direta sobre o caso de estudo.

As principais conclusões que se podem mencionar neste ponto e que vão florescendo no percurso do trabalho são, por um lado, a importância das instalações e recheios do porto para o desenvolvimento da vila, tanto a nível social como urbano, e por outro lado, a falha de correspondência de normativas adequados às várias necessidades que foram surgindo em Rianxo durante tudo o processo histórico em estudo. Estas duas grandes características serão as que irão marcar o desenvolvimento desta dissertação.

A dissertação pode dividir-se em quatro partes, a primeira parte realiza um trajeto pelos diversos fundamentos, conceitos e metodologias teóricas; a segunda é uma descrição do estudo de caso; a terceira parte constitui o desenvolvimento analítico de toda a informação e transformação da vila; por último, a quarta e derradeira etapa consiste em enunciar as diversas conclusões extraídas depois de as enquadrar com a anterior fase de análise, pretendendo dar resposta aos diversos objetivos enumerados inicialmente.

## Resumen (Esp.)

El elemento a estudiar en esta Disertación es Rianxo, un ayuntamiento de tradición claramente marinera, el cual ha sufrido durante las últimas décadas un aparente crecimiento masivo. Este período ha sido el escogido para delimitar temporalmente el estudio a realizar. Para esta elaboración fue necesario recorrer a una documentación totalmente en desuso, pudiendo realizar una actualización de los distintos estados por los que ha pasado la villa. Este documento tiene una función, no solo en su parte académica, si no como herramienta para realizar una recopilación de diversas informaciones y aglutinarlas en la presentación de las distintas fases del caso de estudio. Este trabajo cumple una doble motivación, por un lado, la de conocer los factores que intervinieron en los cambios mencionados, y por otro, la de traer a la actualidad una serie de datos prescritos.

El objeto de esta Disertación es elaborar un análisis sobre la transformación morfológica que ha sufrido Rianxo a nivel urbano. Este trabajo se realiza con el fin de buscar los procesos que dieron lugar a la actual forma del caso de estudio y definir los principales elementos que determinan su forma en la actualidad, así como indicar cual es el papel de estos dispositivos que por otra parte serán los que deberán ser clave en la futura evolución urbana. Esto es, los objetivos planteados son: proponer e identificar los procesos que originaron la actual forma, definir los elementos que determinan la actual configuración e indicar cuales de estos elementos tendrán la capacidad de re-calificar este centro urbano en etapas futuras.

La metodología usada en la Disertación está basada en el método de estudio de caso de Rianxo, una pequeña villa del litoral gallego situada en el sur de la provincia de A Coruña. A nivel de recogida de información se opta por tres tipos de instrumentos de búsqueda como son: el análisis documental, las entrevistas exploratorias y la observación directa sobre el caso de estudio.

Las principales conclusiones que se pueden mencionar en este punto y que van a ir floreciendo a lo largo del trabajo son, por un lado la importancia de las instalaciones y rellenos portuarios para el desarrollo de la villa, tanto a nivel social como urbanístico, y por otro, la falta de correspondencia de normativas adecuadas a las distintas necesidades que se fueron generando en Rianxo a lo largo de todo el estudio. Estas dos grandes características serán las que vayan marcando el itinerario de esta Disertación.

La Disertación puede dividirse en cuatro partes, la primera parte realiza un trayecto por los distintos fundamentos, conceptos y metodologías teóricas; la segunda es una descripción del estudio de caso; la tercera parte es propiamente el desarrollo analítico de toda la información y transformación de la villa; y por último la cuarta y última etapa consiste en enunciar las distintas conclusiones extraídas después de encuadrarlas con la anterior fase de análisis, pretendiendo dar respuesta a los distintos objetivos enumerados inicialmente.

## Abstract (Eng.)

The object of this dissertation is Rianxo, a sailor town. In recent decades Rianxo has known a huge growth. These decades are the timeframe of this study. To consult an outdated historical documentation was necessary to carry out the research, and has allowed to update the knowledge of diverse states through which the town has passed. Besides its academic function, this study is also a tool to gather different informations and order it for the presentation of diverse phases of the study case. The study has a double aim: first, to know the driving factors of the mentioned changes; second, to update obsolete data and information.

The objective of this study is to analyze the morphological urban changes of Rianxo. The study aims on the one hand to identify the processes that have given shape to the present form of our study case – Rianxo, and identify its current main elements; and on the other hand, it aims to highlight the role of the elements which will become key components of the future urban development. Therefore, the research objectives of the study are: first, to identify and propose the processes that have given shape to the present form; second, to identify the main elements that define the current form; and third and last, to set which of these elements will be able to rezone this urban center in future stages.

The methodology applied in this dissertation is based on the method of a study case, Rianxo, a small town on the Galician cost, in the south of A Coruña province. Regarding the collection of data three main sources were used: data analysis, research interviews and direct observation of the case study.

There are two main conclusions to highlight at this point, and which will be explained in the study. The first one is the importance of port facilities and their landfills in the town development, both at social and urban level. The second one is the lack of suitable normative for the diverse needs developed in Rianxo through the various states cover in this study. These two main characteristics will order the logic of the study.

The dissertation can be divided in four parts. The first is an overview of diverse theoretical fundamentals, concepts and methodologies. The second is a description of the case study. The third part deals with the information and analysis of the changes in the town. Finally, the fourth part shows the conclusions deduced of the analysis, looking specifically to respond to the research objectives.

# Índice


Prefacio

Agradecementos

Resumo (Galego)

Resumo (Portugués)

Resumen (Español)

Abstract (English)

Índice

**1.** Introdución. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 21

1.1. Obxectivos da investigación 23

1.2. Breve contextualización da investigación 24

1.3. Estrutura dos contidos 26

1.4. Metodoloxía 28

**2.** Fundamentos e métodos. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 31

2.1. Estado da arte 33

2.2. Conceptos e teoría 36

2.3. Metodoloxías da análise morfolóxica 49

**3.** O caso de estudo: Rianxo. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 53

3.1. Caracterización 55

Descrición xeral 55

Aspectos físicos 56

Aspectos sociais 60

Aspectos económicos 63

Aspectos históricos e artísticos 66

Elementos urbanos estruturadores 73

3.2. Delimitación 76

3.3. Regulamentación 80

**4.** Criterios e descrición das fases de estudo. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 85
4.1. Criterios de escolla 87
4.2. Descrición das fases 89
Rianxo en 1956 90
Rianxo en 1973 92
Rianxo en 1984 94
Rianxo en 1999 96
Rianxo en 2012 98
4.3. Evolución das fases 100

**5.** Principais aspectos da transformación morfolóxica. . . . . . . . . . . . . . . . . . 103
5.1. Crecemento cuantitativo 105
5.2. Evolución da mancha edificada 113
5.3. Equipamentos 126
Eq. en 1956 126
Eq. en 1973 128
Eq. en 1984 130
Eq. en 1999 132
Eq. en 2012 134
5.4. Redes, sistemas e infraestruturas 144
Tipoloxías 144
Caracterización 147
Fases 154
5.5. Espazos verdes públicos 165

**6.** Correlacións e triangulacións sistemáticas. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .171
6.1. O Centro Urbano 173
6.2. Morfoloxía Urbana 174
6.3. Dispositivos Tipo-Morfolóxicos e Contornas Urbanas 175
6.4. Elementos reguladores 184
6.5. Correlacións finais 184

**7.** Síntese correlativa entre os obxectivos e as respectivas respostas . . . . 187

**8.** Conclusións. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .201

**9.** Bibliografía. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . 207

9.1. Bibliografía xeral 209

9.2. Bibliografía específica 210

9.3. Outras fontes 212

9.4. Índice de cadros 215

9.5. Índice de imaxes 216

## Introdución

# 1. Introdución

### 1.1. Obxectivos da investigación.

O obxecto central de estudo desta Disertación é a da forma urbana de Rianxo, o núcleo dun pobo mariñeiro do sur da provincia da Coruña de 11.808 habitantes.

Os obxectivos que se queren desprenden deste estudo son os seguintes:

**1.-** Identificar os procesos de transformación do centro urbano de Rianxo ao longo da segunda metade do século XX.

Empezando polo xeral, este primeiro obxectivo abarca a evolución de Rianxo en distintos momentos dende mediados do século pasado ata a actualidade. Como Rianxo foi evolucionando nos distintos procesos transformadores que se deron ata chegar á situación actual.

**2.-** Definir os principais elementos que determinan a configuración da actual forma urbana do centro de Rianxo.

Partindo do estado presente que se mostra no caso de estudo, haberá que situar e definir cales son os elementos máis salientables que están influenciando a forma urbana na actualidade. Cales son os elementos caracterizadores que se atopan nestes intres.

**3.-** Indicar cal é o papel dos dispositivos tipo-morfolóxicos que estruturan o centro urbano de Rianxo para a recualificación do seu espazo urbano.

Despois de ser repasada a configuración no pasado e no presente, este último obxectivo, é o que dará as opcións de futuro dende o punto de vista tipo-morfolóxico. Dos indicadores que hai na actualidade cales servirán para unha distribución e configuración futura, cales irán máis alá no tempo e servirán en vindeiras épocas como influenciadores de forma urbana.




**Imaxe 1:** Situación de Rianxo dentro dacontorna do Noroeste Peninsular.

Pódese ollar o seu encadramento no territorio, así como a súa situación con respecto ás principais comunicacións viarias existentes e con respecto á fronteira con Portugal.

### 1.2. Breve contextualización da investigación.

Os obxectivos que se formulan nesta Disertación veñen dados como resposta directa á problemática que se presenta no caso de estudo, onde se atopa o resultado de distintos factores que inflúen na tipo-morfoloxía da actual fase na que se atopa o obxecto a estudar. Pois como expón Lynch (1984, p.10): *“Non hai un resultado definitivo, senón unha sucesión ininterrompida de fases”*. E así se abordarán os distintos obxectivos, como unha sucesión de etapas, tanto nos distintos estados que se deron ao longo da segunda metade do século XX, coma no estado actual, o cal é o resultado ó que chegou Rianxo no transcurso deste período; así como indicar os distintos dispositivos actuais que servirán nas futuras fases.

Esta idea xa presenta outros precedentes, como Rossi (1971, p.102): *"A cidade (...) é unha creación nacida de numerosos e varios intres de formación; (...)"*. Tamén autores como Panerai *et al* (1983, p.158): *“Nun punto determinado e nunha época concreta (...) se ben as pegadas das ocupacións anteriores seguen marcando a forma urbana”*. Ou incluso o mesmo Secchi (2006, p.18): *“(...) urbanismo (...) como testemuño dun vasto conxunto de prácticas, sexan cales sexan, pero que dan unha continua e consciente modificación do estado do territorio e da cidade.”* Ideas que afondan na directriz a seguir na Disertación, na busca dunhas orixes; análise dun presente e proposta de futuro.

A concreción física do elemento a estudar, como é o centro urbano, aparece co respaldo de ideas de autores como Gianfranco Caniggia ou Carlo Aymonino (1997, p.140) os cales fan referencia á problemática dos centros urbanos explicando que, *"(...) un centro como lugar único da existencia dunha cidade (...) isto é observable máis alá das diversas atribucións morfolóxicas que poden darse nos distintos aglomerados urbanos".* O que será de utilidade para poder descubrir os distintos indicadores da transformación urbana.

A idea de conxugar tipoloxía e morfoloxía (tipo-morfolóxico) nace no anteriormente mencionado Rossi (1971, p.112), pois como describe: *"A forma en que realizan os tipos edificatorios residenciais, o aspecto tipolóxico que os caracteriza, está estreitamente vinculado á forma urbana"*. Onde está dando paso á análise conxunta desta idea, a parte de adiantarnos o significado de forma urbana. Seguindo ca esta liña, pódese mencionar a Lamas (2004) que sitúa o estudo da forma urbana na segunda metade do século XX, coincidindo co segmento temporal desta Disertación *“(...) desde os anos sessenta se iniciara (...) a preocupação com a FORMA URBANA passou a constituir o elemento dominante do projecto urbano (...)”* (2004, p.26), ou observando ideas máis actuais coma a de Acuña (2005, p.143) *"(...) forma urbana (...): o contorno, o trazado, o das vías principais, a posición das prazas, os monumentos, a localización dos grandes equipamentos."* o que aporta claridade ó significado e, sobre todo, á función da forma urbana para a súa análise.

A labor a realizar para estes fins, non é mais que o que se está formulando de forma xeral neste momento, pois partindo dos anteriormente mencionados Rossi ou Lynch, pódense atopar na actualidade traballos como o de Salazar (2009, p.47) no que defende a importancia da análise urbana: *"(...)una realidad urbana compleja que sólo sale a la luz con procedimientos analíticos que los evidencian"*. Polo que se pode comprobar que é totalmente actual o método de análise urbana para atopar respostas a problemáticas concretas como o caso de estudo de Rianxo.

En canto a este caso de estudo é un concello tipicamente mariñeiro, o cal sufriu un crecemento masivo durante as ultimas décadas. Todos estes cambios foron producidos nun escenario moi particular, tendo como base normativas totalmente desfasadas ou incluso inexistentes. Estes cambios déronse a tódolos niveis, tanto urbanísticos como edificables, atopándose na actualidade nunha situación totalmente axea a calquera tipo de estudo urbanístico ou morfolóxico. Máis concretamente, Rianxo atópase na comarca do Barbanza na provincia da Coruña, situado no fondo da ría de Arousa. Constitúe unha zona de transición entre a serra do Barbanza e o estuario do Ulla. O concello de Rianxo ten unha poboación total de 11.808 habitantes. O núcleo dista 45 Quilómetros de Santiago de Compostela, 104 da Coruña e 75 de Vigo.

Con estes precedentes, o que se propón é identificar os procesos que orixinaron a forma vixente, definir os elementos que determinan a actual configuración e indicar cales destes elementos terán a capacidade de recualificar este centro urbano.




**Imaxe 2:** Situación de Rianxo dentro dos concellos de toda Galiza.

Pódese visualizar a súa situación con respecto ós principais concellos da Galiza.

Rianxo é un dos 315 concellos que conforman Galiza, situado ó sur da provincia da Coruña, a cal abrangue 94 concellos. Datos do IGE (Instituto Galego de Estística)

### 1.3. Estrutura dos contidos.

Esta Disertación estrutúrase en varias fases. Indo, de forma xenérica do xeral para o particular, afunilando o obxecto de estudo dende un punto de vista xeral, explicando o urbanismo e tipo de análise urbana co cal se vai comprobar a estrutura de Rianxo. Pasando por problemáticas xerais e particulares do urbanismo rianxeiro e acabando ca análise concreta de Rianxo como caso de estudo.




**Imaxe 3:** Esquema da forma na que se desenvolve o estudo da Disertación, do xeral ó particular. Tanto no seu aspecto analítico como na súa visión de estudo de caso.

A finalidade da Disertación vai ser a análise e comprobación de distintos aspectos urbanísticos que se poidan dar en Rianxo. Como xa se veu nos obxectivos tanto no pasado, presente e incluso futuro.

Na introdución, o primeiro punto da Disertación, é onde se realiza unha presentación do que se vai atopar para que calquera lector se sitúe na problemática a tratar na investigación. Esta introdución expón xa os obxectivos a realizar durante a Disertación, de igual maneira que expón o contexto no que se atopa. A estruturación de contidos é básica para a situación de cada apartado dentro do traballo e as súas partes; e para acabar a introdución efectúase unha exposición das metodoloxías aplicadas para poder comprender a fundamentación ca que se comezou a investigación.

Na fundamentación teórica, o segundo punto da Disertación, é onde se trata a problemática de modo xeral, seguido do encadramento do obxecto de estudo dentro desa problemática. Realizando unha clara visión teórica desprazándose dende puntos de vista máis xerais e acabando dunha forma totalmente particular coa finalidade de ir atopando distintas respostas ás cuestións que aparecen no elemento a estudar.

O terceiro punto desta investigación é a exposición e análise da abordaxe do caso de estudo. Caracterizando os distintos aspectos do lugar e encadrando tanto a parte delimitada fisicamente para análise, como as distintas normativas atopadas no emprazamento. Este percorrido provocará a percepción das particularidades presentes na vila.

A seguir, o cuarto punto delimita e especifica, por diversos criterios de escolla, cada unha das fases temporais nas que se describe o caso de estudo, analizado neste apartado dende o punto de vista urbanístico. Nel explícanse detalladamente os diferentes estados morfolóxicos que se amosan no pobo nas distintas etapas.

O quinto punto é unha exposición clara da análise de Rianxo, onde se realizan os oportunos exames extraídos dos puntos anteriores. De forma particular, atópanse análises dende o punto de vista do crecemento, dos equipamentos, da superficie construída, dos sistemas de redes ou dos espazos verdes localizados en cada unha das distintas fases históricas. En definitiva, un percorrido polos distintos factores determinantes que se analizan no caso de estudo particular e que son a base da investigación realizada nesta Disertación.

Antes de concluír, realízase unha correlación a modo de triangulación das distintas metodoloxías e conceptos teóricos expostos nun momento inicial, sumado ao desenvolvemento da Disertación, procurando fusionar todas as perspectivas para lograr uns resultados integrados. Este punto é fundamental para poder corroborar que os resultados obtidos durante a investigación serán coherentes para poder dar resposta ás distintas preguntas expostas nun inicio. Outros elementos propostos anteriormente á parte analítica tamén son conxugados para poder encaixar as conclusións ca realidade teórica.

As conclusións, a última parte deste estudo é onde converxen as distintas respostas extraídas no transcurso desta investigación. Estas conclusións móstranse divididas en dous puntos. Nun primeiro lugar preséntase a síntese de correlación entre os obxectivos e as respectivas respostas, onde se responde detalladamente aos obxectivos formulados nun primeiro momento. No seguinte punto, denominado especificamente como conclusións, elabórase unha pequena síntese do repaso anterior apoiada en aspectos que foron agromando no transcurso do estudo.

No remate da Disertación efectúase unha exposición de todas as fontes de información que nutren e apoian esta investigación. Unha relación das fontes directas nas que esta Disertación se basea, tanto teóricas a través de libros, como consultivas.

### 1.4. Metodoloxía.

A palabra metodoloxía está formada por tres palabras de orixe grega: *metà* (**“mais alá”**), *odòs* (**“camiño”**) e *logos* (**“estudo”**). O concepto fai referencia ó plan de investigación que permite cumprir certos **obxectivos** no marco dunha **ciencia.** Unha metodoloxía é aquela guía que se segue coa finalidade de realizar as accións propias dunha investigación. O que é, trátase da guía que vai indicando o que facer e como actuar cando se quere obter algún tipo de investigación.

A metodoloxía a adoptar é baseada no método de estudo de caso. A nivel de recolla de información vaise optar por tres tipos de instrumentos de pescuda:

A) Análise documental:

Para comezar realizouse unha pescuda documental a través dunha recollida de datos en organismos oficiais. Á hora de elaborar un traballo sobre unha poboación, deberíase botar man de datos reais, localizados nas distintas dependencias das administracións correspondentes, poñendo en valor unha documentación especialmente relevante, non empregada até o momento. Neste grupo tamén se preveu a introdución de fotografías de épocas anteriores.

B) Entrevistas:

A continuación foi efectuado un labor de entrevistas exploratorias, a medida que se ía avanzando nos percorridos *“in situ”*, as cales foron de axuda nas lagoas atopadas na información oficial que se tiña anteriormente. Dentro deste apartado foron diferenciados dous tipos de valores, nun primeiro lugar, e con maior consideración estiveron as entrevistas a técnicos ou historiadores, os cales aportaban datos técnicos ou previamente estudados; mentres que por outro lado dábanse as entrevistas ós habitantes, os cales, de forma xeral so tiñan a súa memoria. Durante o percorrido de entrevistas, aínda que identificados no segundo grupo aparece o habitante historiador, que a parte da súa memoria, facilita documentación como recortes de antigos xornais, fotografías,...

C) Observación:

E por ultimo, foi utilizada a observación directa sobre o asunto en estudo. Pois como foi dito na breve contextualización o que realmente se ten é a meta á que chegou o núcleo urbano neste momento, a fase vixente que se amosa na actualidade *"in situ"*, resultado el de tódolos cambios, tipoloxías construídas, modificacións urbanas, creacións públicas, etc... levados ao longo da historia ata o día de hoxe. Na observación directa púidose ver, non só o existente senón tamén o rastro de épocas pasadas, podendo servir de fonte de información para fases antigas, xa que as súas pegadas puideron chegar á actualidade.

Mostrándose doutra maneira, dunha forma sintetizada, enuméranse as distintas opcións que foron levadas a cabo no senso dos distintos instrumentos de recolla de información:

Análise documental:

- Documentos oficiais: Planos obtidos no Catastro, planos obtidos no Concello de Rianxo, normativas extraídas do Concello de Rianxo, planos facilitados pola oficina do ARI, planos obtidos no Arquivo do Reino de Galicia, información facilitada polo Concello de Rianxo, datos extraídos do IGE (Instituto Galego de Estatística)

Fotografías (Complementando a análise documental):

- Fotografías antigas.
- Fotografías do catastro.
- Fotografías aéreas.
- Ortofotos. (Ex: Sig Pac, Google Earth,...)
- Fotografías propias “in situ”.

Entrevistas exploratorias:

- Expertos na materia ou técnicos especializados, como o Arquitecto Tec. Martín Gómez González de Rianxo, o Arquitecto director do ARI Carlos Henrique Fernández Coto ou o traballador municipal Santiago Mosquera Alcalde.
- Habitantes, persoas locais que por distintos motivos, historias, motivacións persoais ou herdanzas teñen un coñecemento do caso de estudo, como: Robustiano Losada Romero "Nuco", Carmen Domínguez "Carmucha a de Pérez", Tito o Dulceiro, etc...

Observación directa:

- Propiamente no local

Unha vez finalizada esta fase de recolla de datos e información, pasouse ó seu tratamento, usando para este fin un método de análise de tipo cualitativo, sistematizando e interpretando a información dende un punto de vista cualitativo cunha análise de contido baseada nas teorías do urbanismo.

Estas metodoloxías acabarán coas respectivas conclusións que responden aos obxectivos da investigación. Contestando ás distintas cuestións de partida que se foron formulando para a problemática particular que aparece neste caso de estudo.

Os métodos escollidos para a recolla de información teñen que cumprir o requisito básico de ser rigorosos e ter o maior grao de obxectividade sobre o obxecto a estudar, debido a que se está tratando dun traballo de investigación, no cal hai que cumprir cunha determinada metodoloxía.

A continuación realízase unha descrición das distintas técnicas utilizadas nesta Disertación, as anteriormente mencionadas:

**Análise documental:**

Como se pode extraer dos autores Albarello *et al* (1997) esta técnica é fundamental en calquera pescuda, pois realmente pódese afirmar que non existe investigación sen documentación e na práctica case todo está escrito e documentado, de aí que sexa dunha gran importancia para o cadro científico de calquera traballo de investigación. Esta técnica é básica para o coñecemento das distintas realidades que existen sobre a materia a estudar, sempre dende o punto de mira do recolledor da información. A parte da análise só se dará no final da recolla da información.

**A observación directa:**

No ámbito do descrito polo autor Carlos Gil (2008), esta técnica ofrece a posibilidade de poder estudar o caso "in situ", desta forma a escolla da técnica de observación é a máis adecuada xa que os fatos son percibidos directamente. Esta elección posibilita a máis rápida e áxil obtención de datos sobre o lugar, de igual maneira, facilita a creación de hipóteses durante a propia observación. O inconveniente desta técnica é a parcialidade do observador, pero incluso este defecto pode tornarse como unha axuda debido ó coñecemento a fondo do propio local por parte do observador. Esta técnica ten que realizarse dunha forma previamente estudada, no sentido de ter claros os obxectivos a observar, realizando unha forma de observación concreta para os campos delimitados previamente. Este tipo de vantaxes e desvantaxes tamén son descritas por Vitor Oliveira (2011, p.45) a través de varias referencias, onde destaca a tendencia do avaliador en evitar conclusións negativas como gran inconveniente e o profundo coñecemento do caso de estudo como parte das principais capacidades.

**As entrevistas exploratorias:**

Como se desprende das ideas atopadas nos autores Ghiglione e Matalon (1997), esta técnica de pescuda foi escolleita debido ás súas vantaxes, as cales son totalmente beneficiosas en comparación cas outras técnicas, pois ó realizar ás persoas adecuadas este tipo de entrevistas estase incitando a responder, a entrar na conversa e a cambiar información de modo comunicativo. Tamén nos estarán atendendo dunha forma directa e aberta, non pechados detrás dun cuestionario ou intentando acabar rápido as preguntas dun entrevistador. Por último a maior vantaxe desta técnica é a flexibilidade, pois ó moverse dentro dun territorio pódese estar entrevistando de forma exploratoria a un personaxe que acabe sendo fundamental para descubrir información noutros ámbitos da súa vida, fóra da idea orixinal preconcibida.

**As fotografías:**

Partindo da base das ideas presentadas polos autores Bogdan e Bliklen (2010), esta sub-técnica aparece como complemento das técnicas anteriores, sobre todo dentro da análise documental. Por si soa non ten ningún valor, soamente como complemento das propias técnicas nomeadas con antelación. Esta sub-técnica ten un gran valor cualitativo, podendo ser realizada polo propio investigador ou como compilación de distintos lugares e épocas. Cada unha delas amosará a realidade, sen ningún tipo de distorsión, de como o obxecto de estudo estaba no momento de efectuarse a fotografía. Unha gran vantaxe é a posibilidade de ver o estado real do obxecto de estudo sen ningún tipo de distorsión debida á memoria dos comunicadores, ou de servir de confirmación a distintas conclusións extraídas doutras técnicas. Aínda que as fotografías por si soas non puideran dar un valor analítico á Disertación, ó aparecer en conxunción con outro tipo de datos pode resultar unha proba verídica de determinados aspectos que se manifestaban de forma contraditoria.

# Fundamentos e Métodos

# 2

## 2. Fundamentos e métodos

### 2.1. Estado da arte

Neste punto presuponse que o estado da arte é a posta en situación do tipo de estudo que se vai realizar, encadrándose a investigación na disciplina de urbanismo. O termo exposto de "estado da arte", tradución literal do inglés "State of the art" presenta a súa orixe no filósofo Aristóteles, aínda que sen entrar a valorar a súa ascendencia só se destaca que en outros idiomas próximos coma o español, esta expresión está usada fóra de contexto. Para a finalidade que ten nesta Disertación debería ser substituída por "situación actual dun determinado obxecto", pois iso é realmente ó que se refire, unha posta en situación de como se está tratando e que é o que se coñece dun determinado asunto dentro dunha determinada área de investigación. Deste modo, este punto confeccionará o trazado que sustente este tipo de problemática a través da fundamentación doutros autores, vendo como se está tratando o tema  e como se encadra este tipo de investigación.

Para comezar, dicir que este tipo de Disertación é unha liña clara de investigación que se está desenvolvendo en moitas universidades de arquitectura e urbanismo. Unha forma clara de poñer en práctica unha ampla variedade de aspectos urbanos a través dun caso de estudo particular. Exemplos concretos deste tipo de traballos son *La forma del centro histórico de Granada: morfología urbana, tipología edificatoria y paisaje urbano* de Carlos Jerez Mir pola Universidade de Granada; *Del proyecto urbano a la producción del espacio: morfología urbana de la ciudad de Pelotas, Brasil (1812-2000)* de Paulo Roberto Rodrigues Soares pola Universidade de Barcelona; *Forma urbana e uso do espaço público. As transformaçoes no centro de Uberlândia, Brasil* de Maria De Lourdes Pereira Fonseca pola Universidade Politécnica de Catalunya; *Forma Urbana, Paisagem e meio ambiente. Estudo dos processos de crescimento Urbano-Turístico no litoral Catarinense* de Almir Francisco Reis pola Universidade Federal de Santa Catarina en Brasil; *Morfologia Urbana Espinhense (1863-1913)* da arquitecta Carla Marina Gonçalves de Castro da Faculdade de Letras da Universidade do Porto; e moitos outros exemplos que se poden atopar nos diferentes estudos das universidades de arquitectura e urbanismo a nivel internacional, que nos mostran aspectos como os que se abordarán ao longo desta Disertación.

Tamén na liña de investigación desenvolvida no tema do urbanismo, na Escola Superior Gallaecia vénse abordando esta temática, sempre co nexo común, igual que se viu en exemplos doutras universidades, de poñer un caso particular como base de distintos aspectos teóricos urbanos. Así nesta dirección realizáronse Disertacións como a de Jorge Fernández Fernández, *Allariz: Transformación Morfolóxica* no ano 2012; a de Hélder F. Oliveira Rodrigues, *Evolução e Transformação da Estrutura Urbana da Vila de Caminha e sua Morfologia* no ano 2011; ou a de Borja Docampo Boubeta, *Moaña: Transformación da súa Morfoloxía* no ano 2010. As cales se desenvolven na mesma liña que se sitúa esta investigación, a de analizar a forma urbana de Rianxo a través da súa morfoloxía.

Outra liña de motivacións polas que se efectúa este tipo de estudo é por finalidades urbanas prácticas, unha análise morfolóxica que en certa medida aparece recollida nos distintos PXOMs(1) que percorren os concellos da Galiza. De feito, nesta liña pódense albergar traballos como: o de Vitor Oliveira (2011) e a súa abordaxe sobre os plans municipais de O Porto e Lisboa na súa obra *Avaliação em Planeamento Urbano*, plans existentes en Portugal con finalidades paralelas aos nomeados PXOMs galegos; ou o do Arquitecto Paulo Guerreiro (2009) e a súa obra *Esposende, Ensaio Urbano, de vila a cidade*, onde se recolle unha completa analítica da morfoloxía da vila, a cal podería ser recollida en actuais ou futuras consideracións urbanas, no sentido en que este tipo de análise é unha ferramenta clave para poder normativizar o territorio. Neste sentido o autor salienta que: *"O processo transformador da morfologia da vila (...) o aglomerado só poderia expandir-se linearmente ao longo da via, uma vez que as outras vias não se apresentavam infra-estruturadas(...)"* (2009, p.105) Onde se pode ver unha observación clara dunha situación determinada que poderá ser recollida en futuras normas do lugar de estudo, como este tipo de estudos pretenden.

Esta investigación non vai máis que na dirección que tiñan moitos teóricos urbanistas que coas súas ideas intentaron buscar métodos e formas de coñecer e estudar as cidades. A selección concreta destes métodos é o que se despregará neste tipo de estudo.

Nunha tarefa no ámbito da teorización da morfoloxía urbana, hai que comezar situando que é a devandita morfoloxía, como se está tratando e quen son os urbanistas e as ideas que dan orixe ás distintas opcións que se teñen a día de hoxe para fundamentar un traballo desta natureza.

Desta forma, pódese comentar como se está xustificando o tema fundamental desta Disertación que non é máis que a análise morfolóxica como instrumento para o coñecemento do urbanismo dun lugar determinado. Neste sentido, Teresa Valsassina Heitor (2001) na súa obra *A vulnerabilidade do espaço em Chelas uma abordagem sintáctica* expón deste modo que:

> *"O termo "morfologia -do grego morphe + logos- según associado ás formas e alterações que a matéria orgânica pode experimentar... morfologia designa tratado da forma: tratado porque faz referência a um estudo sistemático: forma, porque a realidade abordada por esse estudo está radicalmente vinculada a uma determinada configuração ou estrutura física. (…) A morfologia urbana visa o estudo da cidade a partir da sua forma, isto é o estudo do espaço e das formas construidas de cuja relação surge o que se designa por tecido urbano. A morfologia urbana procura, portanto, caracterizar a forma urbana e, através das suas descrição e análise, interpretar a partir dela a lógica das suas organização e composição."* (2001, p-17)

(1) PXOM: Os Plans Xerais de Ordenación Municipal clasificarán o solo para o establecemento do réxime xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución. (fonte: Lei 9/2002 Ord. urb. e protección do medio rural de Galicia. LOUGA)

Así mesmo, a parte de coñecer as orixes do termo morfoloxía, tamén presenta a utilidade deste método de análise, pois a orixe dunha organización urbana é algo básico para un traballo deste tipo, para poder coñecer o desenvolvemento urbano do pobo ademais de poñer sobre a mesa o posible problema da relación do proxecto coa análise (2001, p-21) *"Na prática, a grande maioria dos atuais problemas da arquitetura e do urbanismo colocam-se precisamente em torno da relação análise/projeto."* Razoamento do cal se extraen tres cuestións moi identificadoras como: a reconfiguración de centros urbanos; a transformación de baleiros urbanos; e a conformación das periferias. Tres ideas que se irán desenvolvendo de forma subxacente no transcurso desta investigación.

Con esta liña máis teórica tamén se pode encadrar neste ámbito de traballos a tese de Mário Gonçalves Fernandes (2002) presentada á Faculdade de Letras da Universidade do Porto, para a obtención do Grao de Doutor en Xeografía co título: *Urbanismo e Morfologia urbana no Norte de Portugal*, onde realiza unha abordaxe menos concreta dende o punto de vista do caso particular pero de gran importancia para o acompañamento teórico. Así vai deixando avances do que se tomará nesta propia Disertación para formar parte da fase analítica, como *"A mancha edificada registou alterações que contribuíram para a modificação da morfologia dos centros urbanos. No entanto, para além da variação quantitativa, em termos de número de fogos, foram as alterações qualitativas que mais marcaram aquela transformação morfológica."* (2002, p.370) Onde deixa presente a importancia da mancha edificada, despregada neste estudo de forma analítica; os centros urbanos, detallados a seguir de forma teórica; as variacións cuantitativas, as cales serán tamén desenvolvidas a través da parte analítica; nº de fogos, observando o crecemento e variación coa visión de unidade, e non como unha masa única, moi relacionado co mencionado crecemento cuantitativo.

Así pois, é destacable que na parte previa da breve contextualización, foi onde se nomearon os grandes urbanistas como: Aldo Rossi (1971), Philippe Panerai (1983), Bernardo Secchi (2006), Gianfranco Caniggia (1997), Carlo Aymonino (1997), etc... os cales son os responsables de moitas ideas actuais sobre o urbanismo (morfoloxía, centros urbanos, análise urbano, sucesión de fases,...) que se están empregando como base a calquera estudo urbano. Estas ideas fundamentais serán as que se irán abordando para a realización desta investigación, de igual maneira que son as liñas comúns que seguen as distintas obras expostas neste apartado. O que se está realizando, como foi comentado nos distintos exemplos deste estado da arte, é un desenvolvemento práctico, onde se recollen dos máis variados casos de estudo sobre distintos aspectos das grandes liñas teóricas do urbanismo. Tamén de forma máis recoñecida existen na actualidade varios personaxes que se encamiñaron nesta dirección e que realizaron traballos deste ámbito. Así José Lamas (2004) coa súa obra *Morfologia Urbana e desenho da cidade*; Kevin Lynch (1984) con varias obras como é *A imagem da cidade*; ou incluso Álvaro Domingues (2009) con *A rúa da estrada*; son na actualidade referencias neste ámbito.

### 2.2. Conceptos e teoría.

Este apartado é a chave da investigación teórica. Nel expóñense as distintas teorías que se van encadrando particularmente en cada aplicación práctica, como se viu no punto anterior e en base ás liñas de investigación do seguinte apartado metodolóxico.

Desta forma realizarase un encadramento teórico de cada obxectivo dos que se propoñen dar resposta no transcurso da parte analítica. De igual forma realizarase unha concreción sobre o caso de estudo dos distintos indicadores que se poidan extraer da parte teórica. Así, a continuación disponse dos distintos encadramentos que sustentan a análise de Rianxo:

**►Encadramento teórico sobre o centro urbano:**

O centro urbano encádrase teoricamente en base ó primeiro obxectivo, o de identificar os procesos de transformación do centro urbano de Rianxo ao longo da segunda metade do século XX.

Os urbanistas Gianfranco Caniggia ou Carlo Aymonino (1997) fan unha introdución do que é a problemática dos centros urbanos, así *"(...) un centro como lugar único de la existencia de una ciudad (...) esto es observable más allá de las diversas atribuciones morfológicas que pueden darse en los distintos aglomerados urbanos"* (1997, p.140)

O investigador Percy Acuña Vigil (2005) no seu traballo *Análisis formal del espacio urbano, aspectos teóricos* expón con respecto ó centro urbano que:

> *"Los centros urbanos tienen un carácter focal y nodal que las separa económicamente y físicamente de su área de influencia. La extensión en que cada una de las funciones urbanas sirve a su población tributaria, en contraste a la producción de bienes y servicios para consumo interno, es lo que constituye la fuerza de la base económica de cada centro urbano.(...) Sin embargo el concepto y la realidad de lo que es urbano no es estático sino que hoy día el concepto esta sometido a continuos cambios que se derivan de nuevas condiciones. El concepto de ciudad mercado a cambiado, también el mismo concepto de centralidad y de base económica"* (2005, p.63)

Onde se extraen unha serie de indicadores a valorar no caso de estudo.

| Indicadores/ categorías/ pautas | Técnica/ instrumento | Fonte/suxeitos | Criterios de selección |
|---|---|---|---|
| Lugar concreto orixinario | Análise documental | Libros, planos, fotografías,... | *A (Ver nota) |
| | Observación directa | No local, fotografías aéreas,... | *B (Ver nota) |
| Carácter focal | Análise doc. | Libros, estadísticas,... | *C (Ver nota) |
| | Obs. directa | No local | *D (Ver nota) |
| Base económica | Observación directa | No local, datos estadísticos,... | *E (Ver nota) |

**Cadro 1**: Cadro onde se presentan os distintos medios para resolver cada indicador.

*Notas:

A Para dar resposta ó indicador correspondente, neste caso hai que atopar cal é a orixe da poboación de Rianxo, polo que a análise documental de libros antigos, fotografías antigas, planos antigos... parece ser a mellor opción para identificar cal é o suposto centro. Este tipo de documentación pode localizarse na casa do Concello, na biblioteca municipal e en distintas dependencias oficiais.

B Polo que se refire á solución deste indicador, neste caso concreto a través da observación directa sobre o terreo, convértese nunha arma fundamental na realización da pescuda informativa, pois o que existe a día de hoxe é o legado histórico e a fase máis próxima da evolución urbana. Como axuda á visualización "in situ" tamén son dispostas unha serie de fotografías aéreas extraídas de diversas fontes establecidas en páxinas de internet ou cedidas polo Arquitecto técnico Martín Gómez, o cal é propietario dunha ampla colección de fotografías antigas e aéreas, estas últimas realizadas de modo persoal.

C Para chegar a unha resolución deste indicador, hai que encontrar cal é na actualidade o centro focal da vila, o centro que está atraendo aos distintos aspectos (económicos, mercantís, comercio,...). Esta centralidade pódese achar en documentos do concello ou en información do Instituto Nacional de Estatística, o cal recolle datos obxectivos dos máis heteroxéneos aspectos da vila e a súa poboación.

D Na actualidade, a opción máis acertada para localizar cal é o centro focal da vila é a observación directa, que reflexa a día de hoxe como se presentan e conectan as distintas partes e aspectos que a condicionan. Unha grande axuda para situar este centro pode darse coa observación directa os días de mercado, o cal se realiza en dous días distintos da semana (mércores e domingo), e son días nos que o centro se enche de xente que aproveita para realizar distintas compras e transaccións varias en lugares distintos do pobo.

E En canto á identificación de cal é na actualidade o centro económico poden realizarse as mesmas técnicas que se usaron para achar o centro focal. Pois realizando unha observación dos movementos económicos nas distintas partes da vila ou apoiándose nos distintos datos estatísticos do IGE, pódese chegar a conclusións de igual maneira que para definir o centro focal. De feito, sería lóxico que existiran diferentes formas de comunicación e interrelación entre estes "centros".

Un plano realizado nas fases de estudo previamente marcadas, onde se identifiquen os distintos equipamentos achados en cada unha das fases, sería de gran valor para dar unha resposta visual e clara do exposto neste punto, xa que se poderían ver en cada etapa os distintos servizos existentes. Realizando unha disposición gráfica do que realmente se dispoñía en cada momento. Nesta serie de planos poderase observar a evolución de todos os servizos ou espazos que sexan predefinidos. (Espazos verdes públicos, edificios relixiosos, de servizos sanitarios, públicos, educativos, culturais, edificacións ocio-deportivas ou edificacións industriais).

**►Encadramento teórico sobre a morfoloxía urbana:**

Salientar que a morfoloxía urbana estase encadrando teoricamente en base ó segundo obxectivo, o cal se desenvolvía no eido de definir os principais elementos que determinan a configuración actual da forma urbana do centro de Rianxo.

José Lamas (2004) na súa obra *Morfología Urbana e desenho da cidade* abarca este tipo de actuación, deixando constancia de que:

> *"O termo morfologia utiliza-se para designar o estudo da configuração e da estrutura exterior de um objeto. (...) podemos clarificar três pontos:*
>
> *- a morfologia urbana é o estudo da forma do meio urbano nas suas partes físicas exteriores, ou elementos morfológicos, e na sua produção e transformação no tempo;*
>
> *- um estudo da morfologia urbana ocupa-se da divisão do meio urbano em partes e da articulação destes entre si com o conjunto que definem. O que remete para a necessidade de identificação e clarificação dos elementos morfológicos, quer em ordem à leitura ou análise do espaço quer em ordem à sua conceção ou produção;*
>
> *- um estudo do morfológico deve ter em conta os níveis ou momentos de produção do espaço urbano."*

Desta forma, co apoio no descrito polo autor, realízase unha enumeración clara das pautas a seguir para o desenvolvemento, sobre o caso práctico, da análise morfolóxica. Extraendo para o seguinte cadro os distintos indicadores destacados na referencia mostrada.

| Indicadores/ categorías/ pautas | Técnica/ instrumento | Fonte/suxeitos | Criterios de selección |
|---|---|---|---|
| Transformación no tempo | Análise documental | Libros, planos, fotografías,... | *F (Ver nota) |
| | Observación directa | Local, fotografías,... | *G (Ver nota) |
| | Entrevistas exploratorias | Técnicos e veciños | *H (Ver nota) |
| Elementos morfolóxicos | Análise documental | Libros, planos, fotografías,... | *I (Ver nota) |
| | Observación directa | Local, fotografías,... | *J (Ver nota) |
| Creación de espazos | Entrevistas exploratorias | Técnicos e veciños | *K (Ver nota) |
| | Análise documental | Libros, planos, actas municipais,... | *L (Ver nota) |

**Cadro 2**: Cadro onde se presentan os distintos medios para resolver cada indicador.

*Notas:

F Neste indicador tense unha finalidade sobre a historia do lugar, onde as fontes a consultar foron libros, planos, fotografías... que existan sobre información que abarca os anos en estudo. Na cámara municipal, co arquitecto Emilio Piña, no Arquivo do Reino de Galicia ou en distintos medios da Xunta de Galicia pódense reunir os distintos planos que houbo en Rianxo nos últimos anos. Co arquitecto técnico Martín Gómez e na Cámara municipal púidose recompilar información e fotografías das do centro urbano e na biblioteca municipal poden acharse datos que expliquen a historia das últimas décadas.

G Para a observación directa disponse tanto do propio local a estudar como de fontes fotográficas. Estas poden ser realizadas actualmente ou ben facilitadas por colaboradores como o arquitecto técnico Martín Gómez, o artista Nuco ou o historiador afeccionado Tito o Dulceiro.

H Nesta categoría dispúxose dunha gran axuda externa, tanto por parte de funcionarios do concello (Santiago Mosquera Alcalde, delineante municipal), como por técnicos (arq. Martín Gómez), ou veciños en xeral, coa vantaxe compartida de que todos eran habitantes de Rianxo, con certa visión ao longo dos anos sobre o sucedido urbanisticamente e con coñecemento propio do lugar.

I Neste indicador dáse unha busca sobre os elementos que dan forma a Rianxo, as fontes a consultar foron libros, planos, fotografías... que existen sobre a información que abarca os anos en estudo. Na cámara municipal, co arquitecto Emilio Piña, e co enxeñeiro Arturo Calvo Tarrío puideron reunirse os distintos planos que houbo en Rianxo nos últimos anos. Co arquitecto técnico Martín Gómez e na Cámara Municipal foi posible recompilar información e fotografías das últimas décadas do centro urbano e na biblioteca municipal pódese atopar distinta información que explique a historia das ultimas décadas a través doutros traballos realizados, como os de Xesús Santos.

J Co obxectivo de dar resposta a esta pauta a través da observación directa dispúxose tanto do propio local a estudar como fontes fotográficas, as cales se obtiveron tanto de realización actual como facilitadas polo arquitecto técnico Martín Gómez ou polo departamento de cultura do concello de Rianxo.

K Como non podería ser doutra forma, neste indicador facilitouse unha gran axuda de carácter externo, tanto por parte de funcionarios do Concello como Santiago Mosquera Alcalde (delineante municipal), como polo técnico Martín Gómez (Arquitecto), como por veciños en xeral, coa vantaxe compartida de que todos serán habitantes de Rianxo e moita xente saberá en que momento se creou cada espazo, abriu cada rúa...

L A escolla desta técnica ten moito que ver con esta característica en concreto, pois sempre se parte do principio de que todo está escrito, e no arquivo municipal existe documentación sobre cando se realizou cada obra, tanto privada como pública.

Este encadramento pode ser abordado durante a parte descritiva a través dun esquema que vaia representando durante cada fase a evolución da parte construída. Indicando as formas e direccións do crecemento e o seu efecto distributivo sobre o terreo. Para a creación de espazos tamén será interesante realizar un plano coas distintas zonas verdes públicas que se foron realizando ó longo das etapas, para poder ter unha visión xeneralizada deste tratamento determinado, igual que a evolución das prazas públicas, tamén moi relevante para a análise deste tipo de encadramento.

►**Encadramento teórico sobre dispositivos tipo-morfolóxicos:**

Este encadramento sitúase teoricamente no terceiro obxectivo desta Disertación, o de indicar cal é o papel dos dispositivos tipo-morfolóxicos que estruturan o centro urbano de Rianxo para a recualificación do seu espazo urbano.

O investigador Percy Acuña Vigil (2005) no seu traballo *Análisis formal del espacio urbano, aspectos teóricos* expón con respecto ós dispositivos que inflúen na forma urbana que *"(...) forma urbana (...): el contorno, el trazado, el de las vías principales, la posición de las plazas, los monumentos, la localización de los grandes equipamientos."* (2005, p.143)

A idea de conxugar tipoloxía e morfoloxía (tipo-morfolóxico) nace en Aldo Rossi (1971), así na súa obra *La Arquitectura de la ciudad* describe que: *"La forma en que realizan los tipos edificatorios residenciales, el aspecto tipológico que les caracteriza, está estrechamente vinculado a la forma urbana."* (1971, p.112)

Por último, o urbanista Vittorio Gregotti (1972) abarca a importancia de conxugar tipo e uso das edificacións con respecto á forma que vai collendo a cidade. Dándolle importancia e deixando constancia de como se hai que mover en base a certos servizos que se ofrecen na cidade ou dentro dela, así na súa obra *Territorio da Arquitectura* deixa constancia de que:

> *"(...) a cidade ofrécenos o sistema mais adequado para reduzir ao mínimo o controlo social, mais ampla liberdade de trabalho em termos a escolha, de organização sindical, etc..., facilita a mobilidade social, oferece uma gama de serviços e diversão mais ampla e um mais elevado nível de sistemas educativos e sanitários. Além disso, a cidade induz o indivíduo a considerar-se centro de uma situação, protagonista, de certo modo mais direto, de uma dinâmica de desenvolvimento, e considerar-se habitante de um ponto do território historicamente privilegiado(...)"* (1972, p.68)

Así mesmo, con esta base teórica, poden extraerse as seguintes pautas para a parte analítica sobre Rianxo.

| Indicadores/ categorías/pautas | Técnica/ instrumento | Fonte/suxeitos | Criterios de selección |
|---|---|---|---|
| Situación elementos | Análise documental | Libros, planos, fotografías,... | *M (Ver nota) |
| | Observación directa | Local, fotografías aéreas | *N (Ver nota) |
| Cambios na forma | Análise documental | Libros, planos, fotografías,... | *O (Ver nota) |
| | Observación directa | Local, fotografías aéreas | *P (Ver nota) |

**Cadro 3**: Cadro onde se presentan os distintos medios para resolver cada indicador.

*Notas:

M Unha tarefa desta natureza, como é a abordaxe concreta deste tipo de indicador, ten moito que ver coa escolla desta técnica, pois como se ten comentado, todo está escrito, sobre todo este tipo de información que aborda a situación e emprazamento de determinados elementos. Para realizar unha acometida neste ámbito houbo que acudir tanto ó arquivo municipal, coma a fotos cedidas polo arquitecto Martín Gómez ou a planos de distintas épocas facilitados polos arquitectos Emilio Piña e Carlos Coto. Na pescuda de planos tamén houbo que recorrer a certa documentación depositada no Arquivo do Reino de Galicia. Toda esta información foi fundamental para poder ver e identificar as alteracións padecidas polos novos elementos que se foron sucedendo no transcurso das últimas décadas definidas nesta investigación.

N Como xa se ten abordado, a observación directa pódese realizar *"in situ"* sobre o propio local e na época presente, sendo a parte máis salientable desta técnica, a de poder levarse a cabo encima do propio elemento de estudo a través do propio investigador. A localización de elementos caracterizadores ten na propia visión directa a mellor técnica de recolla de información, esta pode ser tamén a través de fotografías tanto a pé de rúa como aéreas facilitadas por servidores como o Sig-Pac ou o Google Earth.

O Para poder analizar os cambios sufridos na forma do centro de Rianxo nas últimas décadas, dentro do período de estudo, a análise documental esixe a precisión para determinarse a través da documentación que xa foi comentada anteriormente, en outros indicadores abordados ca análise documental, estase falando de información facilitada no Arquivo do Reino de Galicia, no arquivo municipal, en fotos cedidas polo arquitecto técnico Martín Gómez ou en planos de distintas épocas facilitados polos arquitectos Emilio Piña ou pola oficina da área de rehabilitación ARI de Rianxo, co seu director o arquitecto Carlos Coto.

P A observación directa, como xa ten sido comentado, ten a vantaxe de poder abordar este indicador ó poderse levar a cabo sobre a propia área de estudo, e o máis importante é que se pode desenvolver na actualidade. A análise dos cambios de forma ten na propia visión directa a mellor técnica de recolla de información, esta puido despregarse tamén a través de fotografías tanto a pé de rúa como aéreas facilitadas por servidores como o Sig-Pac ou o Google Earth ou en planos de distintas épocas como os da oficina do catastro ou as fotos aéreas facilitadas polo arquitecto Emilio Piña ou o arquitecto técnico Martín Gómez.

Este encadramento teórico sobre os dispositivos tipo-morfolóxicos pode ser resolto e representado a través dunha serie de planos onde se represente por un lado a forma adquirida e noutro sentido, onde se identifiquen os equipamentos existentes en cada etapa da perspectiva anterior. Realizando así, na parte analítica esta serie de desenvolvementos en base ós indicadores que se acaban de extraer. Este debería ser o modo de poder comprobar realmente se a forma cambiou ou evolucionou con respecto ós distintos servizos facilitados en cada época previamente establecida.

**►Encadramento teórico sobre elementos reguladores para a análise urbana:**

Os elementos reguladores para a análise urbana encádranse teoricamente en base a todos os obxectivos, pois nos tres vistos ata o de agora se facía referencia ás distintas épocas en que se observarían os elementos reguladores de Rianxo.

Os autores Panerai *et al* (1983) na súa obra *Elementos de Análisis Urbano* dan as claves para seguir a forma de crecemento anteriormente mencionada, aparecendo exposto da seguinte forma:

> *"Si algunos crecimientos se desarrollan según las disponibilidades de terreno, con consecuencias sobre zonas urbanizadas débilmente estructuradas, otros, sin embargo, se apoyan en las disposiciones físicas que les ordenan. (...) Los elementos reguladores son elementos físicos, configuraciones materiales, construcciones sobre las que se apoya el crecimiento. (...) El crecimiento es ordenado físicamente por el juego de dos clases de elementos: los que lo ordenan (lineas y polos de crecimiento) y los que lo contienen (barreras y límites)"* (1983, p.38-40)

Extraendo así de forma clara os seguintes indicadores, os cales serán clave na análise urbana, pois os elementos de ordenación e contención serán das pautas máis específicas da parte analítica.

| Indicadores/ categorías/pautas | Técnica/ instrumento | Fonte/ suxeitos | Criterios de selección |
|---|---|---|---|
| Elementos de ordenación | Observación directa | Local, fotografías,... | *Q (Ver nota) |
| | Entrevistas exploratorias | Veciños | *R (Ver nota) |
| Elementos de contención | Observación directa | Local, planos, fotografías,... | *S (Ver nota) |
| | Entrevistas exploratorias | Veciños | *T (Ver nota) |

**Cadro 4**: Cadro onde se presentan os distintos medios para resolver cada indicador.

*Notas:

Q O obxectivo principal que desempeña a observación directa sobre os elementos de ordenación pódense realizar "in situ" sobre o propio local, pois a localización de elementos ordenadores do centro teñen na propia visión directa a mellor técnica de recolla de información, esta tamén se puido realizar a través de fotografías tanto a pé de rúa como aéreas facilitadas por diversos servidores como o Sig-Pac ou o Google Earth.

R A entrevista exploratoria mostra unha gran vantaxe neste indicador, pois calquera veciño é testemuña de como se ordena o interior dunha poboación, sen unha necesidade de información especializada. A parte disto, funcionarios do Axuntamento como Santiago Mosquera (funcionario en Urbanismo) ou Carlos Coto (arquitecto do ARI) serviron de apoio dende un punto de vista técnico.

S A observación directa sobre os elementos de contención realízanse "in situ" sobre o propio local, pois a localización de elementos que conteñen a día de hoxe o pobo teñen na propia visión directa a mellor técnica de recolla de información, esta pode ser tamén a través de fotografías tanto a pé de rúa como aéreas facilitadas por servidores como o Sig-Pac ou o Google Earth.

T A entrevista exploratoria pode ser un bo complemento para este indicador, pois calquera veciño pode ser testemuña de como se ordena, move e sobre todo limita unha poboación, sen unha necesidade de información especializada. A parte disto, funcionarios do Axuntamento (como Santiago Mosquera o delineante municipal, ou Carlos Coto o arquitecto do ARI...) poden servir de axuda dende un punto de vista técnico de como existen límites ó crecemento de desenvolvemento do centro de Rianxo.

Despois de ter os propios obxectivos fundamentados, séguese con outros encadramentos teóricos os cales saen directamente da teoría existente a cal se aplicará ó estudo de caso. Tanto estes comentados como os primeiros obxectivos terán un reflexo no que estudar en Rianxo. Son extraccións directas do estudo da arte realizado, no cal se identificaron variedade de ideas con posibilidade de aplicación sobre Rianxo.

**►Encadramento teórico sobre o <u>centro urbano</u>:**

Anteriormente xa foi exposto teoricamente o centro urbano. Neste apartado o que se realiza é unha extrapolación dos indicadores salientados previamente para a súa busca particular no estudo de caso, en Rianxo. Así, no cadro a seguir aparecen expostos estes indicadores mencionados de forma xeral sobre o centro urbano e a forma na que se debe aplicar ó lugar concreto de análise:

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Lugar concreto orixinario | Atopar a orixe do pobo, onde se orixinou a actual poboación. |
| Carácter focal | Atopar o centro do pobo, onde se desenvolven os distintos epicentros. |
| Base económica | Que partes do pobo son máis importantes economicamente ou cales atraen dita economía. |

**Cadro 5**: Cadro onde se concreta o que buscar dentro de cada indicador.

Como foi comentado anteriormente, no punto equivalente do centro urbano, e ás vistas do determinado neste novo apartado, parece claro que a busca resolutiva debería pasar pola elaboración dun esquema onde se distribúan os distintos equipamentos existentes en cada época, polos motivos xa mencionados. O xerme orixinario da poboación poderá ser abordado na parte de caracterización do caso de estudo, indagando nos aspectos históricos.

►**Encadramento teórico sobre a <u>morfoloxía urbana:</u>**

Con anterioridade xa foi exposta teoricamente a morfoloxía urbana. A continuación o que se realiza é unha extrapolación dos indicadores salientados anteriormente para a súa busca particular no estudo de caso, en Rianxo. Así, no cadro a seguir aparecen reflectidos os distintos indicadores de morfoloxía urbana e a forma na que se poden aplicar ó lugar concreto que se está analizando.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Transformación no tempo | Como foi cambiando Rianxo na ultima metade de século.<br>Distintas datas para tomar como referencia:<br>1956 – 1973 – 1984 – 1999 - 2012 (Actualidade) |
| Elementos morfolóxicos | Elementos urbanos que marcan a distribución de Rianxo na súa forma. |
| Creación de espazos | Ver elementos característicos actuais en que momento foron creados. |

**Cadro 6**: Cadro onde se concreta o que buscar dentro de cada indicador.

Como foi referido no punto específico da morfoloxía urbana, as respostas directas ó que buscar dentro da particularidade do caso de estudo pode vir dado por un esquema representativo das superficies e de determinados elementos desenvolvidos en cada fase.

►**Encadramento teórico sobre <u>dispositivos tipo-morfolóxicos</u>:**

De modo precedente xa foron expostos teoricamente os dispositivos tipo-morfolóxicos. Neste apartado o que se realiza é unha extrapolación dos indicadores salientados anteriormente para a súa busca particular no estudo de caso, en Rianxo. Así, no cadro a seguir aparecen expostos estes indicadores xerais sobre os dispositivos tipo-morfolóxicos e a forma na que se aplican ó lugar concreto de análise.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Situación elementos | Onde se sitúan os elementos máis característicos da distribución de Rianxo |
| Cambios na forma | Nas épocas marcadas anteriormente como referencia:<br>1956 – 1973 – 1984 – 1999 - 2012 (Actualidade)<br>Ver como foi evolucionando a distribución e extraer os motivos en base a que sufriu os distintos cambios. |

**Cadro 7**: Cadro onde se concreta o que buscar dentro de cada indicador.

Como xa se ten avanzado, parece que a resposta clara á busca concreta podería realizarse a través dun cruzamento entre a mancha representativa da superficie edificada e os puntos específicos dos distintos equipamentos distribuídos en cada unha das etapas.

**►Encadramento teórico sobre elementos reguladores para a análise urbana:**

De forma precedente xa foron expostos teoricamente os elementos reguladores para a análise urbana. A continuación o que se realiza é unha concreción dos indicadores salientados con antelación para a súa busca particular no estudo de caso. Así, a continuación aparecen reflectidos os distintos indicadores dos elementos reguladores para a análise urbana e a forma na que se poden aplicar ó lugar concreto que se está analizando.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Elementos de ordenación | Atopar os eixes que ordenan Rianxo a día de hoxe. |
| Elementos de contención | Atopar os elementos que están limitando o crecemento fisicamente. |

**Cadro 8**: Cadro onde se define o que buscar dentro de cada indicador.

Neste punto deberíase de destacar a conxugación xeral que deberán presentar estes elementos, pois atoparase necesaria a introdución destes elementos en cada análise realizada, pois tanto en infraestruturas, como equipamentos, ou outro estudo preciso será necesario destacar estes tipos de ordenación e contención.

A continuación realízanse os mesmos encadramentos teóricos pero en base a outras lecturas realizadas e ideas exportadas de outros autores e teorías as cales quedaron fora dos obxectivos desta Disertación. Indicadores alternativos dos obxectivos principais pero con valor propio para a análise do caso de estudo.

**►Encadramento teórico sobre entornos urbanos de Nikos Salíngaros:**

O arquitecto Nikos Salíngaros (2004) na súa obra *Principios de Estructura Urbana* manifesta como as cidades foron medrando e construíndose sen ter en conta máis que o obxecto a construír, sen recoñecer a súa contorna, así:

> *"...la mayor parte de los planificadores adoptaron tipologías urbanas que son esencialmente anti-urbanas. Cada edificio ignora su entorno y opta por ser independiente de CUALQUIER contexto (...) No solamente no se tienen en consideración las conexiones locales sino que están explícita-mente excluidas, haciendo imposible conectarse con los edificios vecinos. Se espera, ingenuamente, que el nuevo edificio se conectará enseguida con la ciudad entera mientras que se ignora totalmente los costes prohibitivos de transporte en hacerlo así. Aun así, esta manera de hacer refleja, simplemente, la filosofía moderna de planeamiento de no hacer concesiones al entorno, lo cual significa ausencia de conectividad local."* (2004, p.53)

Aínda que coa exposición do autor no parágrafo anterior, o que se podería extraer sería un tipo de conectividade a nivel social, onde se habería que introducir de pleno no campo da socioloxía, aplicada neste caso á parte das vivencias urbanas; o que se obtén realmente é un tipo de conexión dentro da liña que se está expoñendo de forma concreta, ou incluso dentro da liña teórica na que se encadrará este autor no punto a seguir, que é un tipo de conexión tipo-morfolóxica. Unha conexión directa entre o establecemento de certos edificios particulares e a súa influencia directa sobre a posible variación da forma urbana na que se establece.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Conectividade local | Tipos de conexións entre as edificacións existentes, sobre todo as obras públicas con respecto ó existente |

**Cadro 9**: Cadro onde se define o que buscar dentro de cada indicador.

Para a concreción analítica deste tipo de indicador, sería de gran utilidade unha representación visual xa anunciada anteriormente, como pode ser a realización dun esquema a través dun cruzamento entre a mancha representativa da superficie edificada e os puntos concretos dos distintos equipamentos distribuídos en cada etapa.

**►Encadramentos varios de Gordon Cullen:**

Este autor, pertencente a un tipo de abordaxe morfolóxico interesante para este tipo de traballo, como se verá no seguinte punto, exponnos na súa obra *Paisagem Urbana* (1983), unha serie de regras que se poderían perfectamente encadrar na aplicación deste caso deste estudo, devido aos paralelismos claros presentados na obra con respecto a Rianxo. Así son expostas a continuación varias pautas a tomar en conta para a parte analítica:

*"A função de unha cidade deve tornar-se evidente, após uma simples vista de olhos pela planta. Isto resulta obviamente evidente porque a organização dos seus elementos reflete certas linhas de forza que representam igualmente uma combinação de circunstancias que estiveram na origem da cidade."* (1983, p.113) Con esta afirmación está dando a idea de ter que realizar a través dos ollos do que realizará o estudo de caso unha análise visual, sendo unha ferramenta fundamental para a localización das determinadas liñas de forza que se vaian extraendo das revisións das distintas formas de representar os estados do caso particular.

En outro momento o autor describe como se debería distribuír unha poboación que linde co masas de auga en xeral: *"...tanto ao longo do rio, como do mar, a ocupação da encosta faz-se por terraços, plataformas sucessivas..."* (1983, p.121) Aparecendo unha descrición clara de como se debería comportar Rianxo, que como xa vimos é un caso de vila mariñeira e onde hai que comprobar o tipo de asentamento que se dar con respecto ó mar e corroborar se segue as indicacións propostas polo autor.

O tema da auga é referido en outro momento por Cullen (1983) xa que deixa constancia de que: *“A auga fornece-nos o exemplo mais óbvio, porque a transição entre esta e a terra constitui o maior contraste psicológico. Cidades à beira-mar deveriam viver sobre o mar,(...) Para a cidade do litoral, o mar é a sua razão de ser...”* (1983, p.192) Onde formula unha clara visión e percepción particular de como se deberían comportar as poboacións, igual que o caso particular de Rianxo, que viven pegados e influídos directamente polo mar.

Outro indicador que transmite o autor de forma particular é a busca de posición clave dentro do tecido urbano. Como buscar determinados elementos que se sitúen en lugares privilexiados ou dean lugar a concentracións particulares. Así: *“(...) posição chave (...) uma tal localização poderia ser ocupada por edifícios que geralmente acentuam o carácter urbano da cidade (...)"* (1983, p.108) Este indicador é moi útil para a localización de distintos focos ou zonas vantaxosas, as cales se poden visualizar a través dos distintos planos ou esquemas que se realicen dos distintos equipamentos distribuídos pola área de estudo.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Liñas de forza | Extraer estas liñas de forza que deberían existir en Rianxo |
| Ocupación | Comprobar se en Rianxo se da esa teorización de asentamento ó lado do mar e en que circunstancias. |
| Auga | Ver se a auga é un elemento tan destacado no urbanismo de Rianxo. |
| Posición Clave | Ver se existen edificios que se sitúen de forma vantaxosa e atopar esas posibles zonas. |

**Cadro 10**: Cadro onde se define concretamente o que buscar dentro de cada indicador.

Estas propostas tomadas de Gordon Cullen deberán ser exploradas de forma teórica despois de estudar os distintos elementos de análise realizados ó longo dos principais aspectos de transformación. Ademais varios destes indicadores son fundamentais para a elaboración das distintas conclusións sobre o estado e evolución da morfoloxía urbana, sendo previamente tratada na parte analítica.

**►Encadramentos varios de María José Rodríguez-Tarduchy:**

Na súa obra Forma y Ciudad (2011) aparece un claro guión de como realizar un tipo de análise das características dun caso de estudo particular en base ás distintas teorías que a autora esgrime na actualidade para dar pé a unha análise coma a de Rianxo ou dun caso de estudo de características similares. Como se verá no seguinte punto esta autora fai unha escolla de similares características ás liñas teóricas realizadas nesta investigación.

> *"En el análisis morfo-tipológico de las ciudades los equipamientos colectivos constituyen un sistema (...) Los equipamientos son piezas de referencia en el territorio; algunos de ellos, como los asistenciales, los de la sanidad o la educación responden a necesidades imperativas de los ciudadanos, otros, como los cultural/social/recreativos son opcionales y, en ocasiones, pueden satisfacerse en círculos privados. (...) Los equipamientos son un conjunto de usos y actividades de carácter público o privado destinados a proveer a los ciudadanos de las prestaciones y servicios que posibilitan su bienestar y desarrollo integral (...) La impronta de estos edificios en la ciudad es morfológica pero también estructural por la relevancia de sus funciones y la intensidad de su uso, que los convierte en piezas ordenadoras y en polos de actividad dentro de la estructura urbana."* (2011, p.296-299)

A autora acaba de definir a relación do tipo ca forma, xa que seguindo a liña teórica traída e explicada no seguinte punto, acaba de especificar o tipo ó que se lle pode culpar do cambio da forma, como di, unha forma que pode variar en base a certos tipos de edificios específicos, de equipamentos que inflúan na conformación da mancha edificada. Non como nas ideas básicas de Rossi, que facía interactuar a forma co tipo de construción na que se estivera abranguendo.

Por outro lado a autora está tamén realizando unha mostra clara do tipo de equipamentos que se deberían identificar dentro da parte analítica, clasificándoos e expoñéndoos en base ó servizo prestado ós cidadáns, que son ós que realmente se destinan estes servizos.

| Indicadores | Que buscar |
|---|---|
| Análise morfo-tipolóxica | A relación da forma que vai tomando a mancha edificada con relación a diferentes aspectos. |
| Equipamentos | Os distintos equipamentos que se distribúen por Rianxo e a súa relación ca evolución morfo-tipolóxica |

**Cadro 11**: Cadro onde se define concretamente o que buscar dentro de cada indicador.

Nestes casos extraídos, parece que se irá nas liñas avanzadas anteriormente. Por un lado habería que realizar unha serie de planos ou esquemas onde se identifiquen os distintos equipamentos existentes en cada unha das etapas de estudo. Por outro lado habería que realizar unha serie de esquemas de manchas edificadas, representacións de partes construídas,... para a correspondente análise morfolóxica, pero a clave deste punto non é a análise morfolóxica en si, senón a introdución do "tipo" dentro desa análise, polo que a finalidade aquí buscada podería ser resolta a través dun cruzamento que xa se expuxo anteriormente, superpoñendo os puntos concretos representativos dos distintos equipamentos sobre as manchas aparentes da superficie edificada que se distribuían en cada unha das fases.

## 2.3. Metodoloxías da análise morfolóxica.

Despois de repasar as fontes que fundamentan teoricamente os distintos obxectivos e as diferentes formas analíticas que de desenvolverán ao longo da investigación, e despois de ver na actualidade como se aborda este tipo de cuestión, neste punto pásase a expoñer o encadramento deses autores dentro das distintas liñas teóricas que se aplican a nivel da análise morfolóxica, situando cada metodoloxía dentro da liña que defende ou na que toma posición cada un deles.

Esta abordaxe é o repaso definitivo polas distintas visións teóricas que se teñen sobre a morfoloxía urbana, sendo un encadramento ideólogo das ideas primixenias que deron paso a todo o desenvolvido ata aquí, onde se enmarcan ideoloxicamente os principais respaldos teóricos desenvolvidos durante esta Disertación. Estes sostementos teóricos son agrupados en dous grandes grupos, como se pasa a describir.

Sería de recibo empezar nomeando a metodoloxía da escola italiana, liña de abordaxe que se concentra nos anos 50 con Saverio Muratori o cal asume a responsabilidade da cátedra da Escola Italiana e intenta implantar a construción dunha estrutura teórica crítica sobre a explicación da creación e transformación da forma urbana ao longo dos séculos, en contra das outras vertentes existentes na época que provocaban unha falta de unanimidade á hora de abordar a forma analítica da morfoloxía urbana. Académicos, Racionalistas e Orgánicos eran as tres grandes forzas teóricas. Resultante desta época, Muratori acaba definindo catro grandes conceptos fundamentais da análise morfolóxica, que se poden resumir segundo palabras do arquitecto José L. Valdivia (1993, p.80) en *"El tipo no se individualiza sino en su aplicación concreta, esto es en un tejido edilicio (...) a su vez, un tejido urbano no se individualiza sino en su término total, esto es en el organismo urbano y (...) el valor total de un organismo urbano se afirma sólo en su dimensión histórica"* Onde se ve como se definen eses catro conceptos, o tipo, o tecido, o organismo urbano e a dimensión histórica.

Con esta base, aínda que con certas diferenzas con respecto ás ideas orixinais de Muratori, acompañadas de autores como Gianfranco Caniggia, xorden unha serie de arquitectos italianos coma Aldo Rossi ou Carlo Aymonino, os cales, aproximándose máis á modernidade, distánciase dos anteriores na forma de entender a morfoloxía, pois para Muratori e Caniggia parece que non atopaban respostas ás grandes cuestión contemporáneas, mentes que Aymonino ou sobre todo Rossi, atopan as distintas respostas e significados a través da localización de determinados períodos e en determinados lugares. Unha concreción e división do espazo e do tempo, dando pé á realización, como sucederá neste traballo, da análise urbana a través de distintas fases. Esta visión é a que se aproxima máis á busca deste traballo, polo que xa se veu anteriormente, como aparecía o respaldo de Rossi ou Aymonino na formulación dos distintos obxectivos, aínda que en indicadores como o Centro Urbano poida aparecer Caniggia por proximidade na súa abordaxe neste aspecto con Aymonino.

A outra liña de investigación usada neste traballo é o tipo de abordaxe coñecida como normativa, unha corrente de estudo da morfoloxía urbana que nace entre os anos 60 e 80 ca idea clara de incidir sobre as situacións existentes ca finalidade de mellorar ditos espazos e elaborar unha base conceptual que permita ó urbanista desenvolver baixo a súa perspectiva a forma urbana. Os autores máis destacados deste tipo de escola teórica son Gordon Cullen, Christopher Alexander e Kevin Lynch. Tanto Lynch como Cullen coinciden, e de aí que sexan básicos para este traballo, en que a percepción permite unha reflexión sobre o cotiá e fai posible a comprensión do espazo urbano. Así mesmo, Lynch realiza, para as súas abordaxes morfolóxicas, unha desmembración dos distintos indicadores que se poden extraer dunha estrutura urbana; como as vías, os límites, os elementos singulares,... indicadores que se poden abordar neste tipo de traballos realizados na actualidade, como foi visto no estado da arte. O que está buscando o autor na súa análise é sempre a estruturación da cidade dende o punto de vista de contidos e realidades puntuais, deixando de lado a relación existente entre os distintos actores que forman dito tecido da cidade. De feito Lynch é criticado por outros autores cando formula os seus cinco indicadores urbanos sen diferenciar ningún tipo de xerarquía establecida entre eles (Vías, Límites, Barrios, Cruzamentos e Elementos marcadores).

Cullen pola súa parte realiza unha xuntanza dos distintos elementos que converxen para a creación dun singular sistema urbano, sendo a localización e a división en diferentes fases do estado básicos para a súa elaboración. Neste punto Cullen está seguindo o que viñan defendendo os máis modernos da escola Italiana, a división por fases, dado que Rossi xa especificaba a fragmentación en espazo e tempo do elemento de estudo, como nesta liña se está abordando. Cullen introdúcese neste tipo de análise dunha forma moi persoal, aplicando á parte analítica elementos moi sinxelos no que o eixe é a propia experiencia do urbanista que elabora a análise acompañado de lapis, papel e cámara fotográfica, deixando de lado a aplicación dun método realmente propio ou anovador. Cullen pon sobre aviso ó urbanista ante o perigo da velocidade que se está tomando na actualidade *"(...) a rapidez com que hoje se operam as mudanças veio perturbar o equilíbrio normal entre quem projecta e aquilo que é projectado (...) O ritmo a que se processam hoje as mudanças impede os urbanistas de assentar e aprender empiricamente a humanizar a matéria (...)"* (1983, p.15) Cullen que ten como parte protagonista do análise morfolóxico ó urbanista que o realiza, aconséllao de que unha parte fundamental da súa labor é a comunicación co público e dálle dúas medidas claras e sinxelas para tomar a modo preventivo na parte analítica a realizar, *"A primeira consiste em descompor o ambiente. É mais difícil lutar por um principio geral do que defender casos particulares(...) A segunda passa pelo escalonamento no tempo de todos esses aspectos."* (1983, p.17,18) Como se ve, e tomándose este tipo de consellos como particulares devido ós destinatarios que o autor os dirixe, pódese verificar que a liña seguida nesta investigación vai encamiñada nesta mesma dirección entre outras cousas, polo escalonamento temporal.

En canto a Alexander o que propón é unha serie de regras que un urbanista poida usar para xerar unha variedade infinita de cidades ou edificios. Estas regras, a diferenza dos pensamentos de Lynch, constitúen uns padróns de espazo organizados xerarquicamente, así o define el (1985, p.91) aportando o elemento de categoría o cal se ausentaba nesta liña de investigación. Estas ideas de Alexander están encadradas na crítica que realiza ás cidades dos anos 50 e 60, das que afirma que son totalmente artificiais e fortemente xerarquizadas (a cidade non é unha árbore) e propón unha cidade natural e máis complexa, baseada na articulación de varias partes. Aínda que Alexander presentara o seu método como universal, foi un aspecto que se segue poñendo en dúbida, aínda que para este caso concreto, ó tratarse dun estudo local é unha visión non considerada.

Outra fonte metodolóxica particular de referencia é Nikos Salingaros (2004), o cal ven en continuación da anterior liña, seguindo de forma específica as ideas de Alexander, que as define como guía *"(...) el trabajo pionero de Christopher Alexander (...) que proporciona la espina dorsal de este escrito"* (2004, p.3) Onde tamén defende a xerarquización na organización urbana traída deste tipo de abordaxe morfolóxica, iso si, destacando a perfecta organización dos distintos elementos a conectar dentro de cada nivel, así *"(...) la organización jerárquica requiere que los componentes de distintos tamaños encajen perfectamente en el todo."* (2004, p.18) Deixando desta forma un tipo de "status" dentro das partes a encaixar na análise morfolóxica. Todo isto sen distanciarse do tipo de complexidade necesaria á hora de realizar este tipo de análise xa que: *"nunha cidade é precisa a complexidade, senón a cidade morre"* (2004, p.4), expón Salingaros, sen descoidar que a complexidade sen organización convértese en caos. Esta referencia é clave para a definir os tipos de conexións existentes dentro caso de estudo.

Outro principio teórico foi a da mencionada autora María José Rodríguez-Tarduchy (2011), a cal segue unha das liñas teóricas tomadas nesta Disertación como referencia (a escola italiana) e debulla a parte teórica dunha forma clara, concisa e sobre todo detallada, para poder desenvolver unha aplicación practica de forma puntual. Unha ferramenta clara para aplicar a teoría traída nesta liña de investigación e facela converxer nunha aplicación concreta dun caso de estudo. A propia autora realiza un repaso da teoría aplicada:

> *"La concepción actual de "tipo" y el estudio de la ciudad a partir del mismo proceden de un trabajo dirigido por Muratori en 1956 que examinó los tejidos urbanos (...) Posteriormente Carlo Aymonino y Aldo Rossi realizaron en 1963 una extrapolación antitética del trabajo de Muratori. Extendieron ese tipo de análisis a cualquier otra ciudad y la caracterizaron (...) Aymonino definió los conceptos de tipo y forma urbana, estableció las relaciones entre uno y otra, estudió las distintas formas de crecimiento a partir de este análisis y reconoció la importancia de la elección del tipo en la morfología (...) Rossi definió el tipo como la primera célula generadora del espacio urbano (...)"* (2011, p.59-60)

No parágrafo anterior exponse como realizar unha lectura morfolóxica a partir do tipo, aínda que a autora matiza a liña italiana. Rossi abordaba a tipo-morfoloxía dende o punto de vista fixo, relacionando o cambio de forma segundo a tipoloxía, mentres que a autora toma outra visión, como é a evolución da forma a partir de puntos fixos provenientes de tipos de edificacións. Dando desta forma unha visión máis xeral da fixación establecida por Rossi, como expón: *"Es el análisis morfológico (...) el que nos permite caracterizarla como un todo. La morfología abarca, además de los tipos edificatorios, la forma y tamaño de las parcelas y manzanas, la jerarquía viaria, la estructura de los espacios libres y el patrón de usos del suelo(...)".* (2011, p.59-60) Co obxectivo de dar unha visión propia á hora de elaborar unha análise morfolóxica. Partindo sempre da premisa de minimizar os elementos a destacar dento dunha análise deste tipo: *"La estructura urbana (...) está constituida por el menor número de elementos que explican el funcionamiento de una ciudad"* (2011, p.62) Onde se desmarca da liña traída por Salingaros, que pola contra, propoñía a complexidade na análise. Esta autora é unha referencia clara á hora de poder concretar a abordaxe italiana sobre un caso concreto.

Para rematar, mencionar o exposto por Pablo Gamboa Samper(2) (2003) sobre as dúas liñas abordadas sobre morfoloxía que se trataron neste traballo. Deixando así unha visión xeral do que se veu relatando ata o momento:

> *"Los estudios de (...) Kevin Lynch sobre la percepción del espacio urbano, de Gordon Cullen sobre el diseño urbano,(...) en el contexto anglosajón, y también los estudios de Saverio Muratori en los años cincuenta, las investigaciones de Carlo Aymonino, de Gianfranco Caniggia, de Aldo Rossi, de Vittorio Gregotti y muchos otros en el contexto italiano, sobre la relación entre morfología urbana y tipología edificatoria en varias ciudades europeas, muestran la continuidad y la regularidad de la forma urbana(...) Emerge de todos estos estudios cómo la forma urbana, la forma física de la ciudad, se ha organizado históricamente a partir de elementos relevantes como ciertas arquitecturas públicas, bien sean edificios o espacios colectivos (monumentos o elementos primarios) que pueden ser eclesiásticos o civiles, espacios y lugares de representación a partir de los cuales o entre los cuales se despliega un sistema continuo de espacios colectivos como plazas, calles, parques y jardines públicos etc., que son los que «arman» la ciudad, le dan una coherencia como conjunto y la hacen reconocible."* (2003, p.17)

Así pois, realiza un repaso polos principais protagonistas tomados para esta investigación. Encadrados nas principais ideas dentro das súas liñas e extraendo finalmente os principais indicadores para ser valorados nesta análise. Soo é preciso mencionar que este autor identifica de forma xeral a visión anglosaxona, mentres que no transcurso desta visión teórica se viña identificando unha das súas tres vertentes como é abordaxe normativa. A importancia destas dúas liñas de investigación xa foron destacadas polo autor Vitor Oliveira (2011), cando referencia fundamentalmente estas dúas tradicións italiana e anglosaxona, como as máis importantes e define as abordaxes histórico-xeográficas, normativa e cuantitativa dentro da liña anglosaxona.

(2) Pablo Gamboa Samper: Profesor, Instrutor Asociado do Departamento de Urbanismo, Facultade de Artes, UN. Doutor en Arquitectura na Escola Politécnica de Milán, Italia.

# O caso de estudo: Rianxo

## 3. O caso de estudo: Rianxo

### 3.1. Caracterización.

**► Descrición xeral.**

Rianxo é un municipio da provincia da Coruña, diocese de Santiago e partido xudicial de Padrón, situado na marxe dereita da desembocadura do río Ulla, e na parte norte da ría de Arousa.

Está delimitado polos concellos de Lousame e Rois (ó Norte), o municipio de Dodro (ó Este), o municipio de Boiro (ó Oeste) e a ría de Arousa (ó Sur) representando aproximadamente un 50% do límite perimétrico.




**Imaxe 4:** Mapa da Galiza onde se resalta a contorna do concello de Rianxo, a ría de Arousa e a península do Barbanza. A península do Barbanza está conformada polos concellos de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Porto do Son, Lousame, Noia e Dodro.




**Imaxe 5:** Ampliación da zona onde se sitúa Rianxo, podendo observar os concellos próximos e o seu enclave marítimo no fondo da ría de Arousa.

Rianxo é o concello máis ó Este do Barbanza, comarca á que pertence conxuntamente cos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Boiro.

O concello presenta unha extensión de 58,8 Km² e unha poboación (actualizada a 15 de Novembro do 2012 polo IGE - Instituto Galego de Estatística) de 11.808 habitantes. O que fai desprender unha densidade poboacional de 200,82 hab./Km². A vila de Rianxo, situada no sureste do municipio, é a capital do concello.

Rianxo está conformado por 6 parroquias: Asados con 1.637 hab., a de Isorna con 773 hab., a de Leiro con 1.036 hab., O Araño con 1.570 hab., Rianxo con 4.186 hab. e Taragoña con 2.480 habitantes. (Fonte: I.N.E. - Instituto Nacional de Estadística, actualizado con data do ano 2001)

**► Aspectos físicos.**

Collendo como base a información que aparece na *Gran Enciclopedia Galega (1974)* pódese dicir que este concello atópase, dende un punto de vista xeolóxico, dentro do dominio de pregues do plano axial-subvertical, que aparecen cambados cara o centro do arco de pregamento, nunha primeira fase do ciclo hercínico.

En canto ós materiais, atópanse granitos hercínicos e esquistos de Ordes, resultando ó moldearse releves suaves, de cumes redondeados e solos con abundancia de arxila.

Morfoloxicamente, o relevo desta zona presenta unha dirección NO-SE, a modo de dous bloques, interrompidos por unha planicie nas beiras do río Te. É unha  área de transición e as súas formas suavízanse pouco a pouco cara o SE. Destacan as seguintes altitudes: Pico Muralla (674 m.), Monte Freire (624), Monte da Xenela (487), Lioira (279) e Pequeno Lioira (222 m.).

A súa costa abarca dende a desembocadura do Ulla, considerada por esta fonte, a partir da punta de O Porrón, subindo ó Norte pola parte oriental da enseada ata onde o río Beluso verte as súas augas, entre as puntas de Neixón e Iñobre. Preséntase suavemente recortada con variedade de accidentes: puntas do Agriño, Penouseira e Seveira, no SE; coroando, as puntas de O Salto do Ladrón e a punta do Castro; e no NO a punta Fincheira, a enseada da Carballeira e a punta Iñobre.




**Imaxe 6:** Fragmento da zona de Rianxo dun mapa físico, onde se poden observar e comprobar os datos máis salientables que se comentan no texto descritivo.

Esta información do medio físico pode ser actualizada tomando como fonte a *Gran Enciclopedia Galega, 2006* onde se expón que:

> *"As zonas máis elevadas presentan formas suaves, mentres que as áreas máis baixas están cubertas por sedimentos procedentes tanto do medio continental como do mariño.(...) A parte oriental do concello, ocupada pola ría de Arousa e a foz do Ulla, mostra unha primeira aliñación de cumios de escasa altitude e de formación granítica. Posteriormente ábrese a ampla veiga do Te, colmada de sedimentos aluviais e mariños que conforman un relevo pouco ondulado. Finalmente cara ao O. atópanse a enseada de Bealo, un entrante da ría de Arousa e os primeiros contrafortes da serra do Barbanza, nos que se rexistran as maiores altitudes: o pico da Muralla (674m.) e o monte do Treito (624m.)"* (2006, p.186)

Con esta mostra de datos totalmente obxectivos da obra de S. Cañada (2006) reflíctese a aparencia xeral da contorna no que se sitúa o caso de estudo.

Na climatoloxía pode dicirse que Rianxo presenta un clima de tipo oceánico hiper-húmido. As precipitacións totais anuais varían entre os 1.200mm. anuais na liña de costa e os 1.800mm. nas máximas elevacións do noroeste. Os meses máis chuviosos son novembro e decembro e os máis secos xullo e agosto. A temperatura media anual na meirande parte do territorio supera os 15°C, excepto o sector máis montañoso do NO., onde se rexistran valores próximos aos 14°C. Xullo e agosto son os meses máis cálidos, con máis de 20°C. de media. Xaneiro e febreiro son os máis fríos, con medias de 9°C, na metade S. e ata pouco máis de 7°C. nos puntos máis elevados do territorio. A oscilación térmica apenas acada os 12,5°C. e pode aumentar a 13,5-14°C. no extremo nororiental do municipio. (Fonte: *Gran Enciclopedia Galega, 2006*)

O municipio está bañado por correntes fluviais de escaso interese e pouco caudalosos como o río de Pérez (río do Pazo) ou o río da Grenla que desembocan directamente na ría. O río de pequena entidade coñecido como río do Mar desemboca na enseada de Rial, último recuncho antes de pasar da ría de Arousa ó río Ulla, o cal recibe varias liñas de augas pluviais como é o caso do rego da Lagarteira, o rego dos Campelos e outros de parecidas características. Descartando o río Ulla, que delimita Rianxo na súa parte sueste, o río máis importante que transcorre por Rianxo é o río Té, o cal desemboca directamente na ría de Arousa, nunha pequena enseada, localizada na punta da Torre entre as praias do Pazo e da Torre, formada polas desembocaduras do río Té e o río de Pérez (ou río do Pazo). O río Té nace no monte Muralla e cruza todo o concello en dirección nordeste-sudoeste, entrando no concello pola parroquia do Araño, facendo de fronteira a continuación entre as parroquias do Araño e Asados, continuando a delimitar Asados con Taragoña, introducíndose levemente na parte final en Taragoña para desembocar no límite entre Rianxo e Taragoña. O río Té sérvese de varias liñas de auga a modo de afluentes; o rego dos Muíños, o rego do Batán, o rego das Laxes Negras ou o rego de Burés son dos máis importantes, quedando a maioría deles pola súa vertente norte.

**Imaxe 7:** Imaxe da desembocadura conxunta do río Té e do río do Pazo.

Na parte superior da imaxe chega a parroquia de Taragoña.

A parte de abaixo do río pertence á parroquia de Rianxo.

O saínte que aparece no centro da imaxe é o lugar onde se levantaba o Castelo da Lúa.



A vexetación rianxeira, baseándose na *Gran Enciclopedia Galega* (1974, p.184-186), pódese dicir que está condicionada pola proximidade do mar. Así, nos prados salinos hai especies como o fiúncho de mar e a herba namoradeira; na desembocadura dos ríos, canavais ou xunqueiras (tamén nos prados salinos hai gramíneas, xuncáceas e leguminosas como a xunca e o fieito gris). Máis cara o interior destacábase nos anos 70 aínda por seren frecuentes os breixos, toxeiras, xesteiras e queirogais. Así mesmo había pequenos bosques de pino silvestre ou negral, algúns eucaliptos que comezaban a expandirse pola zona e, nas veiras dos ríos, especies como o ameneiro e o salgueiro. Nas ultimas décadas, sendo unha constante no noroeste peninsular, o eucalipto gañou unha importancia extraordinaria con respecto ás demais especias autóctonas, chegando a ser a principal especie dos montes rianxeiros. Os solos son de tipo cambisol húmico e ránker districo nas zonas altas; nos vales e planicies son de tipo cambisol gleico, ideais para prados, dado que para os cultivos necesitarían un bo drenaxe.

Segundo a actualización realizada por Silverio Cañada (2006) na *Gran Enciclopedia Galega* deixa reflectido o cambio mencionado:

> *"A superficie de bosque por habitante é inferior a 0,5Ha. para o conxunto do concello. Predominan as especies foráneas, sobre todo os piñeiros, que ocupan a zona centro, S. e O. do municipio, mentres que na metade N. dominan as extensións de eucaliptos. As zonas máis elevados no NL. están ocupadas por monte raso. Da vexetación clímax, practicamente inexistente, só se conservan pequenos redutos á beira dos cursos fluviais, mesturados coa vexetación foránea, e outros dispersos na zona centro e N., de escasa importancia".(2006, p. 182-186)*

Nos 30 anos de diferenza que separan as dúas fontes documentais, pódese destacar o papel do eucalipto nos montes do concello, levando consigo outras características paralelas á da propia madeira e a súa explotación, como é a proliferación de incendios, característica desta especie, que percorren e destrúen os montes en épocas estivais.

Para acabar ca caracterización física de Rianxo, expoñer un mapeamento das pendentes rexistradas na zona de estudo. Onde se pode indicar de forma básica como se nos presenta un territorio con suaves pendentes cara o mar. Esta xeneralidade do territorio soo parece desfigurarse ca aparición dunhas planicies, cos pendentes moi suaves, tanto na zona de expansión portuaria, como na zona de Fincheira, As Cortes ou de camiño a Rianxiño. Na parte sur da vila aparece unha franxa de pendente máxima, coincidindo cunha zona de acantilados e barrancos que discorre paralela a un sendeiro que une a punta de Fincheira cas praias de Tanxil e Quenxo.




Imaxe 8: Plano onde se definen as distintas pendentes do terreo, aparecendo agrupadas baixo a representación diferenciada por cores.

► **Aspectos sociais.**

A poboación do municipio de Rianxo, durante o último século, pasou de 8.836 habitantes en 1.900 a 11.882 habitantes no ano 2.000, chegando na actualidade a 11.808 habitantes. (Datos facilitados polo IGE a día 15 de Novembro do 2012) A continuación móstrase un gráfico cos datos correspondentes ao último século.




**Imaxe 9:** Gráfico onde se representa a evolución da poboación en décadas nos últimos 125 anos (Fonte: Ana Belén Rey Castro (2003, p. 28) e datos estatísticos do IGE - Inst. Gal. de Estatística)

O momento de máxima poboación no concello deuse na última década do século pasado, superando os 12.000 habitantes, con datos específicos do ano 1998 e 1999 no que constaban 12.147 habitantes. Ca entrada do novo século o número de habitantes foi diminuíndo de forma progresiva, con poucas variacións á alza nos últimos anos, chegando á cifra actual pechada do ano 2011 de 11.780 habitantes.

A continuación móstrase un gráfico cos datos específicos da última década.




**Imaxe 10:** Gráfico onde se representa a evolución anual da poboación nos últimos 12 anos. (Fonte: IGE - Instituto Galego de Estatística)

Os balances migratorios fan sufrir pouca alteración nas cantidades de habitantes anteriormente vistas A inmigración que recibiu Rianxo no 2001 foi de 32 estranxeiros, mentres que a emigración realizada foi de 38 persoas, dos cales abandonaron Rianxo en dirección a Europa 17 persoas, a América do Norte 6, a América do Sur 12, a América central 2 e a Asia 1 persoa.

Deixando as pequenas variacións no número de habitantes, o cal, se mantén nunha liña bastante regular, e non acusa unha forte baixada de habitantes como de forma xeral acusa a sociedade galega, pódese dicir que a sociedade de Rianxo está sufrindo unha evolución bastante notable cara un envellecemento social. Xa adiantado por Ana Belén Rey Castro (2003):

> *"A poboación arredor do ano 1991 está envellecida, a súa pirámide afástase da forma triangular da primitiva xoven dos anos 40 para asemellarse a unha furna. Aquí o termo envellecemento xa non é o adecuado, pois este refírese á parte superior da estrutura que vai deixando a forma de pirámide para adopta-lo forma de columna, en consecuencia, sería máis correcto falar dunha estrutura madura. (...) En resumo, cun movemento migratorio reducido á mínima expresión, sobre todo ó exterior, bastante compensado pola inmigración ou os retornos e cun crecemento vexetativo nulo ou de signo negativo, hai que prever para a poboación galega unha próxima etapa de estancamento demográfico, cando non de regresión."* (2003, p. 108)

Desta forma, a autora neste estudo xa prognosticaba o que realmente comezaba a plasmarse no 1991 e que na actualidade segue acentuándose. Podendo observar nas seguintes pirámides poboacionais o que se está describindo para poder identificar o seu reflexo gráfico:




**Imaxe 11:** Gráfico que representa unha pirámide de poboación por sexos do ano 1940.




**Imaxe 12:** Gráfico que representa unha pirámide de poboación por sexos do ano 1991.

**Pirámide poboacional. 2009**




**Imaxe 13:** Gráfico que representa unha pirámide de poboación por sexos do ano 2009.

A idade media na actualidade é máis favorable ás mulleres en comparación cos homes, sendo de 46,5 anos e 43,3 anos respectivamente. O maior número de mulleres de avanzada idade con respecto ós homes é un dato que se visualiza de forma destacada na parte superior da pirámide (Imaxe 13). O saldo vexetativo (diferenza existente entre os nacementos e as defuncións ocorridas durante un período de tempo definido) deste último ano contabilizado do 2011 en Rianxo foi de -28, ó non ser superadas as 110 defuncións polos 82 nacementos ocorridos en dito ano. (fonte IGE, 2011)

A diferenza negativa existente no saldo vexetativo tamén se pode comprobar ó comparar as taxas brutas de natalidade e mortalidade, sendo no 2010 de 8,2‰ na natalidade e de 11,1‰ na mortalidade, cun saldo desfavorable do 2,9‰. Estes indicadores demográficos están alertando sobre outros datos e aspectos sociais, como é o índice de envellecemento da sociedade (o índice de envellecemento é a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación de 0 a 14 anos) que é do 139,9%, ou sobre a baixa natalidade, que tamén se ve reflectida no número medio de fillos por muller que na actualidade está en 1,2. A idade media da maternidade en Rianxo é de 30,5 anos. (fonte IGE)

Da poboación actual, atópanse 1.548 rapaces e rapazas con menos de 16 anos, dos cales unha gran maioría están escolarizados en centros de ensino locais, sendo o número de matriculados neste curso 2012 de 365 menores na ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria), 543 na Educación primaria e 275 en Educación infantil. (fonte IGE e CCEOU - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

O hábitat é disperso e o tipo de poboamento concentrase a medida que aumenta a proximidade á costa; ó mesmo tempo experimentase unha urbanización progresiva nas inmediacións da propia vila de Rianxo, na que se concentran a maior cantidade de servizos. As vivendas rexistradas no ano 2001 en Rianxo como residencias era de 3.348, sendo 3.118 de única vivenda e 230 de segunda vivenda; a este total hai que sumarlle as 159 que pertencían a outros propietarios que as usaban como secundarias e as 589 vivendas que se atopaban baleiras. Todas elas fan un total de 4.098 vivendas rexistradas no ano 2001. (fonte IGE)

► **Aspectos económicos.**

A economía de Rianxo sempre estivo marcada polo sector primario (agricultura, gandería, explotación forestal, pesca), pero nas últimas décadas este sector foi abandonando adscritos que se foron desprezando a outros sectores como o da construción ou ó sector servizos, abandonando labores primarias como a agricultura, a gandería e as explotacións forestais. A construción chegou a aglutinar un gran porcentaxe de poboación, que de forma directa ou indirecta servía de refuxio a unha gran parte do pobo. A industria, sobre todo en concellos próximos como Boiro, Padrón, Rois ou Ribeira; tamén foi adscribindo unha gran cantidade de afiliados. Na actualidade, aínda que en pleno sufrimento dunha crise, que ven afectando dunha forma directa e colosal ó sector da construción, que pode desfigurar os resultados con respecto ó vivido nos últimos anos, temos os seguintes datos: en Rianxo atopamos un total de 3.949 persoas dadas de alta na Seguridade Social como traballadores, sendo nun 50,9% homes e 49,1% de mulleres; estas afiliacións divididas por sectores dá uns resultados do 48,1% para servizos, 9,4% para a construción, 24,4% para a industria e un 18,1% para agricultura e pesca. A baixada da construción pode comprobarse ó analizar os datos de desempregados na actualidade, pois das 939 persoas rexistradas no INEM, sen ter en conta os desempregados que nunca traballaron, un 28,1% proceden directamente da construción, un 41,4% do amplo ábaco do sector servizos, un 27,3 da industria e un restante 3,2% do menos desfavorecido sector primario.

A agricultura-gandería é unha actividade que nas últimas décadas foi descendendo, chegando no presente a un uso case residual, a modo de autoconsumo. Reflexo disto son as soo 49 explotacións de gando existentes na actualidade e as 129 cabezas de bovinos rexistradas no concello, cifras moito máis baixas que o existente na metade do século pasado, e onde se sobre-entende o tamaño e importancia das explotacións. (Fonte: IGE, ano 2010)

A pesca polo contrario segue unha liña bastante regular, debido a que a explotación do mar que existe en Rianxo abordouse sempre dun modo familiar e bastante artesanal, na maioría de ocasións con carácter de subsistencia. Todas as actividades realizadas polos mariñeiros rianxeiros pasan a través da Confraría de pescadores de Rianxo. Esta confraría na actualidade conta cunha cifra próximas aos 1.000 mariñeiros e mariñeiras, os cales se reparten en distintas especialidades de explotación (aínda que xeralmente cada mariñeiro realice varias especialidades) como son: a pesca de baixura, o marisqueo a flote, o marisqueo a pé e a explotación mexilloeira. Estas actividades pasan pola confraría de pescadores, aínda que cada especialidade poida ter unhas regulamentacións e asociacións propias.

Na actualidade en Rianxo existen unhas 200 embarcacións dedicadas á pesca de baixura e ó marisqueo a flote, cada embarcación soo pode enrolar un máximo de 3 tripulantes. Este tipo de pesca ten, como foi comentado, un claro carácter de subsistencia, na que os mariñeiros enrolados en cada bote acostuman percibir unha porcentaxe do importe das capturas. Estas capturas, igual que as do marisqueo a pé, pasan obrigatoriamente pola lonxa do porto, quedando prohibido calquera captura propia ou sen entrar dentro do límites que se lle establece a cada especie.

Outro grupo de mariñeiros con claro carácter de subsistencia é o marisqueo a pé, o cal nace en Rianxo no ano 1996 cunha regulamentación da Xunta de Galicia para evitar as libres agrupacións de mariscadores existentes ata a época. Crease ca idea de ser un aporte económico ás familias, dándolle oportunidade de traballo e regulación laboral ás mulleres. Na actualidade hai 156 persoas dentro deste grupo; para poder entrar a formar parte del ábrense épocas de acceso limitado, onde existe unha regulamentación de entrada tutelada pola consellería correspondente da Xunta. Calquera persoa que cumpra os requisitos establecidos pode entrar sen importar o xénero, aínda que o porcentaxe de mulleres no presente segue por encima do 90%.



**Imaxe 14**: Fotografía dunha batea. Definición (dicionario da RAG): Viveiro que consiste nunha plataforma ancorada no mar da que penden varias cordas, onde se cría o mexillón ou outros moluscos.

O último grupo de mariñeiros dentro da confraría son os dedicados ó cultivo do mexillón en bateas. Este tipo de cultivo constitúe a primeira industria do municipio en canto a facturación. Contabilizábanse 200 bateeiros a finais dos anos 80, estando a día de hoxe nun número superior dos 300. Durante moitos anos estes mexilloeiros agrupáronse baixo unha única asociación, pero nos últimos tempos o número de asociacións foi en aumento. Nun primeiro momento a práctica totalidade dos bateeiros rianxeiros se asociaban en Aspromeri (Asociación de produtores mexilloeiros de Rianxo) chegando a estar por encima dos 300 asociados na década dos 90, pero posteriormente foron abandonando dita asociación para pasar a traballar e negociar por libre o seu produto, ou para reunirse en outras asociacións alternativas. Así nace nun primeiro momento (primeira metade dos anos 90) outra asociación, Agrupación Mexilloeira Rianxeira, con 78 socios no ano 2012 e un balance cerrado do 2011 con 4.000 Toneladas facturadas. Aspromeri seguiu quedando como a primeira asociación rianxeira, tendo na actualidade un total de 230 socios e unha facturación pechada do ano 2011 de 14.000 Toneladas. Outras asociacións máis actuais, sobre todo nacidas a partir da crise mexilloeira do ano 2008, abarcan un menor número dos mexilloeiros asociados, así aparece a asociación A Ría con uns 40 asociados e a asociación Aimex con 48 asociados.

O número de socios ven dado polo número de bateas dentro da agrupación, aínda que unha batea teña varios propietarios ou un propietario teña varias bateas, o número contabilizado é sempre por batea. Aspromeri conta os seus socios como 230, correspondendo ó número de bateas baixo o seu control, mentres que o número de propietarios que posúen esas bateas é de 305. Estas asociacións que se comentan, Aspromeri, Rianxeira, A Vila e Aimex, son as que agrupan un maior porcentaxe de socios rianxeiros, pero ditas organizacións non son cerradas por localización, así socios de Rianxo poden estar en agrupacións veciñas e socios de pobos próximos poden estar nas agrupacións rianxeiras. Todas as agrupacións mencionadas teñen o maior porcentaxe de bateas con propietarios locais, podendo estar situada a sede en Rianxo ou en pobos adxacentes.

| RÍA | POLÍGONOS DE MEJILLÓN | PORCENTAJE DE BATEAS | Nº DE BATEAS |
|---|---|---|---|
| ARES-BETANZOS | 2 | 2,09% | 103 |
| MUROS-NOIA | 3 | 3,54% | 118 |
| AROUSA | 22 | 68,68% | 2.292 |
| PONTEVEDRA | 8 | 10,37% | 346 |
| VIGO | 12 | 14,32% | 478 |
| TOTAL | 47 | 100,00% | 3.337 |

**Cadro 12:** Cadro cuantitativo das bateas repartidas por rías. Como se pode observar, Rianxo conta aproximadamente cunhas 300 bateas, o que supón un 9% do total da Galiza e un 13% do desenvolvido na ría de Arousa, a máis produtiva de Galiza.

O sector conserveiro, sempre estibo moi presente no municipio, sobre todo aglutinando man de obra feminina. Na actualidade, soo existen dúas empresas dedicadas á conserva, e os postos de traballo do sector desprazáronse a concellos próximos como Ribeira, Catoira, A Pobra do Caramiña e en especial a Boiro, tanto pola proximidade como pola cantidade de postos de traballo demandados.

Con respecto á man de obra feminina tamén foi moi importante durante as ultimas décadas a industria de confección existente en Boiro e máis recentemente en Taragoña, aínda que na actualidade, devido a fortes crises sucedidas no sector, é unha industria que está en forte decadencia.

Rianxo é unha poboación con pouca actividade industrial, acabando de ser inaugurado no ano 2011 o primeiro polígono industrial. A renda bruta por habitante é de 13.962,12€ por ano.(Fonte: www.concellos.info, ano 2009) O concello de Rianxo acapara un total de 666 empresas, das cales soo un ridículo 0,45% son sociedades anónimas, mentres que un maioritario 65,45% son empresas a cargo dun autónomo. Para comprobar a capacidade empresarial pódese enumerar que das 666 empresas dadas de alta en Rianxo, o maioritario 61% son empresas unipersoais sen ningún empregado asalariado; o 23,4% teñen 1 ou 2 persoas asalariadas; xa soo o 10% presenta entre 3 a 5 empregados; e así diminuíndo ata que soo existe unha empresa asentada en Rianxo que teña entre 50-99 asalariados. (Fonte: IGE, ano 2011)

► **Aspectos históricos e artísticos.**

Collendo como base a información que aparece na Gran Enciclopedia Galega (1974) pódese dicir que o municipio de Rianxo foi lugar de asentamento de diversas civilizacións que se remontan a tempos prehistóricos, como evidencian os restos arqueolóxicos conservados. A continuación elabórase unha descrición desta época prehistórica.

As numerosas mámoas localizadas en Rianxo son máis ben pequenas e de escaso contido en utensilios. Dentro do eixe Asados-Leiro-Rianxo estendese unha necrópole formada por 22 monumentos funerarios (séguense descubrindo máis), algúns dos cales conservan no seu interior unha cámara poligonal de pedras elevadas verticalmente e dispoñen de corredor. O conxunto, pese á precariedade dos seus elementos, constitúe unha das máis interesantes estacións megalíticas de Galicia. Os estudos realizados *in situ* por membros do Instituto Padre Sarmiento e as escavacións efectuadas nalgunha das mámoas no 1970 deron como resultado a aparición de interesantes exemplares de machados pulimentados de finais do Paleolítico e principios do Neolítico, unha boa colección de puntas de frecha de sílex e de cuarzo leitoso e tamén restos de tosca cerámica. O concello de Rianxo ten realizado varias actuacións na conservación e promoción de distintos grupos de gravuras.



**Imaxe 15**: Fotografía dunha parte dun conxunto de gravuras atopadas en Brión, parroquia de Leiro. Petroglifo de Os Mouchos. Conservada e promocionada polo concello.

Por outra parte, de maneira ocasional, foron descubertas na zona de Leiro pezas de notable valor arqueolóxico, depositadas actualmente no Museo Provincial de San Antón (A Coruña), entre as que sobresaen unha alabarda de cobre, un puñal largo e catro curtos do mesmo metal (entre 1.500 - 2.000 a.C.), un casco de ouro (arredor do s. VIII a. de C.), exemplar único ata o momento en todo o Noroeste. Finalmente, o petróglifo do Agro da Foxa Vella, no monte de A Pena, mostra varios gravados rupestres, dos cales destaca a impresión dunha man (quiromorfo), gravura que non aparece en ningún outro petróglifo peninsular.

Os dez castros rexistrados en Rianxo están repartidos dende a zona baixa, en Leiro, ata a zona máis montañosa, no Araño. Seguindo esta orde, atópase o castro da Portela no monte do Verme, o cal está todo rodeado de mar, excepto una estreita franxa de terra que serve de entrada (portela), situado entre

as praias do Porrón e As Cunchas, en Brión (Leiro). Do recinto de Aurela, en Rianxiño, permanecen restos de muralla nun estado regular. O castro da Volga, no Barral carece de defensas e é de dimensións inferiores aos anteriores: 40 m. de N. a S. e 60 de E. a O. O denominado O Castriño, sobre o que se asenta hoxe parte da aldea do mesmo nome, atópase moi desfigurado polas construcións e apenas se perciben as súas defensas. Un dos máis grandes da zona, o castro de Ourille, o Castro Barbudo (Taragoña), non mantén en pé as súas defensas e soo se observa abundante pedra solta. O castro de A Pena, o Campo dos Frailes, en Leiro, cas fortificacións en moi malas condicións, mide 105 m. de N. a S. e 82 de E. a O. O recinto de O Araño, próximo á igrexa parroquial de Santa Baia, conserva parte das defensas, a base de terra e pedras mesturadas, de considerable altitude; ten forma circular, cun radio aproximado duns 40 m., e nel apareceron restos de cerámica e de muíños de man. O castro das Cercas, no monte próximo ao poboado de Quintáns (Isorna) e a pouca distancia do Ulla, é o recinto rianxeiro que posúe mellores defensas, formadas por dobre muralla de pedra con un foxo de 5 m. de ancho; ten forma elíptica e mide 90 m. de NO. a SE. e 60 de NE. a SO. Alberga no seu interior unha caseta constituída por tres grandes penedos (dous verticais e un horizontal) que os veciños coñecen por Casa do Xil. Os dous castros restantes, o de Foxacos e o da Muralla, atópanse na parroquia do Araño.

En época histórica tamén aparecen restos, como é o caso da calzada romana coñecida como a vía *per loca* marítima, que penetraba no municipio atravesando o Ulla pola Vacariza, seguindo pola aldea de Cestelo e cruzando despois o monte Lioira cara a Marquesa, en Asados, continuaba a calzada por Asadelos, Atalaia, Villanustre e, xa en Taragoña, por Té, Burato, Iñobre e Cartomil; para proseguir por terras do veciño concello de Boiro.



No ano 1907 descubriuse, no lugar das Miráns (O Araño), unha estela funeraria considerada do s.III da nosa era. Apareceu rompida en tres fragmentos que xuntos miden 2,43 m. de largo por 0,47 de ancho e 0,16 de espesura. Leva gravada a inscrición: DIVS MS/ ADRIANVS/ CONIVG/ COIRALI/ ANHORVM/ XXV (Aos deuses Manes. Severo Adriano levantou este monumento ao seu cónxuxe Corialis morta ós 25 anos). Unha estela galaico-romana semellante apareceu practicamente enteira en Taragoña no ano 2007, a cal estaba facendo as función de banco, e tras o descubrimento foi trasladada a Boiro á exposición do centro arqueolóxico do Barbanza en Neixón. As dimensións son de 0,56 de ancho por 1,56 de alto e 0,26 de espesura. Leva gravada a seguinte inscrición: D M POS / VUSUS / INGENV / O SVO RV / FINO PIN / NI (Aos Deuses Manes. Puxo Urso, para o seu (amigo?) Rufino (fillo?) de Pin (ta?)no, de nacemento libre)

Imaxe 16: Fotografía da estela exposta no Centro Arqueolóxico do Barbanza.

Despois de facer un repaso pola herdanza prehistórica e histórica, onde se constata unha ocupación milenaria no concello de Rianxo, pásase a realizar unha abordaxe concreta da vila, parte fixa deste estudo.

Recentes descubrimentos demostran que a orixe desta vila é anterior ó recollido nos documentos oficiais. Despois de moitos escritos abordando unha suposta orixe medieval do pobo, de xeito casual, desvélanse uns vestixios no verán do 2010 durante a execución dunhas obras de rehabilitación. Uns restos óseos provenientes dun cemiterio datado entre os séculos III e V d.C. Este achado foi chave para poder poñer unha data do nacemento do pobo, pois os escritos existentes databan a creación de Rianxo en época medieval, de forma contemporánea ó pazo de Martelo e ó castelo da Lúa, sobre o século XIII. Noticias publicadas na prensa deses días aclaraban a situación:

> *"Hallan en Rianxo los restos humanos más antiguos del área barbanzana. (...) El descubrimiento es la primera prueba de que en el municipio rianxeiro existió un asentamiento romano. (...) Las obras de restauración de una casa situada en pleno casco viejo de la villa, en la plaza de la iglesia, sacaron a la luz al menos cuatro tumbas (...) Concretamente, los huesos en cuestión datan de entre los siglos III y V después de Cristo, lo que supone, entre otras cosas, que su descubrimiento permite retroceder mil años en la historia de la villa rianxeira. Hasta ahora, con la salvedad de los numerosos restos prehistóricos diseminados por todo el municipio, los orígenes de Rianxo se remontaban al siglo XIII"* (Voz de Galicia, 15/10/2010)

Deixando claro, non a data do nacemento do pobo, senón a súa existencia en séculos anteriores ó das primeiras datas nas que se constataba a orixe de Rianxo.



**Imaxe 17**: Fotografía dos restos óseos atopados no 2010 no entorno da praza da igrexa.

Pódese ver no centro superior da imaxe os restos óseos atopados.

Na parte dereita pode observarse o foxo do ascensor a medio construír, polo cal se chegou ca escavación a tanta profundidade.

Na parte inferior esquerda vemos o resto dun muro dunha antiga casa máis moderna.

Na parte superior esquerda obsérvase unha pedra traballada semicircular partida, a cal servía de tapa a unha das tumbas románicas.

A parte documentada da vila de Rianxo está bastante espallada por distintas publicacións, así o estudo máis actual que describe a parte histórica Rianxeira é o borrador do PXOM publicado pola Oficina de Planeamento (2011), o cal informa que:

> *"A vila e xurisdición de Rianxo foi adxudicada ao patrón Santiago no ano 934. O primeiro gran señor de Rianxo foi Chariño ao que se lle deben as obras da fortaleza familiar, situada na desembocadura do río Te (lugar de Pazo). Esta fortaleza foi unha das maiores de Galicia, pasando máis tarde a formar parte da orden do Temple e despois da Mitra compostelán.(...) Tamén a Chariño se lle debe a construción dunha Torre no centro de Rianxo, que máis tarde, xa derruída, sería reconstruída como un pazo (século XVII). Este pazo sería herdado por Evaristo Martelo, quen lle daría o seu nome. En 1532, despois de longos preitos, o señorío de Rianxo (que pertencía aos Chariño) pasaría ao poder da Mitra compostelá, e nesta posesión estará ata 1814." (2011, p.31)*

Con esta etapa histórica resumida en de dita publicación, dicir que a continuación, a principios do século XIX, Rianxo como municipio sufriu alteracións de gran importancia. Estes cambios nacen ca aprobación da constitución de 1812 nas cortes de Cádiz (constitución aprobada o 19 de Marzo de 1812 e coñecida como "La Pepa") pois este novo texto presenta cambios na división dos concellos, cambios importantes para Rianxo xa que o seu territorio foi dividido en 3 concellos distintos e independentes: Asados, Taragoña e Rianxo. Taragoña abarcaba o territorio actual da parroquia de Taragoña, Asados abarcaba o territorio actual das parroquias de Asados, Araño, Leiro e Isorna; e Rianxo tamén soo abarcaba o actual territorio da parroquia de Rianxo. Estas divisións mantivéronse ata o 1823, cando a constitución española de Cádiz deixou de ter efecto devido á súa derrogación a mans do monarca español Fernando VII, conformando o territorio libre de divisións municipais ata o ano 1836, momento no cal, se restableceron as divisións por municipios e Rianxo tornou a ser unificado, mantendo a conformación clásica e chegando ata a actualidade, cas parroquias de Asados, Araño, Isorna, Leiro, Rianxo e Taragoña; sendo a vila de Rianxo a capital do concello.

O longo percorrido histórico da vila de Rianxo foi deixando numerosas mostras de patrimonio, a parte do prehistórico xa mencionado. O concello pode presumir de ter un pazo señorial en cada parroquia; a parroquia do Araño alberga o maxestoso pazo dos Calote, fundado polo cóengo da catedral de Santiago Don Juan de Santiago Figueroa y Junqueras nos primeiros anos do s. XVII e, que despois de pasar por un estado ruinoso na segunda metade do século XX, na actualidade atópase a medio remodelar para converterse nun establecemento de servizo ocio-turístico (Don Juan era fillo de de Don Jacome de Santiago y Junqueras e de Dona María González de Figueroa que tiñan residencia na vila de Rianxo e irmán do crego do Araño - sobre a data da súa construción hai constancia de que no ano 1633 se mandou construír unha capela dentro do recinto do pazo, o cal xa estaba rematado e en uso); a parroquia de Asados posúe o pazo dos Torrado, o cal se atopa en bastante boas condicións para ser unha construción deshabitada;

en Leiro tamén se localiza outro pazo da mesma familia dos Torrado, situado no medio da aldea de Brión, o cal se preserva tamén en óptimas condicións a pesar de tampouco ser habitable, aínda que si o sexa a casa dos serventes, asentada dentro da mesma finca; na aldea de Quintáns de Isorna existen un antigo pazo reconvertido na actualidade nunha casa de labranza; de igual maneira evolucionou antes da súa desaparición o antigo pazo dos Caamaño emprazado na parroquia de Taragoña; a parroquia de Rianxo alberga dous pazos, un no antigo asentamento de Rianxiño e outro no centro da vila. En Rianxiño áchase o pazo de Viturro, o cal se abandonou no primeiro terzo do século XX, aínda que mediante a súa herdeira (filla de Viturro) -que visitaba as propiedades con certa periodicidade, podéndoo utilizar durante escasos días mentres recollía os intereses reportados polas distintas rendas e beneficios- e un caseiro que vivía noutra casa dentro da mesma finca mantiveron o pazo ata mediados do século XX, cando despois de pasar unha época en estado de abandono restaurouse a finais dos anos 90 para ser reutilizado como o actual centro pastoral Mª Ana Mogas. En Rianxo consérvase na actualidade o pazo de Martelo, o cal, despois de estar en ruínas, foi remodelado a principios da década dos 80 e convertido na biblioteca municipal que existe na actualidade. Este pazo orixinal fora construído no s. XVII sobre unha torre que xa viña sendo a sucesora da fortaleza de Chariño no lugar da Torre (O castelo da Lúa), da que na actualidade apenas quedan restos. O Pazo de Martelo presenta un amplo edificio, cunha ancha balconada de traballados balaústres que percorre todo o fronte e con escudos en ambos extremos, toda esa fachada foi conservada, mentres que a fachada Noroeste, a cal se atopaba medio derrubada, foi refeita de novo con uns voos e vidreiras. Este pazo pertenceu ós Soutomaior ata a súa adquisición polo actual propietario, o Concello de Rianxo.



**Imaxe 18**: Fotografía do pazo de Martelo antes das súa restauración.



**Imaxe 19**: Fotografía do pazo de Martelo na actualidade.

O concello de Rianxo, a parte das casas señoriais repartidas polas distintas parroquias, ofrece un amplo patrimonio, xa que tamén presenta un abundante ábaco de edificacións relixiosas e culturais:

Igrexas; unha por parroquia, estando acompañadas na maioría dos casos dunhas maxestosas reitorais para goce dos párrocos; santa Comba de Rianxo, santa María de Asados, san Salvador de Taragoña, santa María de Leiro, santa Eulalia do Araño e santa María de Isorna.

Capelas; a maioría situadas en lugares privilexiados; - a capela de san Pedro e a de santa Lucía en Asados, - a de san Xoán Bautista da Ermida e a medio restaurada do pazo dos Calotes no Araño, - a da nosa señora dos Desamparados en Brión (Leiro), - a de san Xoán Bautista de Vista Real na propiedade privada que hoxe en día é o terreo do antigo pazo dos Caamaño en Taragoña e -a da virxe da Guadalupe, a de san Bartolomeu e a de san Xosé da Floresta na parroquia de Rianxo.

Outras construcións de gran interese repartidas polo concello rianxeiro son: Os abundantes cruceiros que se localizan en case calquera encrucillada de camiños. Os hórreos de gran dimensión como o de Rianxiño, pertencente ó pazo de Viturro, o de Isorna na aldea de Cestelo, ou o máis grande do mundo, o situado xunta a igrexa do Araño, a parte dos outros moitos de menor tamaño. A gran cantidade de fontes que fan florecer os numerosos mananciais que se dispoñen nesta zona. Os antigos pombais construídos integramente en pedra (a practica totalidade en estado ruinoso). Os muíños de auga que acompañan os cursos de auga, sobre todo no río Té, todos en desuso. Os escudos ou brasóns, en Rianxo existen numerosas mostras deste tipo, sobre todo das familias dos Caamaño, Soutomaior, Moscoso, Torrado, Bastón,..., facendo un total de 38 (e 3 desaparecidos) segundo a publicación de Santos e Comoxo (1997, p.104-105) na cal corrixen o número de 31 confirmado anteriormente por Castelao na publicación da revista Nós nº113

Sen saír agora da vila de Rianxo, é preciso mencionar as tres capelas relixiosas, así como a súa igrexa parroquial, a cal, está dedicada a Santa Comba-Santa Columba, e consta dunha ampla nave dividida en catro tramos por arcos decorados. Está datada a mediados del s. XV, o actual campanario é de estilo barroco e foi construído entre 1737 (fonte: Gran enciclopedia Galega) e 1740 (fonte: Oficina de Planeamento) con pedra procedente da fortaleza de Paio Gómez Chariño, coñecida no presente como o Castelo da Lúa, situado na Torre, do cal apenas quedan restos. Esta fortaleza fora derruída nas revoltas irmandiñas a principios do s. XVII Este castelo foi escavado arqueoloxicamente a principios da década do 2000, cando polas súas inmediacións se trazou e realizou un paseo marítimo.

A actual capela de nosa señora de Guadalupe, a cal antes se coñecía por nosa señora da Cruz ata que se reformou para ser ampliada. Esta capela sitúase na antiga entrada da vila, na actual entrada da praza Castelao. A súa fundación débeselle a Alonso Fernández de Bastón e á súa muller, segundo consta nun rótulo do seu interior. A datación é de 1671, aínda que con certeza se construíse sobre outra, xa que no 1561 figura nun foro realizado polo mencionado Alonso, co nome de Nosa Señora da Cruz. Hoxe en día esta capela é moi famosa, porque garda a imaxe da Guadalupe, a cal data de 1773 e foi realizada polo rianxeiro frei Xosé de Santiago, traída do seu antigo emprazamento, a capela de San Xosé da Floresta, a mediados do s. XIX. A súa festividade celébrase a principios de setembro (o proio día da celebración coincide co primeiro domingo que cadre máis alto do día 8), con gran afluencia de xente tanto no propio día festivo, no que os mariñeiros pasean a imaxe polo mar nas súas embarcacións, como pola festa-verbena celebrada na súa honra.

A capela de San Xosé da Floresta, levantada no lugar de Rianxiño, foi construída por orde de Xacinto Varela Becerra Soutomaior, a través dunha licenza outorgada no 1644. Como xa se comentou, nesta capela venerouse dende 1773 ata o seu traslado a imaxe de nosa señora de Guadalupe. Esta capela, ó contrario do que se observa na actualidade, estaba construída de forma illada, nun lugar ausente de casas, a certa distancia da antiga aldea de Rianxiño.

A capela de San Bartolomeu asentábase nunha illa, a cal foi fusionada ca vila a través da realización do actual porto na primeira metade do século pasado. A súa datación é probablemente no s. XVII, xa que se descoñece quen foron os seus fundadores, aínda que escritos posteriores aluden á súa pertenza ós señores do pazo dos Calotes, no Araño. En 1854 serviu de refuxio de enfermos do cólera. O seu pésimo estado de conservación a finais do s. XX fixo que se restaura pola familia de canteiros rianxeiros Golias no ano 1990, tendo que ser refeita algunha fachada por completo.



**Imaxe 20**: Fotografía da capela de San Bartolomeu antes da restauración.



**Imaxe 21**: Fotografía da capela de San Bartolomeu despois da restauración.

Non se pode rematar este punto sen facer referencia ó gran número de rianxeiros que destacaron no campo das ciencias e das letras. Tanto con un grande valor local como dun nivel internacional. Non se podía obviar a personaxes como: Paio Gómez de Soutomaior (O Chariño) (1225-1295), almirante e trobador; Faustino Rey Romero (1921-1987), cura, ensaísta e poeta; Xosé María Brea Segade (1904-1934), mestre, activista e poeta; Rafael Dieste Gonçalves (1889-1981), literario, académico,...; Manuel Antonio (1900-1930), poeta e activista; Alfonso Daniel M. Rodríguez Castelao (1886-1950), médico, político, debuxante, escritor,...; Xosé Arcos Moldes (1863-1945), mestre, músico e gran realizador de labores sociais; Roxelio Pérez González (Roxerius) (1897-1963), mestre, reitor e periodista; Xesús Santos (1936- ), mestre, actor, escritor...; Anxel Romero Lojo e Xesús Frieiro Dourado, coautores da Rianxeira, a canción galega máis difundida no mundo sendo o himno non oficial de Galicia; José Pérez González (Pepito Pérez), un dos primeiros fotógrafos da zona; Álvaro de Isorna; Amaro González; Martín Torrado Mariño y Figueira; Frei Luis Iglesias González; Severo Araújo y Silva; Eduardo Dieste Gonçalves; Xosé Romero e Maruxa Miguéns, dos Rosales; Helena Villar Janeiro, escritora; Nuco Losada Romero, escultor;... e un largo etcétera de personaxes, escritores, cantantes, músicos, directores, artistas... que se desenvolveron creativamente en Rianxo.

► **Elementos urbanos estruturadores.**

Sen ter en conta o século exacto da orixe, pois como xa se viu, recentes descubrimentos arqueolóxicos atrasaron ó arredor de un milenio a orixe de Rianxo; e sen entrar no debate de que núcleo é máis antigo, existen distintas teorías, con máis ou menos fundamentos, sobre a orixe da primeira poboación, por un lado pode situarse na vila de Rianxo, mentres que por outra vertente parece que a orixe da poboación era Rianxiño, partindo do prehistórico castro que alí se conserva, formándose a vila de Rianxo a partir de construcións que se construían para apoio dos traballos no litoral polos habitantes que baixaban á vila dende Rianxiño. A vila de Rianxo ten a súa orixe na zona da igrexa, Cabo da Vila e Praciña. Destacar a contorna da igrexa parroquial, xa que ó seu pé se atopa o pazo de Martelo, o cal xa fora levantado sobre unha antiga torre contemporánea do Castelo da Lúa, propiedade de Paio Gómez Chariño.




**Imaxe 22**: Zona que abrangue a parte máis antiga de Rianxo, plano onde aparecen distribuídos os nomes das rúas.

Tomando como xerme a zona indicada, parece que o crecemento primario foi paralelo e perpendicular á liña de costa, medrando cara o norte mediante as rúas de Abaixo, do Medio e de Arriba. De forma perpendicular tamén semella que se foron dispoñendo os distintos canellóns para unir as rúas entre elas e a rúa principal que partía do centro Rianxeiro en dirección Fincheira. Unha vez establecido o asentamento na primeira liña do litoral, parece que a vila foi medrando en continuación desa liña, partindo do núcleo mencionado e dirixíndose cara o Sur para a zona do Castillo e para o Norte cara a contorna da praza Castelao. De forma perpendicular, o lugar do Cabo da Vila e sobre todo a rúa do Hospital foron medrando na súa continuación.

A presión que se exercía de forma paralela sobre a liña de litoral producía que as construcións acababan directamente encima do no mar, este tipo de presión era debido ó aproveitamento que se daba neste tipo de vilas sobre o litoral, chegando a utilizar as propias casas como amarre das embarcacións ou a sufrir as inclemencias do mar nos días de inverno directamente sobre as fachadas das vivendas en forma de ondadas sobre as casas. As primeiras medidas urbanísticas tomadas no pobo foron encamiñadas neste sentido, pois xa na fase de estudo, na segunda metade do s.XX, realizáronse os primeiros recheos marítimos para dar aire á franxa marítima, aínda que o primeiro, xa se dera antes dos anos 50 para unir a vila ca pequena illa que emerxía a escasos metros da costa sostendo a capela de santo Bartolomeu, á cal se podía acceder en embarcación ou a pé por encima das rochas co beneficio das mareas baixas.

En definitiva, no momento que se empeza co estudo de caso no ano 1956 o que se atopa en Rianxo é unha vila con características totalmente mariñeiras e cunha forma urbana herdeira dunha poboación baixo medieval, aínda que como se veu no caso particular de Rianxo a orixe fora anterior, ou como explica a autora Tania Galán Gómez (2006, p-19) dun modo máis xeral ó nivel da Galiza *"O desenvolvemento urbano de Galiza no medievo abrangue dende as primeiras décadas do século XII ás primeiras do XIII (...) modelando o espazo, as vilas e aldeas, e transformándoas en núcleos urbanos."* Demostrando que aínda que a orixe fora anterior, os vestixios deixados sobre a morfoloxía son posteriores. A parte do visto na parte histórica, a propia autora xa nos mostra a Rianxo en épocas baixo medievais como porto e orixe de rutas a Compostela, (2006, p-108,110) *"O camiño costeiro unía con Santiago o resto dos portos pesqueiros da Ría de Arousa (Vilagarcía, Cambados, Rianxo e a Aldea do Deán) de maior importancia a partir do século XV (...) Na península do Barbanza, Noia e non Padrón era a que concentraba no medievo os camiños que atravesaban esta península dende Rianxo... "* Destacar que o porto de Rianxo orixinario era na zona do Portiño, aínda que cando comeza este estudo estaba desenvolvido e en pleno auxe o porto de Setefogas. A demostración máis factible deste centro neurálxico ó redor do porto, concretamente no Portiño en épocas máis antigas é a localización, como se verá máis adiante, da lonxa do peixe nesa determinada posición.




**Imaxe 23**: Imaxe documental do primeiro mapa no que aparece Rianxo. 1595 (Fonte: Galictia (pormenor): Johannes Metellus)

Con respecto á tipoloxía é notable destacar, igual que na forma, as formas medievais e mariñeiras, con construcións estreitas, de pouca altura, chegando como máximo a tres andares e sen espazo entre medianeiras.



**Imaxe 24**: Vista do litoral de Rianxo tomada dende o mar. Fotografía realizada nos anos 1920-30, etapa anterior a calquera recheo. Na parte superior dereita destaca a torre da igrexa parroquial de Santa Columba ou Santa Comba de Rianxo.

A imaxe é un reflexo claro do que se comenta, mostrando os aliñamentos sen espazo entre as distintas construcións, compartindo na maioría das ocasións unha parede común como medianeira.

As vilas mariñeiras teñen uns factores comúns con respecto á súa tipoloxía construtiva, similitudes que nacen nas necesidades que presentan os mariñeiros, pois ó contrario do que se pode necesitar nunha casa de campo, onde se precisa espazo para realizar as labores propias do campo e gandería, tendo que introducir dentro das construcións zonas para almacenamento, garda de animais,... os mariñeiros desenvolven as súas actividades fora da casa, utilizando unicamente esta para a parte máis privada. Incluso a día de hoxe é común que os mariñeiros e traballadores do mar teñan construcións auxiliares para as súas labores. En moitas das antigas construcións era típico usar incluso a entrada ou a parte baixa como almacén de utensilios marítimos e o resto da vivenda como fogar. Noutras incluso evolucionaron de vivendas a almacéns ou de almacéns a vivendas, segundo o estado de conservación da propia construción.

Unha "lenda" que serve de reflexo da caracterización tipolóxica das vivendas cun estilo máis mariñeiro atopadas en Rianxo é a que explica a súa elaboración a través da medida dun remo, medida a cal tería que cumprir nun mínimo para poder ser servizal ós moradores. Desta forma, distribúense unha serie de casas pola vila coñecidas como "as casas do remo", as cales realmente existen e cumpren con esta regra. A dificultade reside en comprobar ata que punto é unha realidade ou unha visión nostálxica das antigas construcións.

### 3.2. Delimitación.

En puntos anteriores xa se resolveu a localización do concello de Rianxo, neste apartado o que se delimita é a zona concreta a analizar, o porqué da escolla desta determinada área de estudo.

A vila de Rianxo está situada na parte suroeste do concello, é a poboación máis importante de toda a parroquia e de todo o concello dende calquera punto de vista (habitantes, construción, servizos,...). Na actualidade ten unha forma totalmente urbana, urbanidade que foi expandindo ós pequenos núcleos que rodeaban a vila.




**Imaxe 25**: Fragmento da zona de Rianxo dun mapa físico, onde se pode observar a localización do núcleo e a súa contorna.

Para comezar unha investigación desta natureza é preciso delimitar a área de estudo. Desta forma xorde a escolla da vila e a súa contorna máis próxima. A vila de Rianxo, a día de hoxe, preséntase entre o tecido urbano da propia vila e os núcleos máis próximos que anteriormente se dispoñían de forma independente e afastada, como: Rianxiño, As Cortes ou Fincheira. Estes núcleos na actualidade forman un conxunto, o cal funciona como unha unidade de servizos urbanos, e os cales xa non se distinguen de forma illada.




**Imaxe 26**: Imaxe onde se expoñen os nomes dos distintos núcleos ou lugares que foron introducidos na zona de estudo.

Esta orixe de Rianxo, en base a distintos núcleos, provoca unha curiosidade, xa que nunha contorna urbana identifícanse moitas rúas que son novas ou ampliacións (como se verá no apartado de vías) e que reciben nomes de persoeiros famosos ou relevantes para Rianxo. Pero no caso doutras rúas levan o nome da zona na que se situaban, como é o caso de Fincheira, o que provoca que na actualidade existan varios trazados co nome de Fincheira, cando nun orixe era un pequeno núcleo o que levaba ese nome.

Nos mapas que seguen a continuación plásmase visualmente a agrupación que se ven mencionando.

A delimitación que se usa para o estudo de Rianxo é bastante básico, simplemente se parte dun encadramento no que se recollan os núcleos que constitúen Rianxo na actualidade e se cuadricula para as presentacións. Os núcleos que conforman Rianxo no presente son distinguidos de forma independente no plano da fase máis antiga, a de 1956, onde se expoñen os distintos asentamentos de forma individual.




**Imaxe 27**: Plano onde se pode ver a ausencia de conexión entre os distintos núcleos que formarán Rianxo. A conexión abarca varios niveis, porque incluso afecta ás tipoloxías, presentándose Rianxiño e As Cortes (Fincheira en menor escala) como poboamentos de carácter agrario, mentres que Rianxo presentaba características mariñeiras.

Por outro lado, na actualidade hai aberta unha oficina en Rianxo de soporte técnico para reformas e obras dentro de núcleos urbanos a través de subvencións autonómicas, Área de Rehabilitación Integral. Estas áreas veñen definidas e conforman un certo paralelismo ca parte exposta anteriormente, dando un mesmo resultado visual para a delimitación da zona a analizar.




**Imaxe 28**: Plano onde se pode ver a área delimitada na actualidade como partes máis antigas merecedoras de subvencións para rehabilitación a través de asesoramento técnico. O núcleo que se bota en falta é o de As Cortes, o cal non aparece na actualidade dentro de ningunha área de rehabilitación integral, aínda que xa aparecía como núcleo na primeira fase en estudo.

### 3.3. Regulamentación.

En toda a historia de Rianxo soo existe unha regulamentación propia de carácter xeral. Esta non é outra que as normas subsidiarias do 84, sen embargo para ser exactos, aínda que así sexan coñecidas, foron aprobadas no ano 1985, seguindo vixentes ata o presente. Esta normativa de ámbito municipal é a única norma que existiu na cronoloxía do concello a nivel de todo o municipio.

Previamente á aprobación destas normas subsidiarias *N.S.P. 11/07/1985*, existiron en Rianxo unhas normas de ordenación da parte portuaria *D.S.U. 12/04/1978* as cales foron despois recollidas dentro das N.S.P. do 1985.

A partir deste ano 1985, o que se realizou foron pequenas ordenacións puntuais para introducir ou axustar á legalidade as urbanizacións que se ían construíndo, dentro das normas do 84. Exemplos deste tipo de axustes dentro da zona a estudar son *M.P. PP SAU 3 PAZO RIANXIÑO, PARCELAS Z4 E Z6 06/07/2004*, que se refire a unha modificación para a posible construción nunha área de Rianxiño, cerca do instituto; *E.D. TERREO CASTELO 04/08/1995*, que adecuará unha parcela anteriormente portadora dunha nave industrial para darlle posibilidade de edificación de vivendas próximas ao náutico deportivo;... Así quedarán a totalidade das modificacións, marcando en gris as referentes á zona en estudo:

**-P.P. Pazo de Rianxiño 13/01/1989**

**-P.P. SAU-2 28/10/1992**

-P.E. De mellora do litoral no contorno da praia da Torre (ata o porto de Taragoña e a desembocadura do rio Te) 23/06/2008

**-M.P. PP SAU 3 Pazo Rianxiño, parcelas Z4 e Z6 06/07/2004**

**-E.D. Aliñacións e volumes na praza do Castelao 06/09/1991**

**-E.D. Pazo de Rianxiño, Z-3 02/05/1995**

**-E.D. SAU-2 Gudiños, Martelo 04/08/1995**

**-E.D. Terreo Castelo 04/08/1995**

**-E.D. Volumes e rasantes no SAU-2 04/08/1998**

-E.D. Taragoña. Entre C-550 e pista A Cruz 04/08/1998

-E.D. Cubiliño - Taragoña 29/11/1999

**-E.D. Z-3 SAU-2 03/05/2001**

**-E.D. Castelo. Solar de Abuín 05/05/2001**

**-E.D. Z-8 PP SAU-3. Rianxiño 05/06/2001**

-E.D. Senra, Taragoña 03/10/2001

**-E.D. Z-4 PP SAU-3 05/02/2002**

**-E.D. Pazo Rianxiño, Z-3 23/12/2002**

-E.D. Buhía O Araño 23/12/2002

-E.D. Da parcela Alcampo 27/05/2004

**-E.D. (Refundición) No cuarteirón da estrada de Rianxiño e rúa Rinlo 19/07/2004**

**-E.D. Rúa Rinlo e rúa Rosalía de Castro 18/08/2004**

**-E.D. Finca "O Castelo" 05/10/2004**

**-E.D. Zona Z-4. SAU 3 Pazo de Rianxiño 04/01/2005**

-E.D. Sinalamento de aliñacións. O Burato - Taragoña - Rianxo 03/05/2005

-E.D. Residencial Rianxo. A Barraca 23/02/2006

-E.D. Modificado III de estudio de detalle O Cruceiro. Taragoña 02/03/2010

Destacar que desta listaxe, o 65% das 26 modificacións que se realizaron en todo o concello pertencen á área delimitada para a elaboración do estudo de caso, destacando máis o protagonismo desta área previamente escollida.

Outro tipo de modificación que se realizou a partir do ano 85 foron os referentes á realización de obras de interese xeral que non quedaran rexistradas nas normas do 84. Un exemplo pode ser o *M.P. NSP PARA DOTACIÓN ESCOLAR 13/01/1989*, que consistiu nunha modificación nas normas para a construción dun edificio de finalidade educativa; así podemos atopar varios exemplos que se foron dando, sempre dende un punto de vista do beneficio xeral. Neste tipo de excepcións tamén se poden atopar un cambio de uso, pois nas *M.P. NSP PARA A INCLUSIÓN COMO DOTACIONAL PÚBLICO AS CASAS DE ILUSTRES RIANXEIROS 14/11/2008,* cámbiaselle o uso a tres casas que aparecen nas normas de 84 como residenciais para pasar a ser de tipo dotacionais (para museos). O total deste tipo de excepcións é o seguinte:

-M.P. NSP Para dotación escolar 13/01/1989

-M.P. NSP Varias 29/01/1992

-M.P. NSP NUM 6 Relativa a re-axuste de trazado dunha vía pública 01/07/1994

-M.P. NSP Para rexeneración do borde litoral 06/10/1998

-M.P. NSP Para inclusión de terreo en transversal a estrada de Rianxiño en solo urbano 13/04/1999

-M.P. NSP Na ordenanza reguladora de patios de parcela lindantes con vial ou espacio público 18/05/1999

-M.P. NSP Ordenanza 6 sunp-d15. Romardeiro. usos en núcleos de poboación, grados 1, 2 06/08/2002

-M.P. NSP Para a inclusión como dotacional público as casas de ilustres rianxeiros 14/11/2008

-M.P. NSP Para equipamento dotacional na Capela 03/12/2010

Estas normas subsidiarias do 84 específicas de Rianxo sempre foron acompañadas da aplicación das normativas xerais da Galiza que estiveran en uso. Isto é, en cada momento aplicaríase a normativa Galega vixente e as normas subsidiarias de Rianxo, a parte de outras normas nas que o concello de Rianxo puidera estar afectado en cada momento e en cada situación, como podería ser a lei de costas, a de augas, a de estradas,... que son normas específicas sobre lugares concretos. Pero de forma xeral o que se aplica é cada lei sobre a construción vixente na Galiza.

Neste intre a lei vixente é a *LEI 9/2002 DO 30 DE DECEMBRO, DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA* , que cas súas modificacións aprobadas dende o ano 2002 é o que se está aplicando en Rianxo acompañando ás normas subsidiarias propias.

Dende a entrada en vigor das N.S.P. 11/07/1985 en Rianxo, as Leis do Solo de Galicia que foron acompañando estas normas foron as seguintes:

- Lei 11/1985, de 22 de agosto, de Adaptación do Solo a Galicia. Lei vixente ata o 30 de abril de 1997.

- Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia. Lei vixente ata o 1 de xaneiro de 2003.

- Lei 9/2002 do 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Lei vixente ata a actualidade.




**Imaxe 29**: Plano do núcleo de Rianxo onde se pormenorizan os distintos usos do solo. Número de plano P-1 pertencente á documentación das normas subsidiarias do 84.

A modo de exposición final mostrar a totalidade de regulamentos, leis e demais normas oficiais de obrigado cumprimento de forma histórica ata a actualidade, presentadas a modo de relación sistemático-histórica da normativa urbanística en Galicia:

- Regulamento de Obras, Bens e Servizos, 14 de Xullo de 1924.

- Lei do Réxime do Solo e Ordenación Urbana, 12 de Maio de 1956.

- Sentencia do Tribunal Constitucional Nº 61/1997, 20 de marzo, e 164/2001, 11 de Xullo.

- Lei 19/1975, 2 de Maio, de reforma da lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- Real Decreto 1346/1976, 9 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (Vixente ata o 30 de Xuño de 1992)

- Real Decreto 3288/1978, 25 de agosto, polo que se aproba o Reg. de Xestión Urbanística para o desenrolo e aplicación da lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- Real Decreto 1346/1976, 9 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- Lei de Vivenda Social de 1976.

- Constitución Española de 1978.

- Real Decreto 2159/1978, 23 de Xuño, polo que se aproba o Reg. de Planeamento para o desenrolo e aplicación da lei sobre réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- Real Decreto-Lei 31/1978, 31 de Outubro, sobre política de vivenda.

- Real Decreto 3148/1978, de 10 de Novembro, polo que se desenrola o Real Decreto-lei 31/1978, 31 de Outubro, sobre política de vivenda.

- Real Decreto - Lei 3/1980, 14 de Marzo, sobre Creación de Solo e Axilización da Xestión Urbanística.

- Real Decreto - Lei 16/1981, 16 de Outubro, de adaptación de Plans Xerais de Ord. Urbana.

- Lei Orgánica 1/1981, 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.

- Lei 11/1985, 22 de agosto, de Adaptación da Lei do Solo a Galicia.

- Lei 7/1985, 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- RD 1926/1985, 11 de Setembro, sobre o traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Patrimonio Arquitectónico, control de calidade da edificación e vivenda.

- Decreto 240/1989, 19 Outubro, sobre habitabilidade das vivendas en Galicia.

- Lei 8/1990, 25 de Xullo, sobre Reforma do Réxime Urbanístico e Valoracións do Solo.

- Real Decreto Lexislativo 1/1992, 26 de Xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre o Réxime do Solo e Ordenación Urbana. (Vixente ata o 27 de Xuño de 2008)

- Lei 30/1992, 26 de Novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

- Dec. 311/1992, 12 de Novembro, sobre supresión da cédula de habitabilidade en Galicia.

- Real Decreto 304/1993, 26 de Febreiro, polo que se aproba a táboa de vixencias dos Regulamentos de Planeamento, Xestión Urbanística, Disciplina Urbanística, Edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Solares e Reparcelacións, en execución da disposición final única do Texto Refundido da lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- Lei 10/1995, 23 de Novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

- Lei 7/1995, 29 de Xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo. (Vixente ata o 1 de Xaneiro de 2003)

- Lei 13/1996, 30 de Decembro, de infraccións en materia de vivenda. (Vixente ata o 6 de Febreiro de 2004)

- Lei 1/1997, 24 de Marzo, do Solo de Galicia. (Vixente ata o 1 de Xaneiro de 2003)

- Lei 6/1998, 13 de Abril, sobre réxime do solo e valoracións. (Vixente ata o 1 de Xullo de 2007)

- Decreto 28/1999, do 21 de Xaneiro polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia

- Real Decreto-lei 4/2000, 23 de Xuño, de Medidas Urxentes de Liberalización no Sector Inmobiliario e Transportes.

- Lei 4/2003, 29 de Xullo, de vivenda de Galicia. (Vixente ata o 20 de Abril de 2009)

- Lei 8/2007, 28 de Maio, do Solo. (Vixente ata o 27 de Xuño de 2008)

- Decreto 262/2007, 20 de Decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego.

- Real Decreto Lexislativo 2/2008, 20 de Xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Solo (Lei Estatal vixente)

- Lei 18/2008, 29 de Decembro, de vivenda de Galicia. (Vixente ata o 13 de Agosto de 2012)

- Circular informativa 1/2003, do 31 de Xullo, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- Circular informativa 2/2003, do 31 de Xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico.

- Circular informativa 3/2003, 31 de xullo, sobre o réxime de autorizacións para edificar en núcleos rurais de municipios sen planeamento.

- Decreto 19/2011, 10 de Febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.

- Real Decreto 1492/2011, 24 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da lei de Solo.

- Lei 9/2002, 30 de Decembro, de ordenación urb. e protección do medio rural de Galicia.

- Lei 15/2004, 29 de Decembro, de modificación da lei 9/2002, de 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- Lei 6/2007, 11 de Maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

- Lei 6/2008, 19 de Xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a lei 9/2002, do 30 de Dec., de ordenación urb. e protección do medio rural de Galicia.

- Lei 2/2010, 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

- Decreto 29/2010, 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

- Lei 8/2012, 29 de Xuño, de vivenda de Galicia (vixente)

(Fonte: técnico Yago Abilleira López e noticias.juridicas.com)

Para fechar este capítulo, hai que deixar constancia da diferenza no número de normativas aplicadas en Galicia, sendo ou non propias, en contraposición ca única norma de aplicación específica de Rianxo. As normas subsidiarias aplicadas en Rianxo van sempre da man destas outras normas de carácter xeral a nivel de Galiza, para complementar as directrices locais.

# 4. Criterios e descrición das fases de estudo

## 4.1. Criterios de escolla

As datas escolleitas para a realización das distintas fases de análise e estudo da tipoloxía urbana e demais parte analítica son: 1956, 1973, 1984, 1999 e 2012 (actualidade).

Estas datas cumpren uns requisitos de periodicidade intermedia pola cal foron escolleitas, ademais de ser datas de certo interese xeral e sobre todo urbanístico.

► No **1956** foi a data na que pasou o "voo americano" fotografando todo o litoral da Galiza. Esta data tamén é clave no sentido que, en Maio do 1956 aprobouse a primeira Lei do Solo (12-05-1956) polo que toda a construción que se divisa nesta fase é previa ó cumprimento desta lei do 56. De igual maneira, este ano mostra un Rianxo nun estado inicial, nun momento previo a calquera tipo de modificación neo-urbanística ou de especulación urbana. As imaxes realizadas polo dito voo sobre Rianxo serviron de base para a elaboración do catastro do ano 1957, o cal se reproduciu directamente sobre as fotografías obtidas.

O coñecido como "voo americano" foi o segundo dunha serie de voos por parte de avións americanos, o primeiro voo americano en España realizouse no 1946, pero na Galiza, e máis concretamente na zona de Rianxo, non se teñen datos de fotografías de ese primeiro voo. No ano 1953, España e Estados Unidos chegaron a unha serie de acordos polos que varias bases militares americanas se despregaron por territorio español. Nestes acordos foi onde naceu a realización deste segundo voo, desta vez, con coñecemento de ser totalmente realizado por todo territorio español e xa en colaboración co Instituto Xeográfico Nacional de España. Esta serie de voos, nos que se fotografaba todo o territorio, pasaron a coñecerse como "Serie B" ou "voo americano de 1956".

► No **1973** foi realizado en Rianxo un mapeamento catastral de núcleos municipais, estando o casco de Rianxo incluído. O catastro rianxeiro foi levado a cabo dentro dun plan catastral a nivel de toda España, o cal nacera no 1968 e acabou no 1977. Este plan de implantación do réxime catastral foi realizado en colaboración cos concellos e supuxo un aumento do 167% das zonas "catastradas". O resultado deste mapeamento foi plasmado nuns mapas catastrais de grande exactitude urbanística. No concello de Rianxo aparecen mapeados dentro desta serie o núcleo de Rianxo e o núcleo de Taragoña.

A data que se utiliza para esta fase, na que se realizaron estes planos, segue presentado un pobo bastante virxe, no ámbito urbanístico, e sen apreciar grandes cambios na súa estrutura, tendo unha grande continuidade con respecto á fase anterior.

► No **1984** realizáronse as normas que están aínda en vigor, son as normas subsidiarias do ano 84. Esta normativa é a que está marcando o urbanismo rianxeiro dende aqueles momentos ata día de hoxe, salvo pequenas variacións. Este tipo de normativa ten a orixe no ano 1956 cando se promulgou a Lei do solo do 56, a cal nos prevía que debido á existencia de numerosos pequenos núcleos de poboación, os cales non poderían elaborar Plans Xerais de Ordenación, cabía a posibilidade de regularse a través deste tipo de normativas. Aínda que neste momento non foron moi utilizadas, si que o empezaron a ser ca lei da reforma do ano 1975. (As normas subsidiarias considéranse instrumentos de ordenación municipal, ó mesmo nivel que os Plans de Ordenación) Este tipo de normas comezaron a expandirse por numerosos concellos de pequenas dimensións e posibilidades económicas. Así sucedeu en Rianxo, onde se realizaron no 1984, chegando a aprobarse no ano 1985, como xa se veu anteriormente cando se mencionaron as N.S.P. 11/07/1985 no punto 3.3. de regulamentación.

En resumo, estas normas subsidiarias municipais desempeñan a función de ser unha alternativa máis simple ós Plans Xerais Municipais. Destinadas a concellos con menos problemas urbanísticos e unha distribución máis sinxela.

► No **1999** foi un ano escolleito directamente por atoparse nunha franxa intermedia de dúas datas significativas, os planos do 1984 que se están tendo en conta ata a actualidade e a fase actual, onde se reflexa o estado presente do caso de estudo. Esta data de 1999 responde tamén a ser un momento de auxe urbanístico en Rianxo, un momento no que se estaba estendendo a construción polas partes permitidas en base ás normas subsidiarias do 84 dentro de Rianxo. Esta época é un momento no que xa empezara un gran interese en realizar un Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que substituíra as nomeadas normas do 84 e permitira regular Rianxo dunha forma máis actualizada.

Os planos usados para esta fase foron extraídos de unha serie de fotografías aéreas realizadas no ano 1999 sobre Rianxo.

► No **2012**, nesta ultima fase de exposición móstrase o estado actual de Rianxo. Os planos que se usan para esta fase son extraídos de diversas bases de datos totalmente actualizadas e da observación "in situ" do elemento a estudar. Para a elaboración destes planos e para a configuración da parte analítica relativa a esta fase é utilizada a ultima documentación existente, mostrando sempre a imaxe de como se atopa no presente, apoiándose na visión directa, tanto no lugar como a través de fotografías aéreas e ortofotos do ano 2012.

Neste momento séguese sen un PXOM aprobado, seguindo en vigor as normas do 84, aínda que foron xa varios intentos de producir un propio Plan Xeral de Ordenación Municipal. Na actualidade existe un proxecto de elaboración, o cal prognostica que ata o ano 2015 Rianxo seguirá sen dito PXOM.

### 4.2. Descrición das fases

A continuación exponse a distribución e descrición de como se atopa o caso de estudo representada en cada unha das fases preestablecidas (1956, 1973, 1984, 1999 e 2012).

Os planos que serviron para a realización das seguintes imaxes serán tamén a base das distintas análises realizadas durante esta investigación, xa que eses planos serán a constatación do estado existente en cada época, servindo de base para poder realizar as distintas exposicións que se darán nesta Disertación, como equipamentos, zonas verdes, infraestruturas,... exposicións as cales se distribuirán sobre as imaxes que serven de base e que se realiza en cada fase.

Os períodos nomeados serán tomados en ese ano particular ó que se refiren, sen ter en conta se cada elemento incluído foi elaborado con máis ou menos antelación á data da mostra. Este detalle podería ter provocado algún baleiro, pero soo dende o punto de vista local, nunca provocando alteracións na Disertación. Un exemplo de algún efecto descartado pola distribución en fases podería ser a movida rianxeira dos anos 90, como na fase do 84 non existía aínda, e na fase do 1999 xa desaparecera non queda rexistro durante a investigación a través de planos ou de equipamentos, pero é que realmente non deixou unha pegada no urbanismo, sendo realmente a finalidade desta Disertación.

De seguida realízase unha exposición que permite explicar en cada caso como se mostra os mencionados períodos, esta mostra será abordada de tres formas:

- Nun primeiro momento preséntase a imaxe correspondente ó plano de cada fase, onde se visualizan: as construcións (que aparecen cun recheo de sombreado gris), as vías principais (que aparecen cun recheo de puntos), as construcións auxiliares (sen ningún recheo), as vías secundarias, as vías privadas, as principais parcelas definidas na época e unha serie de liñas auxiliares que esclarecen e dan claridade visual á representación.

- A segunda exposición consiste nunha descrición escrita dos aspectos máis salientables que se presentan en cada época de análise. Esta descrición non profundará en moitos dos aspectos máis especificamente salientables, pois durante a exposición desta Disertación xa se abarcarán eses aspectos de forma concreta e individualizada. Como xa foi comentado, os planos orixinais destas imaxes tamén servirán de base a outros estudos, nos cales se definirán de forma máis destacada outros aspectos da investigación.

- A terceira representación apóiase na exposición dunha fotografía que recolla o aspecto visual caracterizado na época, ou na explicación correspondente que acompaña as imaxes.

Desta forma, despois da explicación formal na que se representa cada etapa, a continuación expóñense os distintos períodos, que xa se preestableceron anteriormente:

### ► Rianxo en 1956

Mapa de Rianxo do estado presentado no ano 1956. (Fonte para a súa elaboración: fotografías do voo americano)




**Imaxe 30**: Plano onde se pode ver o estado presentado pola área de estudo no ano de referencia preestablecido de 1956.

Rianxo en **1956** presenta unhas fronteiras claras e definidas, por un lado destaca unha fronteira recorrente como é o límite que se forma na liña de litoral, pero noutro sentido aparece unha novidade, que é a clara diferenciación que se presenta entre a parte construída e a parte conformada por fincas de cultivo.

A parte construída preséntase cunha forma bastante arcaica, sen apreciar ningún tipo de gran evolución urbana. Esta construción desenvólvese dunha maneira alongada apoiada na estrada principal de entrada, e ó longo da liña de costa. O primeiro recheo xa foi realizado, provocando o cambio de perspectiva sobre pobo, dándolle unha expansión para a esa parte, a cal viña funcionando ata esta época de forma limitadora. Este primeiro recheo soo será o punto de partida de toda a superficie que se lle irá gañando ó mar. O cemiterio xa estaba fora do núcleo, a as vías que o comunicaban presentan certo desenvolvemento, facendo medrar o pobo cara o Castillo, e cara a zona de Tanxil.

Rianxiño xa se presenta como un núcleo ben definido e de certa importancia, moi superior ós outros núcleos satélites rianxeiros como son As Cortes e Fincheira.

Na fotografía (imaxe 31) obsérvase como os límites das parcelas se confunden cos pequenos camiños existentes, como será comentado no punto das vías, moitas das rúas que existen en futuras fases nacen a partir destes camiños entre propiedades ou de servizos rurais.




**Imaxe 31**: Foto aérea de Rianxo en 1956. Pertencente á serie realizada polo voo americano.

## ► Rianxo en 1973

Mapa de Rianxo do estado presentado no ano 1973. (Fonte para a súa elaboración: catastro histórico)




**Imaxe 32**: Plano onde se pode ver o estado presentado pola área de estudo no ano de referencia prefixado de 1973.

Rianxo en **1973** presenta un claro desenvolvemento na súa forma urbana realizando un crecemento claro cara a área de Fincheira e cara o cemiterio pola parte do Castelo, formando desta maneira unha forma de anel a través da estrada de Tanxil. A cal se absorbe ca zona do cemiterio e Fincheira, aparecendo case unida a Rianxo pola rúa do Hospital.

A construción empeza a desenvolverse dunha forma moderada cara a parte sur de Rianxo, medrando a superficie edificada cara a zona da estrada de Tanxil, en dirección sur de Fincheira e cara a parte sur das Cortes.

Na imaxe tomada en Agosto do ano 1974, data practicamente equivalente ó plano anterior, xa se pode ver como aparece realizado todo o recheo dende os dous peiraos existentes, dende o peirao onde está a lonxa ata o peirao de Setefogas, convertendo esa antiga fachada do pobo nunha zona de espallamento, pois nesta época (o recheo acabouse a principios dos anos 60) a parte de entrada e transito desprazase para esa fachada litoral.

As edificacións comezan a cambiar o aspecto urbano, pois nesta fase, como se pode comprobar na fotografía, comezan a despregarse edificacións de alturas desproporcionadas, como se pode ver na parte inferior dereita da imaxe, onde se acaban de edificar dous bloques de vivendas colectivas  cunhas alturas totalmente desequilibradas con respecto ás edificacións existentes na contorna.

Na parte sur de Rianxo, ou na parte esquerda da fotografía xa se visualizan os inicios da desaparición da fronteira entre o edificado e as fincas de cultivo, entrelazándose as edificacións no medio desta área aínda agrícola.



**Imaxe 33**: Foto aérea de Rianxo en Agosto do 1974.

## ► Rianxo en 1984

Mapa de Rianxo do estado presentado no ano 1984. (Fonte para a súa elaboración: Normas Subsidiarias en vigor - N.S.P. 11/07/1985)




**Imaxe 34**: Plano onde se mostra o estado presentado pola área delimitada na fase prefixada de 1984.

Rianxo en **1984** segue ca clara dinámica de recheos portuarios, comezando agora a facilitar espazo para a súa ocupación (sempre portuaria) con certos equipamentos. Isto segue provocando o desprazamento do pobo cara o seu antigo límite marcado pola liña de costa, e que agora comeza a gañar forza como elemento estruturador.

Pódese observar no plano que comeza a xerminar un asentamento ó redor da capela de Rianxiño, pero sobre todo, onde destaca o crecemento é na zona da estrada de Rianxiño, xa que na súa parte baixa empeza a consolidarse un pequeno núcleo.

As rúas que se abriron anteriormente na entrada do pobo, a parte de comportarse como circunvalacións, comezan a albergar e dar lugar a unha notable construción residencial de certa densidade.

Como xa se adiantara na anterior fase, semella que a meseta que rodea Rianxo empeza a ser unha zona clara de expansión e definitivamente a perder peso como espazo de cultivo (como viña traendo unha longa tradición) e converterse en parcelas para edificar. Así comezan a ser base de certos servizos e construcións escapando do centro clásico e ca axuda da ampliación e apertura de novas vías.

Na fotografía que segue (imaxe 35) pódese ver perfectamente a situación do pobo con respecto á contorna. Esta imaxe foi realizada en Agosto do ano 1989, pouco tempo despois da fase de referencia, servindo perfectamente para realizar dita comparativa. Podemos ver como a zona portuaria continua co seu crecemento, de feito nesta toma o que se ve é a obra portuaria máis importante, canto menos dende o punto de vista dos metros cadrados de recheo. É salientable ver a distribución xa esparrara que se comentaba, expandindo de forma clara as áreas edificables.

As edificacións nesta fase continuaron a liña anterior, realizando edificacións de ata 4 plantas de altura, como se recolle nas normas correspondentes, cambiando o aspecto do pobo de forma definitiva.



**Imaxe 35**: Foto aérea de Rianxo en Agosto do 1989.

## ► Rianxo en 1999

Mapa de Rianxo do estado presentado no ano 1999. (Fonte para a súa elaboración: Fotografías aéreas)




**Imaxe 36**: Plano onde se pode observar o estado presentado pola área de estudo no ano de referencia de 1999.

Rianxo en **1999** xa aparece cunha área portuaria de gran importancia e despois de conquistar bastantes metros de mar con respecto á liña orixinal do litoral. Aínda que non é definitiva, si que é a ampliación máis desmesurada, ó deixar unha gran superficie baleira na zona que existía máis afastada, como era a liña do litoral onde a construción exercía unha presión maior.

Nesta fase pódese empezar a intuír como as normas do 84 empezan a quedar obsoletas, para comezar, varias das actuacións que se prevían non se chegaron a levar a cabo, as cales ían na dirección de dar lugar a unha expansión máis cómoda do territorio, como serían unhas rúas na contorna do Campo das Cartas (máis arriba do Río de Cima) ou a continuación da estrada por Rianxiño ata conectala ca estrada nas Cortes.

A zona de San Xosé, en Rianxiño, xa está totalmente asentada, convertendo nun conxunto de edificacións o eixe marcado pola estrada a Rianxiño. Nesa zona comeza a despregarse unha urbanización de vivendas unifamiliares prevista nas nomeadas normas do 84.

A zona de Rianxiño uniuse a Rianxo a través dunha ampliación duns camiños existentes, ata convertelos nunha vía de certa importancia que fai conectar a parte alta de Rianxo ca estrada de Rianxiño de forma circunvalatoria.

Como se ven observando nas anteriores fases, atópase unha dispersión residencial por toda a zona de estudo, na fotografía que está a seguir (imaxe 37) pode corroborarse. Neste momento xa son os baleiros os que se comezan a identificar, quedando varias superficies desocupadas debido a factores particulares, como é o caso de: certa zona portuaria, aínda sen tratar; zona do cuartel da Garda Civil, devido a ser fincas privadas; zona traseira a Rianxo, por ser fincas sen acceso. O resto da superficie presenta un reparto disperso identificable a simple vista.



**Imaxe 37**: Foto aérea de Rianxo en Outubro do 1998.

### ► Rianxo en 2012

Mapa de Rianxo do estado actual, tomado no ano 1999. (Fonte para a súa elaboración: ortofotos, visión directa, planos ARI)




**Imaxe 38**: Plano onde se mostra o estado presentado pola área de estudo no ano pre-establecido de 2012.

Rianxo no **2012** preséntase desta forma, podemos ollar, sobre todo na imaxe que está a continuación (imaxe 39) que urbanisticamente está cerca do colapso, en todo o núcleo estudado quedan escasas parcelas que poidan ser edificadas por edificios de vivendas. Na fotografía é un claro exemplo de falta de zonas edificables no centro. As poucas zonas verdes que quedan son destinadas especificamente para esa finalidade.

A zona portuaria seguiu medrando e gañándolle metros ó mar. As explanadas son acondicionadas e acollen moitos dos equipamentos do concello, pertencentes a Portos, como se distingue tanto no plano como perfectamente na fotografía. O porto tamén sufriu moitas variacións no transcurso das fases, tanto na forma, visto anteriormente, como na disposición, pois na fase actual que se está tratando todas as embarcacións foron desprazadas cara a nova zona de atraque protexida cas novas escolleras, deixando as zonas orixinarias de atraque totalmente baleiras. O porto deportivo tamén foi gañando peso dentro do porto, e na actualidade está en estudo a súa ampliación. O porto deportivo e as súas instalacións, que se sitúan na zona de recheo que se ve na imaxe 39 na parte central inferior, ocupan agora esta zona de recheo que conseguiu que a punta de Fincheira se integrase nos aliñamentos e se diluíra como a parte máis saínte do pobo.

Na seguinte fotografía diferenciase perfectamente o eixe de crecemento que significa a estrada de entrada a Rianxo. A disposición de construcións é continua no seu percorrido dentro do que se ve na imaxe, que é máis que o que delimitamos nos planos de estudo.

Para rematar, destacar a falta de diferenciación que existe na fotografía entre a parte antiga e a nova, debido á intrusión de novas tipoloxías na parte antiga. Estas "unidade" tipolóxica provoca esta confusión na imaxe, cousa que non sucede no plano onde o que destaca é a forma urbana.



**Imaxe 39**: Foto aérea de Rianxo en  Setembro do 2008.

### 4.3. Evolución das fases.

A continuación expóñense dous esquemas onde se representa a evolución edificada. Representado cada esquema nun sentido de crecemento das distintas fases, para poder identificar a construción, existencia ou desaparición de calquera edificio. Isto é posible ó estar visualizando os dous esquemas de forma conxunta.




**Imaxe 40**: Plano onde se poden ver as construcións máis antigas nas capas superiores, deixando ver a antigüidade das construcións existentes.

Na imaxe 40, aparecen encima as fases canto máis antigas, deste modo pódese identificar, dentro do conxunto construído, a antigüidade dos edificios, pois a cor na que aparecen é na etapa na que foi construído; mentres que na imaxe 41, as construcións máis recentes aparecen nas capas superiores, deixando ver nun primeiro plano tódalas construcións existentes, e en capas secundarias as construcións que non chegaron á actualidade pero que reflexa o momento ata o que existiron.




**Imaxe 41**: Plano onde se poden observar as construcións máis recentes nas capas superiores, deixando ver a fase ata a que chegou cada construción.

Observando de forma combinada os dous esquemas anteriores (Imaxe 40 e 41) pódese identificar calquera construción e saber en que momento se construíu e ata que momento existiu. Exemplo, cóllese unha edificación, recoñecese dentro do esquema da imaxe 40, segundo a cor que presente está indicando a fase dende a cal a edificación existe; agora mírase a imaxe 41, e compróbase a cor que ten neste mapa, podendo corroborar que fase é relativa a esa cor, pois esa é a etapa ata a cal a edificación existe ou existiu.

Como se veu na descrición das fases, en calquera comparación de épocas distintas, un factor determinante no crecemento e expansión é a zona portuaria. A zona do porto foise modificando ao longo dos anos, coincidindo sempre algún cambio entre cada fase estudada, partindo do primeiro momento de 1956 ca construción existente de 3 peiraos e un recheo. E a partir de aí presentándose en cada fase marcada con algún cambio, determinando unha nova liña do litoral e de límite de crecemento en cada etapa. No seguinte esquema represéntanse as distintas superficies que se foron realizando de recheo con respecto ó mar.




**Imaxe 42**: Plano onde se poden ver as distintas ampliacións portuarias realizadas na área de estudo. Nos últimos anos, 2008-2009 foron realizadas obras de rexeneración e recheo de varias praias (Tanxíl, Quenxo, O Porrón, As Cunchas, O Pazo e A Torre) a través da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y el Mar, pertencente naquel momento ó Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, o cal mediante cofinanciación cun fondo europeo (FEDER) do período 2007-2013 investiu en Rianxo unha cantidade presupostada en 6,9 Millóns de Euros.

A evolución portuaria a través dos seus recheos e acondicionamentos é importante no desenvolvemento rianxeiro. Convertendo unha liña clara de límite de crecemento e de barreira edificadora e incluso visual (como era o litoral), nunha zona de esparexemento ou espallamento e na fachada principal do pobo.

# Principais aspectos da transformación morfolóxica

## 5. Principais aspectos da transformación morfolóxica

Neste punto desenvolveranse as distintas análises sobre a forma do caso de estudo, tanto dende o punto de vista cuantitativo, a través do incremento no número de edificacións; como dende o punto de vista da forma do crecemento, tendo soo en conta a importancia e direccións tomadas; dende unha perspectiva dos distintos equipamentos e servizos; ou dende o punto de vista da rede de infraestruturas; ou incluso dende o prisma dos espazos verdes públicos que se deron en Rianxo.

### 5.1. Crecemento cuantitativo

Unha forma alternativa de representar as construcións, pero sen entrar no detalle nin na forma de ocupación, como se abordará máis adiante, será a través dunha puntuación dos volumes. Esta forma de representación é moi útil para acompañar os datos de construcións facilitadas polo concello.

Cada punto representa unha unidade edificatoria, podendo corresponder a unha vivenda unifamiliar, unha vivenda colectiva, un edificio público,... Os puntos equivalen a unha única construción, e nos casos máis recentes de edificios con máis envergadura, que abarcan grandes superficies, identifícase un punto por cada bloque construído.

Por outro lado, o concello facilitou datos sobre os permisos estendidos en cada ano. Aínda sen existir unha coincidencia directa co número de puntos, si que é unha forma gráfica de acompañar as diferenzas numéricas que se dan destas licencias en cada fase. Desta forma, desempéñase un paralelismo claro entre as porcentaxes de incremento sufridas pola representación gráfica e licencias aceptadas no concello en cada período.

Para comezar coa primeira época a analizar, dáse o caso que as construcións que aparecen son as que existen desde sempre en Rianxo, atopándose edificacións dende séculos atrás, como xa se ten visto.

Os datos de licencias existentes no concello son a partir do ano 1950, polo que os datos expostos nesta fase son simplemente informativos, xa que soo son o reflexo de 6 anos de licencias. Os permisos serán contados ata o ano anterior ó da franxa exposta, xa que ó referirse a autorizacións de obra, serán realizadas despois de obter o respectivo permiso, e non terá reflexo na realidade física ata meses máis tarde. Ademais de que os anos representados son datados polo ano, pero sen identificación real do mes, mentres que os datos do concello reflicten o ano acabado a 31 de decembro.

Nas seguintes imaxes represéntase a diferenza de edificacións incrementadas nese período, con excepción da primeira que xa foi abordada. Na parte inferior indícase cunha gráfica as distintas cores e anos, aparecendo soo os puntos-edificios que medrou o lugar con respecto á fase anterior. Na primeira imaxe reprodúcese a totalidade do existente, por ter as edificacións existentes nesta fase orixes descoñecidas; mentres que nas outras imaxes unicamente se reflectirá o incremento.

Representación de puntos equivalentes a construcións existentes no ano **1956**.




**Imaxe 43**: Plano onde se representan con puntos as construcións existentes ata o ano 1956.

Desta forma, os datos existentes de licencias executadas ata o ano 1955 son de 356 obras concedidas para todo o concello de Rianxo. Repartidos da seguinte forma:1950 - 55 ob., 1951 - 53 ob., 1952 - 64 ob., 1953 - 72 ob., 1954 - 53 ob., 1955 - 59 ob. Aínda que é nun período moi curto, e sobre todo nunha época moi primaria no que á petición e regularización de vivendas se fala, dispóñense dunha media de 59 licencias anuais.

Representación de puntos equivalentes a construcións incrementados no **1973**.




**Imaxe 44**: Plano onde se dispoñen a través de puntos as construcións aparecidas no período dende o ano 1956 ata o ano de 1972, cos datos cerrados a 31 de Decembro.

Dende o ano 1956 ata o 1972, incluíndo ós dous, aceptáronse en Rianxo 2.660 licencias de obra. Estas foron repartidas, nos distintos anos, desta forma: 1956-70 ob., 1957-91 ob., 1958-111 ob., 1959-119 ob., 1960-101 ob., 1961-107 ob., 1962-136 ob., 1963-199 ob., 1964-208 ob., 1965-190 ob., 1966-236 ob., 1967-181 ob., 1968-221 ob., 1969-198 ob., 1970-173 ob., 1971-163 ob., 1972-156 ob. Presentando neste período unha media de 156 licencias anuais.

Representación de puntos equivalentes a construcións incrementados no **1984**.




**Imaxe 45**: Plano onde se dispoñen a través de puntos as construcións aparecidas no período dende o ano 1973 ata o ano de 1983, cos datos cerrados a 31 de Decembro.

Dende o ano 1973 ata o 1983, incluíndo ós dous, aceptáronse en Rianxo 3.076 licencias de obra. Estas foron repartidas, nos distintos anos, desta forma: 1973-284 ob,. 1974-246 ob., 1975-250 ob., 1976-314 ob., 1977-230 ob., 1978-259 ob., 1979-352 ob., 1980-361 ob., 1981-272 ob., 1982-238 ob., 1983-270 ob. Presentando neste período unha media de 280 licencias anuais.

Representación de puntos equivalentes a construcións incrementados no **1999**.




**Imaxe 46**: Plano onde se representan a través de puntos as construcións aparecidas no período dende o ano 1984 ata o ano de 1998, cos datos cerrados a 31 de Decembro.

Dende o ano 1984 ata o 1998, incluíndo ós dous, aceptáronse en Rianxo 4.828 licencias de obra. Estas foron repartidas, nos distintos anos, desta forma: 1984-258 ob., 1985-247 ob., 1986-223 ob., 1987-243 ob., 1988-302 ob., 1989-249 ob., 1990-248 ob., 1991-292 ob., 1992-294 ob., 1993-285 ob., 1994-352 ob., 1995-425 ob., 1996-389 ob., 1997-389 ob., 1998-247 ob. Chegando a ter neste período unha media de 321 licencias anuais.

Representación de puntos equivalentes a construcións incrementados no **2012**.




**Imaxe 47**: Plano onde se representa con puntos as construcións aparecidas no período dende o ano 1999 ata a actualidade, con datos cerrados a 31 de Decembro de 2011.

Dende o ano 1999 ata a actualidade, aceptáronse en Rianxo 3.078 licencias de obra. Estas foron repartidas, nos distintos anos, desta forma: 1999-226 ob., 2000-218 ob., 2001-215 ob., 2002-205 ob., 2003-161 ob., 2004-213 ob., 2005-209 ob., 2006-233 ob., 2007-249 ob., 2008-291 ob., 2009-270 ob., 2010-323 ob., 2011-265 ob. Chegando a ter neste período unha media de 237 licencias anuais.

A continuación preséntase un mapa resumo da evolución presentada anteriormente nos distintos gráficos. Partindo da diferenciación por cores das distintas fases de crecemento, o que se expón a continuación é un gráfico conxunto de todas as épocas, podendo observar a distribución puntual por zonas que se foi dando nas distintas épocas.




**Imaxe 48:** Representación da totalidade das construcións a modo de puntos, con diferenciación por cores segundo a fase correspondente á súa aparición.

Para ir pechando o capítulo, despois der ver en cada fase o número de licencias que se concedían e observar a través do gráfico de puntos as unidades edificadas que se ían construíndo, pódese realizar un repaso do número medio de vivendas que se ían desenvolvendo en cada fase. Así, na primeira fase de 1956 tíñase unha media de 59 licencias anuais, na seguinte fase de 1973 adxudicábanse de media 156 licencias anuais, na etapa de 1984 estábanse concedendo 280 por ano, na fase de 1999 abordábanse 321 permisos anuais e por último, ata día de hoxe, ou o que é o mesmo, na etapa do 2012 tense unha media de 237 autorizacións por ano.

Antes de nada hai que aclarar que o concello de Rianxo unicamente ten datos desta índole dende o ano 1950, e aínda que se teña constancia de permisos anteriores e da obrigatoriedade do seu uso para construcións, como foi o soado preito entre o pai de Castelao (famoso personaxe rianxeiro) e a alcaldía de Rianxo pola construción dun hórreo sen permiso municipal no ano 1919, como así mostra Xosé Comoxo (2011) (escritor rianxeiro) no seu blogue rianxeiros.blogspot.com.es. Pois a pesar desta obrigatoriedade era estendido o non uso deste tipo de procedementos para a construción, amaño e reparación de calquera tipo de construción. Exclusivamente unha minoría era a que seguía os cursos legais para a realización de obras, mentres que unha certa maioría realizaba as súas obras exentas de licencias municipais; afirmación que se pode corroborar ó acabar de asistir nestes últimos anos 2010-2012 a unha revisión do catastro, na cal unha gran porcentaxe de veciños foron reclamados por dependencias municipais do catastro para aclarar a situación de construcións fora de calquera tipo de rexistro.

Observando os números facilitados, e o seu reflexo no gráfico de puntos, pódese observar como as construcións a partir do ano 84 se elevan de modo salientable, e incluso pouco despois dese ano, no cal saen as normas subsidiarias que regulan a edificación en Rianxo, se ve como as partes construíbles comezan cunha ocupación espallada por todo o territorio. De tal forma é esta expansión, que na época do 1999 xa existe a necesidade duns novos regulamentos, o que debería ser un PXOM (Plan Xeral de Ordenación Municipal) que como o nome indica regulara e especificara a construción nos seguintes anos en Rianxo. As normas subsidiarias do 84 estaban; por un lado, comezando a presentar signos claros de esgotamento; e por outro, mostrando unha perspectiva de que certas actuacións previstas nel xa non ían a ser realizadas. Como se pode exemplificar coa falla de previsión para abordar a continuidade da circunvalación por Rianxiño, ou a da apertura e edificación na zona do Campo das Cartas.

Este PXOM reclamado desde anos atrás non chegou a executarse, polo que se pode observar como nos últimos anos (correspondendo á última fase) a construción foi diminuíndo, motivado en gran maneira á falla de terreo regulado para tal finalidade. Examinando os planos do 84 vese como existe terreo edificable, pero pola contra, *in situ,* o terreo realmente libre para edificar (que sexa edificable e que a propiedade estea disposta a que se constrúa) mostra signos de esgotamento, chegando no presente a non existir expectativas de construír vivendas colectivas.

### 5.2. Evolución da mancha edificada

A continuación vanse mostrar unhas gráficas con aspecto simulado de como evoluciona a superficie construída, sen mostrar a marca directa de cada límite construído senón unha orientación a base de representación de distintas formas de manchas para cada núcleo ou área edificada.

Para este tipo de representación unicamente se tiveron en conta as partes construídas, sen importar realmente a súa superficie real e sen considerar tampouco as vías, exclusivamente a forma de crecemento en base á superficie construída e a súa forma de expandirse.

Para este tipo de simbolismo foron usadas formas simples, todas elas baseadas en círculos e elipses, estas formas evitan que se confunda directamente ca forma real da poboación. Procurando evitar a confusión entre a forma real e mancha debuxada, unicamente indicando cada núcleo e as superficies para onde medra a poboación. As elipses son empregadas en crecementos cunhas formas máis lineares, desenvolvementos ó longo de vías, ó longo de límites ou cunha forma máis lineal; mentres que os círculos son usados para unha representación directa e clara dos núcleos, que polo xeral tamén presentan formas nucleares.

Ó longo das manchas sitúanse uns números, os cales poderán ser comprobados na correspondente lenda para orientarse de lugares concretos que expliquen cada plano. Entre cada fase trázanse unhas frechas, as cales indican o sentido de crecemento das distintas manchas. O tamaño, lonxitude e grosor da frecha é representativo da intensidade coa que a superficie construída se desenvolverá cara á dirección que a frecha indica previamente.

Na totalidade dos esquemas trázanse todas as manchas con dous tipos de gris, indicando exclusivamente as partes existentes nese momento e as fases de recente ampliación, unha forma sinxela de ser mostrada fase a fase como vai evolucionando dita mancha.

A dobre liña que aparece como límite marítimo é devido á representación de dous dos distintos lindes mariños; por un lado temos o orixinal, cando se empeza o estudo no ano 1956, mentres que na parte exterior se traza a liña actual do ano 2012. Como xa foi destacado, a zona portuaria realizou varios recheos que foron modificando a liña do litoral.

As rúas representadas son a modo esquemático, para dar unha claridade maior á representación das manchas construídas, e tendo en conta as vías que son importantes para o seu desenvolvemento.

A continuación expóñense graficamente as distintas fases polas que se divide o crecemento de Rianxo, tomando as 5 fases previamente marcadas (1956, 1973, 1984, 1999 e 2012) e os intervalos que hai entre eles, rematando cunha proposta persoal, na que se intentará instrumentalizar un prognostico de como evolucionará dita mancha construtiva no futuro.

Así quedan a continuación as 10 fases coas que se describe a nomeada evolución da área de estudo:

**Esquema 1 de 10,** como se atopa a superficie construída no 1956.




**Imaxe 49:** Representación a través de manchas da superficie construída no 1956.

No momento no que se comeza o estudo, aparece un núcleo no casco urbano de Rianxo, sendo xa cunha forma alargada ó longo da fronteira marítima. Esta forma alongada tamén coincide na parte máis ó Norte coa entrada ó pobo a través da estrada CP-7202.

O núcleo rianxeiro aparece máis asentado ó longo do litoral e ó redor da igrexa parroquial onde aparecen as construcións e rúas cunhas tipoloxías máis antigas. Este núcleo aparece acompañado a unha certa distancia por outros núcleos totalmente independentes, como son o de Rianxiño, Fincheira, As Cortes e Tronco. Os cales nestes intres son unhas aldeas de máis ou menos importancia pero totalmente independentes do núcleo rianxeiro. O núcleo que aquí se refire como Tronco é orixinalmente coñecido como As Cortes de Abaixo, pero debido ó auxe que gañou a zona e a praia de Tronco agora comeza a ser coñecido como Tronco, desa forma se refire neste momento para axudar a dar claridade ó esquema e á investigación.

**Esquema 2 de 10,** evolución construtiva dende o ano 1956 ó 1973.




**Imaxe 50:** Representación a través de manchas e frechas de como evolucionará a superficie construída dende o ano 1956 ó 1973.

Os pequenos asentamentos de Fincheira, Tronco e As Cortes non se van desprazando e medrando en dirección a Rianxo, senón que se van estirando ó longo das estradas existentes, sobre todo As Cortes, o cal se sitúa na estrada CP-3301 que une Rianxo con Bexo e vai avanzando cara a Brión, outra aldea que se localiza a pouco máis dun quilómetro.

O núcleo de Tronco vai medrando en seguimento do mar a través da vía existente que sae dende Fincheira, asentamento o cal medra en dous sentidos, por un lado vai en busca das Cortes ó longo da estrada CP-3301 e por outro lado empeza a medrar en busca das praias de Tanxil a través de camiños existentes.

Rianxiño vaise expandindo dunha forma bastante regular e con menor intensidade ó longo das rúas existentes. Rianxo vaise estirando máis a través da fronte marítima e empeza a subir nunha dirección perpendicular á liña do litoral, buscando o asentamento de Fincheira e as praias de Tanxil e Quenxo.

**Esquema 3 de 10,** como se atopa a superficie construída no 1973.




**Imaxe 51:** Representación a través de manchas da superficie construída no 1973.

O núcleo de Rianxo aparece estirado na súa entrada e aproxímase a unha nova zona chave na entrada, pois onde antes non había nada ou unicamente camiños de pouca categoría, agora aparece bastante edificación. Esta zona delimitase entre a parte baixa da estrada de Rianxiño e o acceso a Rianxo, encima da fonte de Rinlo.

Rianxo na súa parte Sur foise desprazando e aumentando en dirección das praias de Quenxo e Tanxil, a través da rúa que se dirixe ás praias e ó cemiterio. Este cemiterio xa fora construído antes do 1956, deixando o adro da igrexa inutilizado para fins funerarios, e abrindo definitivamente a praza na que se localizaba, a praza de Rafael Dieste, a un uso menos relixioso.

Fincheira xa aparece estirado polo trazado da estrada que se dirixe ás Cortes e coa mesma intensidade no camiño que se dirixe ás praias de Tanxil. Rianxiño pola súa parte, medrou dunha forma regular e cun crecemento bastante homoxéneo.

**Esquema 4 de 10,** evolución construtiva dende o ano 1973 ó 1984.




**Imaxe 52:** Representación a través de manchas e frechas de como evolucionará a superficie construída dende o ano 1973 ó 1984.

Rianxo vaise estirando máis ó longo da fronte marítima, tanto no litoral como na busca das praias. Tamén segue o crecemento a través de Rinlo pola estrada de acceso. Vaise ampliar nas rúas perpendiculares ó litoral buscando o núcleo de Fincheira. Na antiga entrada do pobo, debido á apertura dunha nova rúa (actual rúa Irmáns Ínsua), empeza a medrar tamén de forma perpendicular ó litoral. Na nova entrada do pobo xa está creado un novo núcleo o cal vai a medrar de forma importante ó longo da rúa que vai cara a Rianxiño, tamén, pero de forma menos importante en dirección a Rianxo ou cara á capela de Rianxiño, a cal está totalmente illada.

Fincheira segue medrando tanto cara á zona do cemiterio como ó longo da estrada. Rianxiño atópase cun límite en forma de estrada a cal impide a súa expansión cara ó lado sur, pero si que segue medrando a un ritmo máis lento cara ás outras direccións. As Cortes e Tronco seguen medrando a través das súas respectivas estradas, pero destacadamente nunca en dirección a Rianxo.

**Esquema 5 de 10,** como se atopa a superficie construída no 1984.




**Imaxe 53:** Representación a través de manchas da superficie construída no 1984.

Pódese apreciar o crecemento á altura do antigo acceso á poboación, o cal medrou dunha forma bastante acelerada, chegando a unha ocupación espacial interior similar á xa existente.

Os distintos núcleos foron medrando a un ritmo bastante regular, dentro dos cales hai que destacar a Fincheira que presenta un desenvolvemento tanto ó longo da estrada como nunha forma perimétrica, buscando a unión a Rianxo de forma indirecta. Aínda que se mostre separado nas rúas que os une directamente, si que xa se uniu polo interior, a través da zona do cemiterio, de forma periférica.

Comeza a chamar á atención o crecemento na entrada de Rianxo, debido ás novas alternativas viarias construídas en forma de circunvalación, que provocará a desconxestionamento do núcleo xa colapsado.

**Esquema 6 de 10,** evolución construtiva dende o ano 1984 ó 1999.




**Imaxe 54:** Representación a través de manchas e frechas de como evolucionará a superficie construída dende o ano 1984 ó 1999.

A zona do asentamento rianxeiro, unha vez fusionado co núcleo de Fincheira vai medrar dunha forma decidida en dirección ás praias situadas na parte sur, e incluso o centro da vila vai empezar a seguir estirándose ata a punta (punta de Fincheira). O centro de Fincheira polo seu lado vai empezar a estirarse en dirección Norte.

Rianxiño vai pasar a medrar en dúas direccións, por un lado vai continuar un crecemento cara ó Este ó longo da apertura dunha nova estrada de circunvalación, mentres que por outro lado e xunto coa parte nova que se creou na estrada de Rianxiño, vaise empezar a desprazar con gran intensidade cara á zona da capela de San Xosé. Esa nova estrada de circunvalación viña prevista nas normas do ano 84, pero realmente non se chegou a concluír, deixando o final de dita rúa abocada a unhas vías de moita menor categoría.

O centro de Rianxo, a zona onde se sitúa a igrexa vai seguir medrando en dirección Este. A entrada da vila segue desprazándose cara ó norte ó longo da estrada de acceso por Rinlo. Tamén empeza a desprazarse cara ó novo conxunto edificado da entrada a Rianxiño a cal aparte do mencionado crecemento cara á zona da capela, tamén segue o seu desprazamento a través da estrada cara a Rianxiño. Este novo asentamento, despregase da propia estrada a Rianxiño e medra en dirección Norte e Sur.

Os núcleos das Cortes e Tronco van deixar de estirarse unicamente ó longo das estradas nas que se asentan, para empezar a ampliar a súa superficie de forma perpendicular a estas vías. Sobre todo As Cortes, deixando constancia dun desenvolvemento cunha certa importancia cara á zona Norte e incluso empeza a estirarse na súa retagarda en dirección a Rianxo. O crecemento das Cortes tamén seguirá na súa traxectoria a través da nomeada estrada, sendo menor nesta fase.

**Esquema 7 de 10,** como se atopa a superficie construída no 1999.

Nesta fase, empézase pola descrición, dicindo que co desprazamento cara ó sur do núcleo recen creado na estrada para Rianxiño, así como o aumento da entrada de Rianxo ó norte e ó Este crean unha nova zona edificada ó carón do acceso á vila. Este asentamento é coñecido como estrada de Rianxiño. Tamén o desprazamento desa nova zona no seu aumento cara ó norte xunto coa ampliación de Rianxiño cara ó Oeste provoca no seu "encontro" o nacemento do novo núcleo de San Xosé, ó redor da capela existente. Lugar este especialmente curioso, xa que a pesar da existencia de dita capela dende séculos anteriores, nunca se desenvolveu ó redor dela ningún tipo de edificación ou núcleo edificado, pero neste intre devido ás ampliacións mencionadas e á apertura dunhas novas vías comeza a desenvolverse unha mancha construtiva coñecida como San Xosé, devido ó nome da capela.

O asentamento de Rianxiño tamén medrou ó longo dunha nova estrada aberta a modo de circunvalación que se dirixe á zona das Cortes. Esta circunvalación discorre nun primeiro tramo por unha nova vía e na parte final por camiños existentes.

A zona sur de Rianxo xa se fusionou con Fincheira, formando todo parte dun novo conxunto, o cal se desprazou cara ó norte a través da apertura de novas vías e cara ó sur na busca da zona de praias. Esta busca non responde a ningunha busca intencionada dese tipo de residencia, unicamente se debe ó crecemento apoiado nas vías existentes, ocupando dunha forma máis densa a zona onde se sitúa o cemiterio parroquial.

A recen fusionada zona de Fincheira tamén se uniu co asentamento das Cortes, medrando bastante, sobre todo cara ó norte a través duns camiños existentes que pasan por detrás das novas áreas edificadas.

O núcleo de Tronco, a parte do seu continuo crecemento ó longo das vías existentes empeza a medrar de forma perpendicular, acercándose por un lado á zona de praias e polo oposto, na vertente norte, ó asentamento das Cortes.

Esta comentada área das Cortes, a cal a parte de medrar tamén lonxitudinalmente a través da estrada, tamén retrocedeu cara a Fincheira chegando a unirse ó longo da estrada que vai a Rianxo como tamén empezou a medrar en sentido norte. Este crecemento cara ó norte dáse por dúas zonas distintas, por un lado por camiños existentes que se distribúen por detrás das zonas novamente edificadas e máis ó Este por outras pequenas vías que conducen a Rianxiño.

E agora si, despois da explicación deste punto, para acabar exponse o plano-esquema composto para a **fase 7 de 10.**




**Imaxe 55:** Representación a través de manchas da superficie construída no 1999.

Despois da descrición, e agora que foi exposto o esquema é momento de comentar que nesta fase a área de estudo xa ten un aspecto de conxunto. É a primeira vez na que se observa a poboación como un todo, e non como se viña presentando ata este momento, como varios núcleos próximos que se comportaban de forma illada. A partir deste instante Rianxo toma unha dimensión de conxunto.

**Esquema 8 de 10,** evolución construtiva dende o ano 1984 ó 1999.




Imaxe 56: Representación a través de manchas e frechas de como evolucionará a superficie construída dende o ano 1999 ó 2012.

Nesta última fase de crecemento, distínguese como o poboado rianxeiro se estende cara ás novas zonas de recheo, tamén como segue medrando ó longo das rúas que circunvalan Rianxo pola zona sur, próximas ás praias. As áreas ampliadas previamente cara ó Este continúan co seu crecemento na mesma dirección. A zona de Fincheira e As Cortes, que neste momento xa é un continuo dende o centro da vila, vai medrar cara ó norte a través das vías existentes que acaban en Rianxiño. O asentamento das Cortes tamén segue evolucionando ó longo da estrada cara a Brión. De igual maneira desprazase cara ó Sur, para a contorna de Tronco, lugar o cal tamén medra reciprocamente en dirección norte. Tronco tamén sofre un desprazamento en dirección das praias de Tanxil, partindo co alongamento de fincas e camiños privados que se afastan da rúa principal.

A zona da entrada xa fusionada coa parte baixa de Rianxiño segue medrando cara ó norte a través da estrada principal e de camiños secundarios que se aliñan de forma paralela. A zona máis perimétrica de Rianxiño tamén aumenta cara ás Cortes a través de novas vías.

**Esquema 9 de 10,** como se atopa a superficie construída no 2012.




**Imaxe 57:** Representación a través de manchas da superficie construída no 2012.

O núcleo de Rianxiño xa medrou a través de pequenas vías existentes cara ó norte, igual que na parte baixa, na que segue o crecemento en dirección da estrada. Tamén se despraza esta nova parte baixa cara ó norte, a través dos camiños existentes que foron aumentando a súa categoría inicial.

Todo o asentamento rianxeiro, xa fusionado con Fincheira, circunválase coa parte media de Rianxiño, deixando un pequeno baleiro paralelo á rúa Rinlo. A parte sur de Rianxo xa se circunvalou tamén con Fincheira a través das vías internas que discorren próximas ás praias, deixando desta forma tamén unha zona de baleiros ó Nordeste do cemiterio.

A superficie de recheos portuarios xa se ve ocupada nunha grande porcentaxe. A parte de imprimirlle un aspecto totalmente distinto á vila, pois onde antes era o límite do pobo, agora convértese nunha parte totalmente vertebradora, a zona onde se están asentando a maioría dos equipamentos.

**Esquema 10 de 10,** evolución construtiva que se prevé a partir do ano 2012.




**Imaxe 58:** Representación a través de manchas e frechas de como se prevé que evolucionará a superficie construída de Rianxo dende 2012 ata un futuro pouco distante.

A modo de resumo, despois de facer un repaso dunha forma gráfica e descritiva do que foi acontecendo coas superficies construídas durante as distintas fases que se tomaron no caso de estudo, agora pódese avanzar en base á mencionada evolución gráfica como se prevé que continuará avanzando a zona construída do conxunto analizado.

Partindo de que este é un primeiro punto clave, pois Rianxo xa é un conxunto, funcionando de forma unificada, e non como se comezou na primeira fase do ano 1956, cando Fincheira e As Cortes se dispoñían como poboacións totalmente illadas de Rianxo. Onde incluso partes de Rianxo (como os Loureiros, Rinlo ou O Castelo) se podían considerar zonas afastadas do que naquel momento se entendía por Rianxo. Na actualidade, Rianxiño xa case forma parte dese conxunto, aínda que dunha forma moi fráxil, percibindo certa falta de conexión integral.

O espazo que na actualidade existe entre Rianxo e Rianxiño debería acabar de encherse e ocuparse por edificacións que no presente xa poderían ser construídas, pero que as súas execucións van de forma lenta, quedando un espazo que de momento aínda presenta unha baixa densidade. Rianxiño tamén deberá medrar cara ó norte, por tratarse dun espazo que se presente bastante baleiro, ademais de seguir coa evolución que se trae nas distintas fases ata a actualidade. Este crecemento cara ó norte debería realizarse tanto na parte baixa (San Xosé) como na parte superior do poboado, indo en busca da zona do Pazo a través de vías xa existentes, aínda que adaptadas para soportar tal evolución.

Seguindo a evolución observada nas ultimas fases, sobre todo coa aparición da estrada que segue por Rianxiño fronte ó instituto, parece normal que en breve se unan a zona de As Cortes coa zona de Rianxiño, facendo unha especie de circunvalación exterior, non só da rede viaria senón tamén da mancha edificada.

Os dous baleiros que quedan no medio de Rianxo sería lóxico que foran enchéndose de modo edificado para desaparecer, xa que a evolución que vai presentando ata o presente está advertindo dese fin. A zona da beiramar tamén ten trazos de seguir exercendo certa presión sobre o litoral, tanto na zona portuaria como desprazándose cara ás praias, onde os antigos camiños se están convertendo pouco a pouco en rúas edificadas.

Outra zona que ten trazas de fusionarse é a de Tronco e Tanxil, xa que Tronco está medrando bastante para a parte sur, aínda que a día de hoxe sexa a través de fincas alongadas e camiños privados ou semipúblicos. Tronco mostra pequenos avances no sentido de desprazarse a unha unión coa zona sur de Fincheira para dar paso á completa fusión con Rianxo, xa que aínda permanece descontinuo no seu percorrido dende o centro.

Outra zona que debe ser proximamente desenvolvida é a extensión paralela ó trazado dende As Cortes a Brión, pois é a vía natural de escape do centro, tendo xa a fronte da estrada construído, o normal sería que as partes traseiras comecen a edificarse, ademais partindo de que é o escape directo da nova circunvalación que une As Cortes e Rianxiño e a continuación do crecemento do propio tecido rianxeiro.

Para rematar, comentar a evolución das vías, que como se foi vendo nestas imaxes, estaban representadas dunha forma totalmente secundaria, para dar unha claridade e referencia ós planos, representando unicamente as vías máis importantes e representativas de cada período. Pódese observar a clara forma de circunvalación que foron tomando as vías principais, escapando da marcha urbana central e tomando distancia con novas rúas que foron servindo de guía para desprazar con elas as novas manchas construídas. A última foi a xa comentada circunvalación non rematada que pasa polo Instituto de Rianxiño, pero vendo o conxunto evolutivo tamén se deixan dúas propostas, debendo pasar por aí tanto a nivel das rúas como a nivel das partes construídas, podendo resultar as vías suxeridas para dar cabida ó nomeado crecemento previsto.

### 5.3. Equipamentos.

A continuación realízase unha presentación distribuída por cada fase estudada dos equipamentos existentes, repartidos nos seguintes conxuntos de edificios: relixiosos, de servizos sanitarios, educativos, públicos, culturais, industriais ou edificacións de ocio ou deportivas. Quedando as distintas fases da seguinte forma:

**►Equipamentos en 1956.**




**Imaxe 59:** Plano onde se expoñen os distintos equipamentos existentes no 1956.

Rianxo na etapa correspondente ao ano 1956 presenta os seguintes equipamentos representados co número correspondente no plano anterior:

1- Capela de San Bartolomeu
2- Lonxa de pescadores
3- Liceo Marítimo Rianxeiro
4- Confraría de pescadores
5- Colexios Educación Xeral
6- Capela de San Xosé da Floresta
7- Fábrica Conserveira
8- Cemiterio Municipal
9- Cuartel da Garda Civil
10- Xulgado de Paz
11- Consulta Médica
12- Igrexa Parroquial Santa Comba
13- Casa do Concello
14- Sede do Frente de Juventudes (OJE)coñecido como casa das frechas
15- Mercado Municipal - Praza de Abastos
16- Capela Virxe de Guadalupe
17- Estaleiros de fabricación naval
18- Antigo Hospital, restos en ruínas
19- Oficina de Correos e Telégrafos
20- Terminal telefónica



**Imaxe 60:** Fotografía do edificio orixinal da cofrafía de pescadores, con soo unha altura. (Tomada anteriormente ó ano 1955).



**Imaxe 61:** Foto do edificio orixinal do mercado (ano 1963).



**Imaxe 62:** Foto da oficina de Correos e Telégrafos (ano 55).

Destacar a distribución de equipamentos ó longo do pobo, aínda que se nota certa falta de servizos na zona do Cabo da Vila, que aínda que sexa unha das zonas máis antigas non presenta unha equivalencia nos servizos prestados polo concello ou comunidade nese emprazamento.

Deixar constancia do desprazamento que xa sufrira o cemiterio cara á parte exterior da vila, deixando a súa antiga posición no adro da igrexa como espazo público.

Destacar a distribución de pequenas escolas por todo o pobo.

O edificio da confraría, acollía bastantes servizos, sendo un dos edificios máis versátiles e publicamente útiles da época. Co edificio do concello sucede algo similar, nesta fase presén-tanse diversas funcións no mesmo edificio. De sinalar a finalidade educativa de ámbolos dous.

Por outro lado chama a atención o tamaño do cuartel, seguramente devido á importancia militar da época, xa que o tamaño presentado era moi superior a calquera outro edificio existente na vila, incluso máis ca o concello ou a confraría, a pesar de aglutinar bastantes funcións e servizos públicos, como se acaba de mencionar. O aproveitamento como sede das OJE no edificio veciño ó concello é outra mostra da importancia militar sufrida na época.

►**Equipamentos en 1973.**

No seguinte plano aparecen representados os distintos equipamentos identificados en Rianxo na etapa de 1973.




**Imaxe 63:** Imaxe extraída dun plano onde se expoñen os distintos equipamentos que se desenvolvían no ano 1973.

Rianxo na etapa correspondente ao ano 1973 presenta os seguintes equipamentos, representados co número correspondente no anterior plano.

1- Capela de San Bartolomeu
2- Lonxa de pescadores
3- Liceo Marítimo Rianxo con club de Remo
4- Confraría de pescadores
5- Surtidor de combustible naval
6- Capela de San Xosé da Floresta
7- Fábrica Conserveira
8- Cemiterio Municipal
9- Cuartel da Garda Civil
10- Xulgado de Paz
11- Consulta Médica de Don Antonio
12- Igrexa Parroquial Santa Columba ou Santa Comba.
13- Casa do Concello
14- Cuartel Vello
15- Mercado Municipal - Praza de Abastos
16- Capela Virxe de Guadalupe
17- Estaleiros de fabricación naval
18- Colexio Pre-escolar e E.X.B.
19- Sede do Frente de Juventudes (OJE) coñecido como casa das frechas.
20- Depósito e tratamento de auga de consumo
21- Sala de Cine
22- Oficina de Correos e Telégrafos
23- Terminal telefónica



**Imaxe 64:** Foto do grupo escolar, en servizo dende principios dos anos 60. Na parte dereita destaca a vexetación da alameda ( 1974)



**Imaxe 65:** Foto do capela da Virxe de Guadalupe (Tomada anteriormente á década do 80)



**Imaxe 66:** Foto do edificio do concello. (Tomada anteriormente ó ano 1973).

É de destacar a creación duns novos grupos escolares, os cales pasan a aglutinar os moitos pequenos colexios que se diversificaban por todo o núcleo da vila. Coa creación destes novos edificios escolares unificouse a educación en todo o concello, chegando aquí os alumnos despois de pasar polas distintas escolas unitarias despregadas por todo o municipio. É contemporánea a construción dos edificios nos que vivirían os mestres, os que desempeñaran a súa labor neste colexio, construídos a escasos 100 metros do colexio.

O cuartel da garda civil xa fora desprazado para a súa nova localización, deixando o antigo edificio para uso de servizos públicos municipais.

O edificio da confraría seguía albergando bastantes actividades públicas, incluso foi ampliado para dar mellor cabida ás súas funcións.

Nesta fase destaca a aparición das salas de cine en Rianxo, un servizo lúdico de gran acollida entre a poboación da época.

Neste momento distínguese un crecemento industrial, coa creación de varios estaleiros navais e de fábricas de conserva, sobresaíndo a creación dun pequeno núcleo industrializado na zona do Castelo, onde se aglutinan tres estaleiros e dúas fábricas conserveiras.

### ►Equipamentos en 1984.

No seguinte plano aparecen representados os distintos equipamentos identificados en Rianxo na etapa de 1984.




**Imaxe 67:** Imaxe extraída dun plano onde se expoñen os distintos equipamentos que se desenvolvían no ano 1984.

Rianxo na etapa correspondente ao ano 1984 presenta os seguintes equipamentos, representados co número correspondente no anterior plano.

1- Capela de San Bartolomeu
2- Lonxa de pescadores
3- Liceo Marítimo Rianxeiro
4- Confraría de pescadores
5- Surtidor de combustible naval
6- Capela de San Xosé da Floresta
7- Fábrica Conserveira
8- Edificio de Servizos e asistencia social
9- Cuartel da Garda Civil
10- Instituto Social da Mariña
11- Biblioteca Municipal Castelao
12- Igrexa Parroquial Santa Columba ou Santa Comba
13- Casa do Concello - Policía Local
14- Cuartel Vello (Cultura)
15- Casa do Coxo (Cultura)
16- Capela Virxe de Guadalupe
17- Estaleiros de fabricación naval
18- Colexio Pre-escolar e E.X.B. Castelao
19- Xulgado de Paz
20- Mercado Municipal - Praza de Abastos
21- Centro de Saúde
22- Cemiterio Municipal
23- Sala de Cine
24- Depósito e tratamento de auga de consumo
25- Oficina de Correos



**Imaxe 68:** Foto da lonxa no día da súa inauguración. Obsérvase na parte dereita a capela sen restaurar. (Anterior a 1984)



**Imaxe 69:** Foto dos dous edificios escolares, o da esquerda xa en desuso. (1979)



**Imaxe 70:** Foto do mercado municipal existente nesta época. (ano 2000, pouco antes do derrubo definitivo)

É salientable a dispersión que comeza a desenvolverse cos distintos servizos ao longo da vila, aínda que esta dispersión se comece a distribuír dunha forma clara en seguimento da liña de costa.

Este factor pódese comprobar en situacións como a do cuartel vello da Garda Civil que nesta fase xa ten un uso público ou a antiga casa do Coxo, que despois de ser incendiada e pasar por un estado ruinoso, o concello conseguiu a súa propiedade para desenvolver actividades culturais.

Unha gran novidade presentada nesta fase foi a construción da casa do mar, onde se albergan as dependencias da Mariña e o Centro de Saúde, de gran interese e prestación pública, facilitando á poboación o acceso ó servizo sanitario xeral e de urxencias.

Neste momento coexisten as construcións dos dous grupos escolares. Aínda que a máis antiga xa estaba en desuso, a pesar do pouco tempo de utilización, devido ás formas e técnicas construtivas utilizadas nel. Estes bloques xa estaban nun estado desaconsellable para o seu uso, de aí a celeridade coa que foron realizados os novos dentro no mesmo recinto.

►**Equipamentos en 1999.**

No seguinte plano aparecen representados os distintos equipamentos identificados en Rianxo na etapa de 1999.




**Imaxe 71:** Imaxe extraída dun plano onde se expoñen os distintos equipamentos que se desenvolvían no ano 1999.

Rianxo na etapa correspondente ao ano 1999 presenta os seguintes equipamentos, representados co número correspondente no anterior plano.

1- Capela de San Bartolomeu
2- Lonxa Vella (Espazo Multiusos)
3- Club de Remo de Rianxo
4- Confraría Virxe do Carme
5- Fogar da 3ª Idade
6- Pista polideportivas ó aire libre
7- Surtidor de combustible naval
8- Edificio de Servizos e asistencia social
9- Bar e antigo edificio da Confraría
10- Náutico deportivo de Pescadores
11- Biblioteca Municipal Castelao
12- Igrexa Parroquial Santa Columba ou Santa Comba
13- Casa do Concello - Policía Local
14- Cuartel Vello (Turismo-Cultura)
15- Casa do Coxo (Cultura)
16- Capela Virxe de Guadalupe
17- Protección Civil
18- Pavillón Polideportivo
19- Ximnasio Privado
20- Mercado Municipal - Praza de Abastos
21- Depósito e tratamento de auga de consumo
22- Cemiterio Municipal
23- Depuradora de augas residuais
24- Estaleiros de fabricación naval
25- Capela de San Xosé da Floresta
26- Centro de Saúde
27- Xulgado de Paz
28- Colexio Pre-escolar e E.X.B. Castelao
29- Instituto Social da Mariña
30- Aula Activa do mar
31- Cuartel da Garda Civil
32- Nave almacén privado, destinado ao almacenaxe de froita
33- Grupo Escolar da E.S.O.
34- I.E. Secundaria Félix Muriel
35- Centro Pastoral Ana Mogas
36- Fábrica Conserveira
37- Lonxa de pescadores
38- Liceo Marítimo Rianxeiro
39- Oficina de Correos



**Imaxe 72:** Foto das pistas polideportivas que existían nesta fase na parte traseira do pavillón municipal. (2000)



**Imaxe 73:** Foto do recheo da punta de Fincheira onde se localiza a depuradora e as instalacións do porto deportivo. (Tomada no ano 2005)

Salientar o comezo da construción de diversos equipamentos na superficie portuaria, a cal, xa fora ampliada notablemente. Na anterior fase xa se situara a Lonxa, moi próxima á capela de San Bartolomeu. Nesta época obsérvase como comeza a despregarse de forma condensada unha serie de servizos e unhas edificacións de apoio ós mariñeiros, as cales ocupan gran porcentaxe da superficie dispoñible.

É destacable, como devido ós mencionados recheos se obrigou ó traslado dos estaleiros para a nova zona portuaria, asentándose na nova liña de litoral e deixando o anterior núcleo industrial do Castelo totalmente baleiro, devido tamén ó abandono ou traslado da actividade industrial que se exercía nas fábricas de conserva.

Nesta fase xa aparece o conxunto de edificios de educación superior instalados en Rianxiño, aínda que o da ESO fora realizado posteriormente. Sobre 8 anos despois da inauguración do edificio principal, en outubro de 1990.

**►Equipamentos en 2012.**

No seguinte plano aparecen representados os distintos equipamentos identificados en Rianxo na actualidade.




**Imaxe 74:** Imaxe extraída dun plano onde se expoñen os distintos equipamentos que se desenvolven na actualidade.

Rianxo na etapa actual, correspondente ao ano 2012 presenta os seguintes equipamentos:

1- Capela de San Bartolomeu
2- Lonxa Vella (Espazo Multiúsos)
3- Club de Remo de Rianxo
4- Confraría Virxe do Carme
5- Fogar da 3ª Idade
6- Club de piragüismo de Rianxo
7- Auditorio Municipal - Centro sociocultural e xuvenil
8- Edificio de Servizos e asistencia social
9- Bar e antigo edificio da Confraría de Pescadores
10- Casa Museo de Manuel Antonio
11- Biblioteca Municipal Castelao
12- Igrexa Parroquial Santa Columba ou Santa Comba
13- Casa do Concello - Policía Local
14- Cuartel Vello (Turismo-Cultura)
15- Casa do Coxo (Museo do Mar)
16- Capela Virxe de Guadalupe
17- Oficina de Correos
18- Pavillón Polideportivo
19- Piscina Municipal con Ximnasio
20- Mercado Municipal - Praza de Abastos (Soterrado)
21- Aparcamento Municipal (Soterrado)
22- Cemiterio Municipal
23- Depuradora de augas residuais
24- Estaleiros de fabricación naval
25- Gardería Preescolar
26- Centro de Saúde
27- Xulgado de Paz
28- Colexio Preescolar e E.X.B. Castelao
29- Instituto Social da Mariña
30- Aula Activa do mar
31- Cuartel da Garda Civil
32- Nave almacén privado, destinado ó almacenaxe de froita.
33- Grupo Escolar da E.S.O.
34- I.E. Secundaria Félix Muriel
35- Centro Pastoral Ana Mogas
36- Fábrica Conserveira
37- Capela de San Xosé da Floresta
38- Depósito e tratamento de auga de consumo
39- Náutico deportivo
40- Museo de escultura, de Nós Nuco
41- Lonxa de pescadores
42- Liceo Marítimo Rianxeiro
43- Recadación municipal
44- Oficina da Área de Rehabilitación Integral

A parte de comentar os aspectos sobre os equipamentos, nesta última fase sería preciso desenvolver dun modo xeral o percorrido enteiro dos máis interesantes servizos.

A capela de San Bartolomeu, asentada na zona portuaria, comezou localizándose nunha illa en fronte á costa rianxeira, como xa se veu na parte histórica, en épocas anteriores a este estudo. Nas primeiras fases abordadas xa aparece a illa unida co porto, pero seguía mantendo un aspecto solitario. Ca evolución e crecemento dos servizos portuarios chegou a estar nun lugar totalmente descolocado, rodeado dun conglomerado de construcións que fan que se atope fora de lugar, lonxe daquel asentamento utópico inicial.

A lonxa emprazouse en tres localizacións diferentes no transcurso das fases establecidas, isto é resultado da influencia mariña, xa que é un servizo que precisa directamente da proximidade do mar. Como a liña de litoral foi cambiando no transcurso dos anos, foi tamén preciso cambiar a situación do edificio da lonxa, debido ó afastamento que se realizaba con cada recheo. Nun primeiro momento situábase no contorna do Portiño, onde actualmente está o bar da confraría; despois da primeira ampliación portuaria realizouse un edificio exclusivamente para tal fin, cerca da capela de San Bartolomeu; cos últimos recheos levouse a cabo outra obra, construíndose un edificio para albergar varios servizos, como: a nomeada lonxa, as oficinas da confraría de pescadores e un local que actualmente está cedido á 3ª idade.

O club de remo de Rianxo ten un edificio propio na zona de recheos. Previamente a esta situación, habería que destacar que este colectivo gozaba desta actividade a través do uso das instalacións do Liceo Marítimo Rianxeiro. Esta asociación albergaba esta actividade, a través dos espazos dispoñibles na súa sede de Rinlo, onde continúa emprazada na actualidade, despois de dispoñer na primeira fase dun pequeno espazo situado onde no presente se atopa o local do Bar Pimen.

O auditorio municipal foi unha obra cun largo percorrido na súa construción, con certa polémica polo volume ocupado e polo lugar no que se realizou. Este edificio non é exclusivamente un auditorio, senón que recolle dentro do mesmo edificio varias funcións desprazadas dende a biblioteca, o concello ou a casa do Coxo.

O edificio onde se tramitan na actualidade os Servizos Sociais foi antigamente o emprazamento da única consulta médica atopada na vila. Oeste edificio sitúase actualmente a máis de 200 metros do mar, pola contra na primeira época analizada aínda se distinguía no mesmo borde mariño, non existindo ningunha distancia entre a fachada Este e o propio mar.

A Casa Museo de Manuel Antonio é unha obra recente onde se adecuou unha casa particular en museo. Esta casa é orixinal da familia do autor rianxeiro, o cal vivira na propia edificación. Este espazo foi utilizado para varias finalidades dende o seu uso residencial ata o actual museístico, entre elas destaca a última utilización como de tenda de lambetadas. A casa foi adquirida ós herdeiros de Manuel Antonio polo concello de Rianxo e inaugurada como museo en Marzo do 2011.

A biblioteca Castelao de Rianxo xa foi descrita na evolución do Pazo de Martelo. O cal, despois da súa restauración habilitou a parte superior para a biblioteca e a parte baixa para o desenvolvemento de actividades varias, como o uso actual por parte da agrupación de baile e música Vai de Roda.

O caso de protección civil é algo significativo, pois aínda que leva xa máis de dúas décadas de historia no concello, e como se veu na fase de 1999 xa dispoñía dun local exclusivo, hai que esclarecer que na actualidade non dispón dun local propio, distribuíndo as súas pertenzas e labores por distintos espazos municipais. A pequena edificación que se atopa ó Este da capela de Guadalupe foi a súa sede ata que foi devastada por un incendio; anteriormente dita sede, xa estivera nun baixo da rúa do Hospital.

O pavillón polideportivo e a piscina municipal están situadas no espazo dos antigos grupos escolares. Cando estes se derrubaron construíronse unhas pistas polideportivas ó aire libre, e diante delas unha explanada. Nesta explanada, que fora usada como aparcamento, foi onde se construíu o polideportivo. Nas pistas, que eran o único espazo libre onde practicar deporte, foi onde se realizou recentemente a piscina; deixando así toda a zona de estudo sen un lugar onde practicar deporte libremente.

O Mercado Municipal ou Praza de Abastos foi sufrindo cambios durante as distintas etapas. Na última fase non se modificou unicamente o edificio dentro da mesma localización, senón que se trasladou o seu emprazamento ó soto da Praza de Guadalupe. Este traslado orixinouse a través da recolla de firmas por parte dos veciños, os cales fixeron ver o descontento da habitual posición, devido maioritariamente á altura alcanzada na ultima reforma, que provocaba que as varias plantas do edificio impediran a visión. Con este traslado, a superficie orixinal do mercado converteuse na praza da Xeiteira Manuela.

Os estaleiros de fabricación naval tiveron que situarse na actual posición debido ás distintas obras realizadas que impedían os seus antigos asentamentos. Nun primeiro momento dous estaleiros tiveron que abandonar o seu lugar polo recheo efectuado na zona do Castelo, zona onde se xuntaban varias destas empresas, e das que esas dúas (das tres existentes) se desprazaron para as novas naves. O último movemento foi devido á realización do paseo marítimo, infraestrutura que provocou o derrube doutro estaleiro situado na entrada de Rianxo e a súa construción na actual posición.

Dentro desta lista de equipamentos, destácase unha nave de almacenaxe, isto sucede por causa do exemplo que significa o seu emprazamento, xa que nunha contorna totalmente urbano, como se ven observando, existen certos baleiros urbanísticos marcados pola falla e actualización de normativas. A nave está situada nunha traxectoria clara do que tiña que ser unha circunvalación e nunha área na que se apreciaba unha zona de expansión edificadora. Un caso similar é o que sucede ca fábrica conserveira de Rianxiño, aínda que neste caso a súa instalación foi anterior ó desenvolvemento urbano, o cal foi facilitado polas normas e directrices existentes, provocando o actual progreso urbano disposto ó redor dun equipamento industrial.

Un servizo que foi variando a súa posición foi o Xulgado de Paz. Nas primeiras fases desenvolvíase dita función no mesmo edificio do concello, pero co fin da ditadura trasladouse para o edificio traseiro, o cal ata ese momento servira de sede ó Frente de Juventudes. Nesta última fase de 2012 aparece desprazado a un baixo dos edificios sociais que promovera o concello de Rianxo, xa que a súa antiga sede foi renovada e reutilizada para dar cabida a oficinas do concello. O caso do edificio do concello tamén é destacable, xa que foi un lugar que acollía unha variedade de servizos nas primeiras épocas, e que co paso dos anos foi ampliando o uso de estancias para fins municipais e abandonando outras funcións para edificios externos. De aí saíu un colexio que se trasladou á nova construción dos grupos escolares. Saíron os distintos departamentos de xuventude, mocidade e cultura que agora se expanden polo cuartel vello ou o auditorio. A oficina de recadación, despois de saír do propio concello, e despois de pasar pola actual localización da oficina do ARI, acabou nun piso dun edificio próximo, no outro lado da praza. Ó mesmo tempo o concello foi medrando e na actualidade, a parte de apropiarse do antigo local do Xulgado, tamén se está realizando unha obra para levar o arquivo municipal para dito recipiente, na actualidade atópase dentro do edificio do concello e no soto do antigo xulgado.

Un caso similar ó do edificio do concello foi o sucedido co local do actual bar da confraría, que chegou a recompilar: un colexio, a lonxa e a confraría, e que na actualidade unicamente serve como cafetería.

A oficina de correos tamén mudou varias ocasións o seu emprazamento. Comezando na rúa do medio, cando compartía residencia con telégrafos; ca apertura da actual rúa Irmáns Insua, trasladouse para un baixo dun dos primeiros edificios construídos en dita rúa; e na actualidade acaba de trasladarse para un baixo na entrada da rúa Rinlo.

Dispóñense nestas últimas fases unha serie de equipamentos de nova creación, que se realizaron e perduran no lugar concreto da súa situación orixinal, como é: o club de Piragüismo, o Auditorio, o Museo de Manuel Antonio, o aparcamento municipal, a depuradora de augas residuais, a gardería, a Aula Activa do Mar, a nave almacén das Cortes ou o museo de Nós Nuco.

Para ir pechando o punto, mencionar a transformación sucedida ca creación dos grupos escolares. Pois como se vía na primeira fase, a vila estaba abarcada de distintos colexios pequenos. Pero ca aparición dos primeiros, e despois dos novos grupos escolares eliminouse esa rede para concretar e adecuar os servizos educativos. Deixando libres moitas edificacións anteriormente usadas para tal fin. Ademais o colexio establécese dentro dun recinto pechado e con diversos equipamentos específicos para tal fin (pistas deportivas, ximnasio,...) e non a total falta de coidados existentes no pasado.

En definitiva, é salientable mencionar como comeza a colapsarse a contorna do concello dende un punto de vista dos equipamentos. Pódese observar como nun pequeno radio ó redor do edificio do concello se sitúan a maior parte dos servizos públicos dependentes do propio concello. Iso está provocando un gran foco puntualizado.

Despois de vir repasando nas anteriores fases o máis destacado, onde foi representada algunha das imaxes máis salientables dentro das obtidas; esta fase quedará identificada no ano que foi realizado. Por iso se mostrará a compilación de todos os equipamentos dos que se goza neste ano 2012, entre parénteses marcase o número correspondente no plano:



**Imaxe 75:** (1) Foto da capela de San Bartolomeu, na zona portuaria. Acompañada do cruceiro de nova realización. (2012)



**Imaxe 76:** (2) Fotografía da Lonxa Vella, en desuso na actualidade, servindo de espazo polivalente para diversas actividades do concello (concertos, festas,...). (2012)



**Imaxe 77:** (3) Foto das instalacións do club de Remo. (2012)



**Imaxe 78:** (4, 5 e 41) Confraría de pescadores, lonxa e o centro da 3ª idade. (2012)



**Imaxe 79:** (6) Foto do club de Piragüismo. (2012)



**Imaxe 80:** (7) Foto do edificios multiusos do Auditorio Municipal. (2012)



**Imaxe 81:** (8) Foto do edificio de Servizos e Asistencia Social. (2012)



**Imaxe 82:** (9) Foto do Bar e antigo edificio da Confraría de Pescadores. (2012)



**Imaxe 83:** (10) Foto da casa museo de Manuel Antonio na rúa de Abaixo. (2012)



**Imaxe 84:** (11) Foto da biblioteca municipal Castelao, na praza de R. Dieste. (2012)



**Imaxe 85:** (12) Foto da Igrexa Parroquial de Santa Comba. (2012)



**Imaxe 86:** (13) Fotografía da Casa do Concello. (2012)




**Imaxe 87:** (14) Fotografía do Cuartel Vello. Na actualidade de servizos públicos. (2012)



**Imaxe 88:** (15) Fotografía da Casa do Coxo. Na actualidade o Museo do Mar. (2012)



**Imaxe 89**: (16) Foto da capela da Virxe de Guadalupe. (2012)




**Imaxe 90:** (17) Foto da actual oficina de correos. (2012)



**Imaxe 91:** (18) Fotografía do pavillón polideportivo de Rianxo. (2012)



**Imaxe 92:** (19) Fotografía da piscina municipal (2012)




**Imaxe 93:** (20) Foto do mercado municipal soterrado na praza de V. Guadalupe (2012)



**Imaxe 94:** (21) Foto da entrada do aparca-mento municipal soterrado. (2012)



**Imaxe 95:** (22) Fotografía do cemiterio, na estrada de Tanxil. (2012)



**Imaxe 96:** (23) Foto do exterior da estación depuradora de punta Fincheira. (2012)




**Imaxe 97:** (24) Foto dos estaleiros navais existentes na área de estudo. (2012)



**Imaxe 98:** (25) Fotografía da gardería de preescolar na rúa Roxerius. (2012)



**Imaxe 99:** (26) Fotografía do novo centro de saúde, proxecto realizado polo arquitecto local Amancio Losada. (2012)



**Imaxe 100:** (27) Foto do Xulgado de Paz, situado nun baixo das vivendas sociais, construídas polo concello. (2012)



**Imaxe 101:** (28) Foto do grupo escolar Castelao, onde se alberga a educación obrigatoria ata 6º de EXB. (2012)



**Imaxe 102:** (29) Fotografía do edificio do Instituto Social da Mariña, onde se albergaba anteriormente a clínica. (2012)




**Imaxe 103:** (30) Foto da Aula Activa do Mar, ó lado do Cuartel. (2012)



**Imaxe 104:** (31) Foto das dependencias da Garda Civil (Cuartel e Vivendas). (2012)



**Imaxe 105:** (32) Foto dunha nave privada con finalidade de almacenaxe. (2012)



**Imaxe 106:** (33) Foto do instituto da ESO, dentro do recinto do Félix Muriel. (2012)



**Imaxe 107:** (34) Fotografía do instituto de E. Secundaria Félix Muriel. (2012)



**Imaxe 108:** (35) Foto do centro Pastoral Ana Mogas, antigo pazo de Viturro. (2012)



**Imaxe 109:** (36) Fotografía da fábrica conserveira de Rianxiño. (2012)



**Imaxe 110:** (37) Fotografía da capela de San Xosé da Floresta. (2012)



**Imaxe 111:** (38) Foto da estación de control e depuración de auga de consumo. (2012)



**Imaxe 112:** (39) Fotografía das instalacións do Náutico Deportivo. (2012)



**Imaxe 113:** (40) Foto da entrada do Museo de escultura Nós Nuco de Rianxiño. (2012)



**Imaxe 114:** (42) Foto do Liceo Marítimo Rianxeiro, na rúa Rinlo. (2012)

En definitiva, e para rematar, comentar que a lista de imaxes expostas representan a totalidade dos equipamentos que se distribúen en Rianxo no 2012, ano no que se realiza este estudo. Pódese observar como a maioría se ordenan en dous grandes bloques, na zona portuaria e na contorna da praza Castelao. Aínda que a urbanización da Martela e a zona de Rianxiño comezan a acoller un número considerable destes servizos.

### 5.4. Redes, sistemas e infraestruturas.

**►Tipoloxías.**

Segundo define a autora María José Rodríguez-Tarduchy (2011) na súa obra *Forma y ciudad:*

*"La jerarquía viaria de una gran ciudad se ordena en tres tipos de redes:*

*1-Red principal o primaria. Cumple funciones de estructuración del espacio, de canalización de los grandes desplazamientos dentro de la propia ciudad y de los flujos circulatorios entre la ciudad y el exterior (...) Son:*

*a) Las autopistas y autovías. Tienen restringidos los accesos, no admiten la circulación de autobuses ni cruces a nivel, carecen de aparcamiento en sus laterales y de semaforización.*

*b) Las vías urbanas. Presentan diseños de calles con grandes aceras, medianas y arbolado de protección. Disponen de carriles específicos para la circulación de autobuses, vías de servicio con aparcamiento y semaforización sincronizada.*

*c) Las avenidas metropolitanas. Son vías de conexión entre núcleos del entorno metropolitano.*

*2-Red distrital o secundaria. Cumple funciones complementarias de la red principal, define los límites de los distritos o barrios, canaliza los tráficos entre ellos y sus relaciones con el casco antiguo y los conecta con la red principal.Está constituida por las calles más importantes del núcleo urbano central y por las grandes vías colectoras y distribuidoras. Soportan una gran intensidad de tráfico y se relacionan directamente con los usos en sus laterales, singularmente el comercio y los equipamientos públicos de nivel general, que deben apoyarse en ella.*

*3-Red terciaria o local. Cumple funciones de acceso a la edificación y conecta con la red secundaria. Está constituida por calles de tráfico y velocidad moderados en contacto directo con los usos implantados en sus laterales. Soportan gran cantidad de actividades como la estancia, el aparcamiento o las funciones de carga y descarga. Son fundamentalmente las vías colectoras y distribuidoras locales y las calles de acceso. No deben producirse interferencias con los tráficos de los sistemas generales."* (2011, p.229-231)

A autora realiza unha clasificación de como se debería desenvolver un reparto dos tipos de vías para a súa análise, pero a realidade é que ó intentar equipararse co caso de estudo e, sobre todo ca área de análise específica para esta investigación, resultaría unha clasificación pouco equivalente. Rianxo distribuiríase con moi pouca variedade ó intentar encadrarse dentro dos criterios propostos, ó non ter considerado a súa singularidade local e espacial tan concreta, con respecto á xeneralidade proposta pola autora.

Se se aplicara unicamente esta clasificación para Rianxo, quedarían a maior parte das vías no 3º grupo, o da rede terciaria ou local. E realmente o que se pretende neste momento é unha delimitación maior e, sobre todo, máis debullada da realidade existente. Non valería, nin sería suficientemente descritivo introducir o maior porcentaxe de vías dentro dunha mesma categoría.

Esta mesma autora tamén realiza unha proposta de clasificación das vías en base ó seu uso, deixando constancia de que as rúas se poden distinguir e clasificar da seguinte maneira:

*"Tipos de calles (...) Por los modos de transporte que acogen:*

*-Calles de uso exclusivo peatonal.*

*-Calles de coexistencia de usos con prioridad del peatón.*

*-Calles con equilibrio entre los usos motorizados y peatonales.*

*-Calles con prioridad del transporte público.*

*-Calles con prioridad del tráfico motorizado.*

*-Calles para uso exclusivo del tráfico motorizado." (2011, p.237)*

Así preséntase esta clasificación de tipos de rúas, as cales non se adaptan tampouco ó existente no caso de estudo. Pois, a parte de ser exclusivamente filtradas en base ó seu uso, non abarcaría un ábaco necesario para clasificar as distintas variedades de vías existentes, tanto fisicamente como a través das distintas fases nas que é necesario facer este tipo de clasificación. Como xa se veu cos autores anteriores, a escolla destes criterios non sería suficiente para facer unha análise exhaustiva de Rianxo.

Por outro lado, seguindo as ideas de Nikos Salíngaros (2005), tamén describe unha distribución tipolóxica a nivel viario, deste modo:

> *"Principios estructurales de la red urbana. El proceso que genera la red urbana puede ser resumido en términos de...Jerarquía. Cuando se permite, la red urbana se auto-organiza creando una jerarquía ordenada de conexiones en muchos y diferentes niveles de escala. Se vuelve múltiplemente conectada pero no caótica. El proceso de organización sigue un estricto orden: empieza con las escalas menores (sendas peatonales), y progresa hacia escalas superiores (calles de capacidad creciente). Si no existe cualquiera de los niveles de conectividad, la red se vuelve patológica. Una jerarquía rara vez se puede establecer toda al mismo tiempo."* (2005, p.5)

Onde explica que as vías se deben autoorganizar de tal forma que vaian dende os máis pequenos (capacidade) ata os máis grandes, pero esquecéndose en todo momento do tipo, acabamento ou outras características.

Desta forma, en base ás observacións realizadas anteriormente, procédese a realizar unha clasificación propia para que exista un entendemento, adaptación e seguimento máis sinxelo e adecuado á realidade rianxeira, tanto na actualidade como nas distintas fases. Tendo en conta as distintas particularidades que converxen nas vías rianxeiras e facendo unha conxugación de características anteriores e outras locais, para quedar a continuación a mellor forma de división:

**Tipo 1:** Vías peonís non pavimentadas. Aparecen nun estado primario, camiños que discorren entre propiedades, camiños de acceso a parcelas privadas, sendeiros con pouco uso e sen moitos coidados ou servizos públicos. Vías que se desenvolven directamente sobre o terreo e con forte carácter rural.

**Tipo 2:** Vías transitables non pavimentadas. Poden ser vías do tipo anterior que empezan a sufrir algún tipo de tráfico, polo que a súa anchura empeza a aumentar; ou vías que xa teñen unha dimensión ben definida, pero que debido ó seu tipo de uso tamén quedaron sen servizos públicos, despregándose tamén, directamente sobre o terreo. Seguen sendo sendas cun forte carácter rural.

**Tipo 3**: Rúas peonís pavimentadas. Nesta categoría albérganse as vías peonís con pavimentación, servizos e un claro carácter urbano. Ó contrario das anteriores rúas peonís de tipo 1, estas serán rúas cun movemento máis alto, situadas en lugares máis concretos do tecido urbano, e sendo cal fora o tipo de pavimento, serán rúas que foron adecuadas a tal fin.

**Tipo 4:** Rúas con tráfico rodado sen beirarrúas. Este tipo de vía pode atoparse tanto nun estado rural ou urbano, presentando gran variedade nas súas dimensión, dende anchuras moi axustadas para a circulación de vehículos ata anchuras suficientes para a circulación de dobre sentido. Sempre mostrando unha evolución clara de carácter rural.

**Tipo 5:** Rúas con tráfico rodado de un único sentido e con beirarrúas. Rúas que discorren polo interior pero cunha densidade de tráfico inferior ás perimétricas. Rúas con un sentido de circulación, pero cun carácter totalmente urbano e abastecido cas infraestruturas locais.

**Tipo 6:** Rúas con tráfico rodado de dobre sentido e con beirarrúas. Rúas que tamén discorren polo interior pero cunha densidade de tráfico inferior ás perimétricas. Rúas con dous sentidos de circulación, cun carácter totalmente urbano e, igual cás anteriores, con abastecemento das infraestruturas correspondentes.

**Tipo 7:** Rúas con tráfico rodado de alta densidade. Pertencen á circulación perimétrica ou exterior do centro urbano. Tamén se recollen as interurbanas que discorren polo territorio en estudo, onde aparece o groso do tráfico.

**Tipo 8:** Vías en forma de praza peonil. Conexións e cruzamentos de outros tipos de vías, ou ampliación por ensanche das mesmas para formar unha praza de uso exclusivamente peonil.

**Tipo 9:** Vías en forma de praza mixtas de peóns e vehículos. Conexións e cruzamentos de outros tipos de vías, ou agrandamentos espaciais das mesmas para formar unha praza ca finalidade de dar cabida a vehículos rodados e peóns de forma conxunta.

Así pois, esta clasificación é a que mellor representa a distribución das distintas infraestruturas polo tecido rianxeiro. Desenvolvendo unha diferenciación propia sobre as características que se presentan nesta organización viaria, cunhas particularidades concretas do tipo de estudo.

**►Caracterización.**

Desta forma, os distintos tipos de vías identificados no caso de estudo quedarían distribuídos cas seguintes representacións:

**Tipo 1:**



**Imaxe 115:** Extracto de ortofoto entre Os Gudiños e a rúa Figueira Albariña.



**Imaxe 116:** Fotografía tomada entre Os Gudiños e a rúa Figueira Albariña.

Este tipo de vía atópase no mesmo estado en calquera das épocas abordadas. Son sendeiros formados debido ó seu uso directamente sobre o terreo sen tratar, simplemente o paso a pé por encima da superficie é o que forma e demarca esta categoría viaria. Este tipo de senda comeza discorrendo entre fincas ou no límite delas. En moitos dos casos discorren polos mesmos lugares que as de tipo 2, pero neste caso unicamente se precisa un paso a pé e non de maior envergadura.

**Tipo 2:**



**Imaxe 117:** Extracto de ortofoto entre As Cortes e Rianxiño.



**Imaxe 118:** Fotografía tomada en Tanxil.

Este tipo de vías atópanse practicamente iguais en calquera das épocas estudadas. Son sendas formadas  polo uso directo sobre o terreo sen tratamento previo.

Nun primeiro momento son de igual configuración que as de tipo 1, simplemente que nestes casos o tráfico non é simplemente a pé, e danse movementos de distintos tipos de vehículos, segundo a situación e segundo a época. Así nunhas primeiras etapas o trafico sufrido sería de carros, carretas e apeiros similares utilizados no momento, mentres que na actualidade serán os motocultores, tractores ou incluso coches os que transiten por este tipo de sendas.

Nalgún dos casos o terreo pode empezar a coidarse e repararse dunha forma bastante básica, para intentar regular o terreo, sobre todo nas situacións nas que son os automóbiles os que discorren polo seu trazado. Estas reparacións son as que poden dar aspectos visuais distintos a este tipo de vía no transcurso das distintas etapas, pois mentres en épocas primarias este tipo de reparacións serían feitas co propio material existente nos arredores (terra ou barro), en épocas máis próximas serán realizadas con materiais de carácter máis industrial, como formigón ou gravas.

Destacando que nos casos nos que o fluxo de vehículos é alto para este tipo de vías, acaban evolucionando e converténdose en vías de tipo 4.

Este tipo de vías foi moi variable a través do tempo, pois segundo se acaba de ver, están trazadas directamente sobre o terreo, e isto dou xogo a que segundo a época, ou incluso o momento do ano apareceran como de tipo 2 ou tipo 1, e por outro lado ó longo das distintas épocas históricas dou lugar a que fora variando e converténdose en T1 ou manténdose como T2, pero en outros moitos casos seguiron evolucionando, dándose case sempre o primeiro paso para converterse en vías de tipo 4. Todo dependía do uso que se lle dera nun momento determinado. Podían ser zonas de paso que foran T1 durante a maioría do ano, pero que se converteran en T2 en épocas de cultivos. E en zonas máis urbanas ou épocas máis actuais, dependía do transito que circulaba segundo a onde se dirixía, deixando unha maior categoría se ía a ser un tráfico rodado ou de menor se non continuaba a zonas de casas, aparcamentos, ou lugares de destino rodado.



**Imaxe 119:** Fotografía tomada entre As Cortes e a praia de Tronco.



**Imaxe 120:** Fotografía tomada entre Os Gudiños e a rúa Figueira Albariña.

Nas fotografías pódese observar a clave da evolución da categoría T2. Na fotografía da esquerda vemos unha zona de paso, obsérvase como acostuma a ser unha T1, pero por motivos de cultivos recentes e paso ás fincas para ser traballadas en certas ocupacións converteuse momentaneamente nunha T2. Por outro lado, na fotografía da dereita vemos a súa transformación ó longo do tempo, pois nunhas primeiras fases era unha vía de idénticas características que a da foto da esquerda, pero ó sufrir en certa fase un maior transito de vehículos, vese de forma nítida como a zona de uso vehicular se acabou convertendo nunha T4, despois de estar asentada a T2, pero a partir da zona onde de deixa de sufrir o tránsito de coches segue sendo unha T1 para o exclusivo uso peonil.

**Tipo 3**:


**Imaxe 121:** Extracto de ortofoto do calexón que une o Subcampo ca praza de Castelao.


**Imaxe 122:** Fotografía tomada da rúa Consistorio Vello.

Este tipo de rúas son totalmente urbanas, cos equipamentos metropolitanos adecuados a cada zona na que se sitúan. A maior parte deste tipo de sendas nacen por evolución de rúas de trafico rodado (Tipo 4, T5, ou T6), que devido á súa situación convertéronse en rúas peonís. Unicamente nunha menor cantidade de casos, e devido ás súas dimensións, evolucionaron a partir de T1 ou T2. Se a orixe fora esta, sempre en vías desenvolvidas dentro do casco urbano.

A maioría de vías pertencentes a esta categoría son atopadas en épocas máis modernas, cando sufriron as evolucións descritas. Nas fases orixinarias, estas sendas non existían tal como se coñecen na actualidade. Esta necesidade de apartar a circulación e ocupación dos vehículos rodados de certas vías soo naceu en épocas máis próximas onde o volume de tráfico rodado era notable e incompatible co peonil.

**Tipo 4:**


**Imaxe 123:** Extr. de ortofoto da rúa Cordabáns.


**Imaxe 124:** Foto da rúa Xogo dos Bolos.


**Imaxe 125:** Fotografía tomada da rúa Carbaxales de Abaixo.


**Imaxe 126:** Fotografía tomada da rúa Figueira Albariña.

Este tipo de vías son o nexo de unión entre todo o tecido a estudar, pois elas discorren tanto por zonas máis urbanas como por lugares de características rurais; presentando dimensións do máis variado, dende sendeiros con difícil tránsito de un coche ata estradas con espazo suficiente para o cruzamento de varios vehículos e espazo para aparcar.

Esta categoría aparece como solución tanto a camiños rurais con alto movemento de vehículos, como acceso a casas illadas, como rúas urbanas sen os equipamentos necesarios. Tanto nacen da evolución dunha T2 pero mantendo as súas características, como dunha T5 ou T6 pero sen as condicións urbanas que presentan as outras (beirarrúas, rede eléctrica, rede de saneamento, rede de alumeado público,...). Condicións que en maior ou menor medida sempre presentarán as T5 e T6.

Este agrupamento de vías, presentan sempre unha aparencia rural e simple, sendo onde sexa o seu trazado, presentándose nas fases máis actuais. En épocas primarias do estudo, este tipo de estrada tiña unha maior importancia, presentándose da forma descrita en épocas máis primarias e con percorridos máis importantes. Naquel momento había unha falla total de equipamentos públicos viarios, polo que, simplemente con presentarse pavimentada era suficiente para dispoñer dunha importancia máis notoria.

**Tipo 5:**



**Imaxe 127:** Extracto de ortofoto da rúa Rinlo.



**Imaxe 128:** Fotografía tomada da rúa Rinlo.

Este tipo de vías teñen todas as características iguais que as seguintes Tipo 6, simplemente que son de un único sentido de circulación. En moitos dos casos foron unha evolución das T6, nas cales se perdeu un carril circulatorio para gañalo en espazo para aparcar ou para a circulación de peóns.

Son vías totalmente urbanas, e presentan distintos pavimentos (lastros, conglomerados ou pedra) sendo o conglomerado de asfalto o máis común. Son de carácter urbano e presentan unha exposición de todas ou a maioría dos servizos existentes no casco urbano rianxeiro. Como se pode ver na fotografía da dereita, con: alumeado público, arquetas de saneamento e electricidade. Tamén se poden presentar: sen aparcamentos laterais, con aparcamentos nun lado, ou sen aparcamento nas beiras.

Esta categoría de vía acostuma atoparse en épocas máis actuais, estando presentes nas primeiras fases debido exclusivamente ó escaso espazo para a dobre circulación.

**Tipo 6:**



**Imaxe 129:** Extracto de ortofoto do paseo de Manuel Antonio



**Imaxe 130:** Fotografía tomada da rúa Irmáns Insua.

A tipoloxía mostrada por estas vías son de igual característica que as anteriores T5 pero con dobre sentido de circulación. Son estradas totalmente urbanas e presentan variedade nos seus pavimentos (lastros, conglomerados ou pedra) sendo o conglomerado o máis usual, sobre todo nas de carácter interurbano que circulan por dentro do pobo.

Igual que as T6 presentan beirarrúas nalgún dos seus lados, e tamén é variable a aparición de aparcamentos laterais, podendo presentarse nun ou nos dous lados. Tamén se dispoñen con servizos públicos como nas da categoría anterior.

Esta categoría de vía naceu maioritariamente como evolución das T4, cando estas se foron humanizando, sobre todo en zonas máis urbanas e céntricas. No momento en que as Tipo 4 se foron abastecendo dos distintos servizos.

**Tipo 7:**



**Imaxe 131:** Extracto de ortofoto da estrada provincial CP-3301



**Imaxe 132:** Fotografía tomada da estrada CP-3301, na zona das Cortes.

Este tipo de vías son de circulación externa, son estradas comarcais ou provinciais que chegan ó centro urbano, ou internas a modo de circunvalación. Esta categoría está formada por rúas de circulación densa e rápida. Fan que o tráfico rodado sexa áxil e que a circulación por elas sexa para distancias máis longas.

Poden atoparse con beirarrúas, con arrós ou con combinacións das anteriores ou ausencia de calquera delas. Como se ve nas fotografías, onde aparece un tramo de estrada de tipo 7 a cal presenta beirarrúas soamente por unha das marxes.

Este tipo de estradas son da xerarquía máis alta, aquelas destinadas a realizar conexións máis afastadas que calquera das dos tipos anteriores. En calquera das fases se atopa esta categoría, aínda que foran variando nos seus trazados e dimensións sempre existiron estas máis diferenciadoras, as cales serven de dinamizadoras do territorio máis ca de movemento interno.

**Tipo 8:**



**Imaxe 133:** Extracto de ortofoto da praza da Manuela.



**Imaxe 134:** Fotografía tomada da praza da Manuela.

Esta categoría, ó contrario que as anteriores non é dunha vía propiamente dita, senón que é dunha praza, a cal, como a definición da RAE indica é un lugar ancho e espazoso dentro dun poboado, ó que acostuman afluír varias rúas.

As vías de Tipo 8 son unicamente de uso peonil, polo que a súa orixe vén do cruzamento de rúas peonís ou espazos abertos ó carón de edificios con zonas de paso para peóns.

A pavimentación deste tipo de praza é integramente realizada en pedra. Esta clase unicamente aparece en fases máis actuais, sendo impensable que nas primeiras etapas de análise se puideran realizar espazos públicos destinados exclusivamente a peóns, sobre todo nunha sociedade marcada pola tradición mariñeira. Onde o seu uso tiña unha finalidade para complemento do mar, tanto de transporte de utensilios, como finalidades rurais, transporte de produtos, etc. que se desempeñaban sobre a maioría das rúas, nun primeiro momento axudados de cestos que se levaban na cabeza e nunhas fases posteriores por uns pequenos carros tirados manualmente.  A parte, a época na que se estaba vivindo era totalmente allea á sobreocupación de espazo público por vehículos. Esta necesidade de apartar a circulación e ocupación dos vehículos rodados de certos espazos unicamente se desenvolveu en épocas máis actuais cando o volume de tráfico chegou a ser notable.

**Tipo 9:**



**Imaxe 135:** Extracto de ortofoto da praza de Rafael Dieste. Na parte dereita da foto sitúase a igrexa parroquial, na parte de arriba a biblioteca Castelao, e nos edificios na esquerda ó o lugar onde apareceron os restos humanos máis antigos do Barbanza.



**Imaxe 136:** Fotografía tomada da praza de Rafael Dieste. Na parte dereita da fotografía pode verse o comezos das escadas que soben á igrexa, e na parte superior dereita a fachada da biblioteca Castelao, antigo pazo de Martelo.

De igual forma que a anterior categoría, esta última vía é unha praza, pero neste caso ten unha finalidade de uso mixta entre peóns e vehículos. Todas as prazas desta clase se atopan en interseccións de varias sendas, e de forma xeral de varios tipos de vías, pois existe unha convivencia de peóns e vehículos que chegan a ela por distintas vías.

A pavimentación desta categoría é realizada en pedra. Servindo de forma xeral como aparcamentos de coches e paso e goce para os peóns, aínda que en certas ocasións se pode restrinxir o paso de vehículos para ser soamente de uso peonil. A forma de goce a nivel persoal ou peonil pode ser a través de terrazas para cafeterías ou como entrada a lugares de interese (igrexa, concello, museos). Na foto da dereita pódese ver ó fondo como unhas persoas entran na biblioteca municipal dende unha beirarrúa, apartando da zona rodada; pero nun primeiro plano observase como chegan unhas escaleiras directamente da porta da igrexa ó medio da praza, sen ningún tipo de protección para o peón.

Durante as distintas etapas de estudo, estas prazas sempre se foron mantendo, persistindo tanto o propio lugar, como a pavimentación sempre coidada (aínda sendo variable ó longo das fases) como a importancia de aglutinación como puntos focais do pobo. Sempre foron puntos estratéxicos para a converxencia de movementos das persoas e reunións.

A través das etapas e puntos concretos, esta clase de espazo foi cambiando a súa pavimentación. Empezaron sendo utilizadas enriba do propio terreo de forma natural, con alisamentos e coidados co propio material da contorna; logo foron asfaltadas cando chegou o conglomerado a Rianxo; máis tarde foi levantado para poñer un empedrado en forma de lastros; e agora case na totalidade están cun acabamento con pranchas de pedra. Hai que destacas que non todas as vías desta categoría pasaron por todas as fases descritas.

► **Fases.**

A continuación exponse a distribución dos distintos tipos de vías no caso de estudo, representadas nas distintas fases preestablecidas. Así quedaría a distribución viaria rianxeira no **1956.**




**Imaxe 137**: Plano onde se representa a distribución viaria existente no ano 1956.

**Vías rianxeiras no 1956.**

Nun primeiro momento, Rianxo mostrábase como un sitio de destino, semellando case un punto final de dúas estradas que converxían no seu núcleo. Estas estradas desembocaban no centro da vila; unha a través da rúa do hospital, a cal se dirixe a Brión para acabar na Vacariza e pasando na saída por Fincheira e As Cortes; a outra a través de Rinlo, a cal se dirixe ó Pazo e a Asados para acabar en Burés.

Estas dúas estradas mencionadas son interurbanas, presentándose máis coidadas e preparadas na súa pavimentación que o resto. Desta forma, vendo o resto de tipoloxías distribuídas por Rianxo podemos ver un gran despregue de vías de tipo 1 e 2. Ou o que é o mesmo, sendas simples sen ningún tipo de pavimentación moderna, soamente coa preparación e compactación da época para o tránsito existente naqueles momentos.

Unicamente aparecen tres clases de vías, sen contar coas mencionadas, que son as de tipo 4, rúas nas que presentaban un coidado na súa pavimentación e que estaban capacitadas para un transito continuo. Estas excepcións aparecen en: -Rianxiño e a súa estrada, pois hai que recordar que Rianxiño é un núcleo que discute a antigüidade da orixe con Rianxo. - A estrada que se bifurca nas Cortes para ir ata a zona da praia de Tronco. -O propio núcleo, onde as rúas xa tiñan un coidado maior que o resto de vías de carácter totalmente rural que se debuxaba ó redor de Rianxo.

Descontando estas tres excepcións, debido á súa localización en zonas bastante ben definidas, destaca a presenza da rúa que se dirixe a Tanxil e a vía que se dirixe á punta de Fincheira dende o Cabo da Vila. Estas travesías, que se dirixían a uns destinos construtivamente pouco definidos, foron construídas pola familia Baltar (familia de grande poder na época), que por certos intereses investiron capital privado na construción e pavimentación destas estradas, de aí a súa precoz evolución.



Imaxe 138: Fotografía da rúa de abaixo antes do 1956, onde se observa un tipo de pavimentación adecuado á época. A fotografía non ten datación concreta, pero é anterior á data de estudo, estimándose entre o 1925 e 1935. Nesta fase a rúa formaba parte vivida exterior da vivenda.



MIERCOLES, 4 DE ABRIL DE 1956

CORREO AROSANO

**Pavimentación de la calle de Arriba de Rianjo**

RIANJO. (De nuestro corresponsal, M. G.) — El pasado domingo, Día de la Victoria, se ha verificado la solemne ceremonia de apertura al tránsito, de la calle de Arriba, recientemente pavimentada.

Asistieron todas las autoridades locales y un numeroso público que premió con nutridos aplausos las sentidas palabras del alcalde en funciones don José Luis Fernández Iglesias quien, tras unas frases de congratulación, dijo lo siguiente:

"A estas obras que hoy inauguramos seguirán otras en los distintos callejones y plazas, en la Casa del Médico, en la Alameda, en la Casa Cuartel de la Guardia Civil y sobre todas ellas, presidiéndolas, como la obra predilecta del amor de nuestros amores, el Grupo Escolar conmemorativo que un rianxeiro insigne, Excmo. Sr. D. Justo González Tarrío, director general de Contribuciones, a quien me complazco en rendir tributo, ha gestionado y conseguido para su pueblo, seguro de que por muchos bienes materiales que pudiera cosecharnos, es éste espiritual de la educación, el que más alto ha de poner el nombre de Rianjo al desenvolver moral e intelectualmente a sus hijos".

A continuación y en ausencia de nuestro párroco, el coadjutor don Francisco Duvert Nóvoa procedió a la bendición de la calle lucidamente engalanada para la ceremonia, terminando ésta con el ya obligado vino de honor de estas ocasiones.

La Banda Municipal amenizó los distintos actos y una animada verbena que se prolongó varias horas.

Imaxe 139: Recorte dun xornal da época datado do mesmo 1956.

Así se atoparía a distribución viaria rianxeira no **1973.**




**Imaxe 140**: Plano onde se representa a distribución viaria existente no ano 1973.

**Vías rianxeiras no 1973.**

As principais estradas de entrada a Rianxo seguían mantendo unha importancia primordial. As máis destacadas variacións pódense ver nas aperturas de varias vías. No comezo da rúa Rinlo, en dirección Este, ábrese a rúa Nova Apertura (na actualidade rúa Irmáns Insua) que empezará a facer desenvolver a parte habitable nesa dirección. Na zona de Rianxiño tamén se trazan unhas sendas de pouca categoría T2, que van enlazar a rúa de subida a Rianxiño coa parte de San Xosé, onde se atopa a capela, aínda nun estado illado.

Estas aperturas, darán unha nova dimensión ó pobo, pois realmente son das poucas rúas que se abriron na historia do urbanismo rianxeiro.

O crecemento de Rianxo cara á zona de Punta de Fincheira (na zona superior esquerda da imaxe 140) fai que os camiños desa zona empecen a progresar tipoloxicamente, despregando nun primeiro momento unha pavimentación nos seus trazados.

O desenvolvemento de Rianxo nesta época pode observase no salto de categoría que foi dado nas vías existentes do centro urbano. Pois empezouse a realizar beirarrúas, en trazados nos que anteriormente a pavimentación era escasa, e mellorar a pavimentación e acabamentos.



Nesta época de estudo a aparición do automóbil xa comeza a presentar unha certa importancia no desenvolvemento na vida da rúa.

Como se ve na fotografía (Imaxe 141) que acompaña este texto, a diferenciación das zonas para peóns e para vehículos, aínda que primitivas e pouco con pouca comodidade, xa son evidentes.

**Imaxe 141:** Fotografía da rúa do medio, tomada poucos anos antes da fase a estudar. Nela pódese ver como xa existe unha pavimentación que acompaña á aparición dunhas beirarrúas peonís.

Así se distribuiría a rede viaria rianxeira no **1984.**




**Imaxe 142**: Plano onde se representa a distribución viaria existente no ano 1984.

**Vías rianxeiras no 1984.**

Nesta fase xa está definida a mellora no centro urbano, coas vías pavimentadas e con beirarrúas. As abertas anteriormente xa están asentadas, tanto no sentido de estar pavimentadas e chegar a unha certa categoría como de entrar no tecido principal do pobo. Este asentamento tipolóxico de rúas tamén vai acompañado do crecemento a nivel edificatorio da poboación neses espazos.

Varias rúas continuaron aumentando de categoría, ó ser pavimentadas pasaban de ser T1 e T2 para converterse en T4 ou incluso T6. Este salto de categoría convertía a contorna do centro rianxeiro e da zona de Rianxiño nuns asentamentos menos rurais, onde as vías tiñan unha certa importancia xa que pasaban a ser rúas ou estradas e non camiños trazados directamente encima do terreo, como pasaba ata ese momento.

Unha vía de Tipo 2 que subía dende a entrada de Rianxo en dirección Este, foi continuada dándolle unha saída á anteriormente mencionada rúa Irmáns Insua. Desta forma empézase a darlle un novo sentido circunvalatorio á entrada do pobo, pois para enlazar directamente as dúas estradas comarcais xa non é preciso cruzar o centro da vila.



**Imaxe 143:** Fotografía aérea de Rianxo na fase en estudo. Pódese ver como os grandes recheos realizados no mar aínda non foran levados a cabo, polo que as vías tiñan un valor interno e o mar servía de límite claro tanto ás mencionadas vías como ó crecemento xeral.

Así se presentaba a distribución da rede viaria rianxeira no **1999.**




**Imaxe 144**: Plano onde se representa a distribución viaria existente no ano 1999.

**Vías rianxeiras no 1999.**

Nesta fase xa se atopa unha vila practicamente urbanizada, no que ás rúas nos referimos. Estas xa presentan un aspecto moderno e é nesta fase cando aparecen as outras grandes circunvalacións que se van a dar en Rianxo. Abríndose unha estrada que sobe de Rianxiño con dirección ás Cortes, aínda que, ó contrario do que viña proxectado nas normas do ano 84, non chega a unirse coa estrada comarcal que vai dirección Brión, quedando a escasos metros e desembocando nunha pequena vía de tipo 4 existente. Nesa mesma zona, Rianxiño, amplíanse unhas sendas existentes de tipo 2 e 4 que unen a estrada de Rianxiño con Rianxo, pola área da escola, polo que se acaba de dar pé a poder pasar por Rianxo sen entrar no seu interior.

Nesta fase aparece un fenómeno nunha antes desenvolvido en Rianxo. Ata agora as vías sempre ían en crecemento, como xa se expuxera, nacían vías de tipo 1 que ó ter máis uso pasaban a ser de tipo 2 e máis tarde coa chegada de vehículos motorizados ou do uso desas vías para acceder a vivendas chegaban a converterse en tipo 4 ou incluso seguir aumentando de categoría. Pero nesta fase dáse por primeira vez o caso contrario, trazados con certa importancia que sendo de tipo 2 en vez de seguir medrando e converterse en tipo 4, foron minguando e desaparecendo ou quedando de forma residual como sendeiros de tipo 1. Este curioso fenómeno apareceu polo caso contrario ó anterior, pois inicialmente eran vías de tipo rural, con certa importancia por tratarse de camiños para o movemento a certos terreos de importancia na agricultura. Nesta fase aparece unha nova rúa de gran capacidade, o que provoca que os pequenos camiños se deixen de utilizar incluso para o tráfico agrícola. Por outro lado, as fincas, que anteriormente se utilizaban para o cultivo, comezan agora a converterse en solares.

Nesta fase tamén se observa a conversión de rúas transitables en rúas peonís, afastando definitivamente o tránsito rodado do centro de Rianxo e usando as novas rúas comentadas a modo de circunvalacións.



**Imaxe 145:** Fotografía aérea de Rianxo contemporánea á fase de estudo. Nela pódese ver a importancia que foi gañando a zona de recheos sobre o pobo. Na perspectiva tamén se pode ver como se vai ampliando a zona edificada cara ó exterior.

E para rematar, así se mostra na fase de **2012** a rede viaria rianxeira.




**Imaxe 146**: Plano onde se representa a distribución viaria existente no ano 2012.

**Vías rianxeiras no 2012.**

A urbanización vaise estendendo de dentro para fora, e así as vías máis próximas ó centro soben de categoría ó ir adecuándoas ás distintas necesidades.

Nesta fase aparece reflectido un cambio substancial, que aínda que foi máis esaxerado en lugares menos céntricos tamén amosa aquí a súa pegada, pois no ano 2000, houbo unha subvención a nivel europeo no que o concello puido contratar unha gran porcentaxe de xente desempregada. O concello serviuse deste persoal subvencionado para realizar traballos de adecuación, preparación, pavimentación e, sobre todo, realización de beirarrúas. Este investimento non fixo máis que acelerar o crecemento do número de trazados que se ían convertendo en rúas ou vías de maior categoría, este reflexo pode visualizarse no momento no que as máis afastadas do centro pasan de ser tipo 2 ou 4 a ser de tipo 5 ou 6.

Nesta fase tamén se segue coa conversión de rúas céntricas en rúas de carácter peonil, de tipo 3. Esta situación, como xa foi exposto, axuda á descentralización do núcleo, ademais a rúa Rinlo pasou de ser de tipo 7 a ser de tipo 6, polo que a circunvalación de Rianxo xa case é completa, no sentido de que a rúa de entrada unicamente serve para entrar, mentres que para saír hai que facelo por un trazado distinto ou por unha estrada alternativa.

Tamén é nesta fase cando aparece por primeira vez unha vía tipo 9, praza dedicada en exclusiva ós peóns, nacida da desaparición dun edificio.




**Imaxe 147:** Fotografía da rúa do medio. É unha fotografía do mesmo lugar que unha anterior, pero dende o sentido contrario. Naquela fase era unha vía de circulación de automóbiles e de peóns, na actualidade é unha vía totalmente peonil, e o trafico polo medio do pobo foise afastando gradualmente.

Para ir rematando e pechando o tema das infraestruturas, comentar que as vías en Rianxo foron sufrindo unha evolución bastante clara de dentro a fora. Isto explícase no sentido en como se foi desenvolvendo o seu crecemento, cando sen realizar cambios nos trazados e con moi poucas aberturas de vías novas, foise facendo unha circunvalación do núcleo. Remarcando que o maior eixe exterior previsto nas normas do 84 non foi realizado de forma completa. O que é de esperar é que no futuro continúe esta tendencia, incluso con máis decisión á hora de abrir vías ou adecuar as existentes para que o paso polo centro da vila se realice o máis afastado posible, acabando de excluír o tráfico rodado que non se dirixa ó centro do propio núcleo rianxeiro.

Esta evolución compróbase nitidamente observando a primeira etapa, pois nela vese como o paso era obrigatorio polo centro de Rianxo para poder continuar pola estrada comarcal. O tránsito discorría polas prazas e rúas principais, as que na actualidade chegaron a ser o núcleo da vila e incluso evolucionaron para acabar de uso peonil. Como é o caso das rúas do Medio ou de Arriba, mentres que outras como a praza de Castelao ou a praza de Rafael Dieste semellan estar nun estado intermedio ata a súa peatonalización nun futuro a curto-medio prazo.

Esta tendencia de ir de dentro a fora, que xa foi comentada, parece que vai continuar. As vías do exterior van entrando de forma paulatina a formar parte de vías de tipo 5 e 6, deixando a súa forma simple de tipo 4. Esta evolución é unha continuación directa do que ven sucedendo, onde sendas que no presente forman parte das de categoría 5 ou 6 cun carácter totalmente urbano eran en fases iniciais de tipo 4 con aspecto e utilización totalmente desurbanizado.

Outra evolución clara que se observa nas distintas etapas é o crecemento cara ó mar, sobre todo nas zonas destinadas a aparcamentos. As prazas mixtas de tipo 8 que se desenvolven no centro son cada vez máis usadas de forma exclusiva de forma peonil, prohibindo o transito por elas para distintos actos ou eventos. Isto tamén se comproba nas rúas principais de Rianxo que desembocan na praza Castelao (rúa de Abaixo, do Medio e de Arriba) as cales pasaron de ser principais a ser vías de tipo 3 con uso exclusivo de peóns. O que se demostra con isto é que a tendencia parece que continuará convertendo as prazas do centro en espazos peonís, como xa comeza a suceder en momentos puntuais, e os aparcamentos e movementos internos se desprazarán á zona portuaria, como xa está comezando a suceder.

A idea que se está extraendo en xeral é a de abandonar o centro, por un lado teríase o desprazamento interno para a zona portuaria, mentres que no outro sentido teríase a do desprazamento externo para as zonas circunvalatorias. Este parece o percorrido que está sufrindo Rianxo nas últimas fases, unha dinámica que se está desenvolvendo na actualidade e que semella vai seguir buscando en épocas futuras.

### 5.5. Espazos verdes públicos

A continuación realízase unha presentación das distintas fases onde se mostran os espazos verdes existentes na área de estudo. Esta mostra unicamente se referirá ós espazos públicos, xa que foron cunhas determinadas finalidades, precisando un mantemento por parte da administración e sendo de goce colectivo. Quedando así as distintas fases:

**►Rianxo en 1956.**




**Imaxe 148**: Plano onde se dispoñen as zonas verdes existentes no ano 1956.

Rianxo na etapa do ano 1956 presenta os seguintes espazos verdes, representados co número correspondente a:

1- Alameda, coñecida como Campo de Arriba; 2- Xardín

As únicas áreas existentes nesta fase son de realización moi recente, os xardíns da ribeira estaban acabándose aínda de construír, de igual maneira que a plantación da alameda.

►**Rianxo en 1973.**




**Imaxe 149**: Plano onde se dispoñen as zonas verdes existentes no ano 1973.

Rianxo na etapa do ano 1973 presenta os seguintes espazos verdes, representados co número correspondente a:

1- Alameda, coñecida como Campo de Arriba; 2- Xardín

Pódese observar o desenvolvemento na liña de litoral, xa que na nova zona de recheo, desempeñouse un coidado visual, equipando esa franxa con varios xardíns acompañados de beirarrúas e bancos. A zona de recheo sobre o mar convertese así nunha zona recreo e goce.

►**Rianxo en 1984.**




**Imaxe 150**: Plano onde se dispoñen as zonas verdes existentes no ano 1984.

Rianxo na etapa do ano 1984 presenta os seguintes espazos verdes, representados co número correspondente a:

1- Alameda (campo de arriba); 2- Xardín; 3- Parque infantil.

Poucas variacións sufriu Rianxo ata este momento, é de salientar a aparición dun parque infantil na zona do Campo de Arriba, que xunto coas pistas exteriores que se situaban na actual localización da piscina municipal, eran as únicas áreas de divertimento, expansión infantil e deportivas.

**►Rianxo en 1999.**




**Imaxe 151**: Plano onde se dispoñen as zonas verdes existentes no ano 1999.

Distribución das zonas verdes urbanas en Rianxo no ano 1999:

1- Alameda (campo de arriba); 2- Xardín; 3- Área recreativa.

En esta etapa si que aparece un aumento claro no desenvolvemento de xardíns, tanto na recente amañada zona de Tanxil como nas novas urbanizacións. Destacar a execución dunha área recreativa e de lecer na zona baleira que quedaba entre o polideportivo e o Campo de arriba. Salientable a ausencia de calquera tipo de parque infantil nesta fase.

►**Rianxo en 2012.**




**Imaxe 152**: Plano onde se dispoñen as zonas verdes existentes no ano 2012.

Rianxo na etapa actual do ano 2012 presenta os seguintes espazos verdes urbanos públicos, representados na imaxe anterior co número correspondente ó seguinte elemento:

1- Alameda (campo de arriba)
2- Xardín
3- Área recreativa
4- Parque infantil
5- Paseo marítimo
6- Parque de Galiza

Nesta última fase é notorio destacar o gran auxe e desenvolvemento dos espazos verdes públicos, destacando a realización deste tipo de ambientes en case calquera dos lugares nos que se realizaba unha obra pública. Tamén se acentúa a expansión destes espazos na marcada liña do litoral.

Aquí, vólvese a dispoñer da existencia de parques infantís, xa que despois de varios anos sen ningún, agora preséntase tres, un na zona portuaria, outro no campo de arriba e o último na parte central da urbanización da Martela. Neste punto habería que mencionar que o concello de Rianxo, nos anos próximos á fase de 1999 seguiu unha política de parques públicos específica, a cal consistía en entregar de forma gratuíta ás distintas persoas, grupos de veciños, asociacións,... que se interesaban por instalar (ó seu cargo) un parque infantil no seu territorio. Desta forma, este tipo de pequenos parques fóronse difundindo polas distintas aldeas e lugares do municipio de Rianxo, instaladas nos terreos baldíos de cada lugar.

Dúas grandes zonas de expansión nacen ó norte e ó sur do centro. Por un lado tense, no norte, a construción do paseo marítimo que arranca no porto de Setefogas de Rianxo e acaba na praia da Torre en Taragoña. Este paseo foi acompañado ó longo do seu percorrido por zonas de descanso, zonas de lecer, xardíns,... e por distintos equipamentos públicos como fontes, máquinas de ximnasios ó aire libre,... O paseo marítimo abriu a vila ó acceso peonil, xa que aporta unha vía de comunicación ós transeúntes que xa non se ven obrigados a pasar por ningunha estrada. Agora poden saír directamente dende a zona de recheos, a cal se atopa ben acondicionada deste tipo de zonas verdes. Por outro lado téñense, na parte sur, as últimas ampliacións portuarias, onde se realizaron unha serie de xardíns e espazos de lecer, como é o miradoiro da punta de Fincheira. Tamén desta zona nace un sendeiro que percorre a costa máis agreste para chegar ás praias de Quenxo e Tanxil a través da zona de acantilados que quedan ó pe dun pequeno camiño do tipo T1.

Para rematar, é preciso mencionar o gran aumento deste tipo de zonas dentro da área de estudo. Onde se mantivo un estrito coidado, como exemplifica a rotonda da entrada a Rianxo, onde se dispuxo un pavo real formado por flores. Pero hai que ser consciente da mesma equivalencia que ten a diminución das zonas verdes rurais ou privadas, as cales foron perdendo todo o seu valor ó ir converténdose a vila nun poboado totalmente alleo ós cultivos, e aproveitando calquera finca para ter opcións edificables.



**Imaxe 154**: Foto do parque infantil situado na Alameda, de recente construción.

Na parte esquerda obsérvase a zona arborada do Campo de Arriba, quedando nun nivel inferior a capela da Virxe Guadalupe, ó fondo.

Na parte central superior pódese distinguir unha área recreativa.

E na parte dereita da foto sitúase o polideportivo e a piscina municipal.

## 6. Correlacións e triangulacións sistemáticas

Despois de facer un percorrido sobre as distintas análises desenvolvidas, neste punto determínase que tipo de concordancia presentaban estes estudos con respecto ós fundamentos e métodos avanzados na primeira parte da investigación.

Esta triangulación lévase a cabo en dous niveis. Por un lado, corroborando que as propostas lanzadas nos distintos encadramentos teóricos alcanzaron unha resposta a través da parte analítica, extráense neste punto as conclusións que abordan con concordancia os conceptos iniciais. Por outro lado, téñense que realizar novas triangulacións entre distintas partes xa analizadas, para poder contestar de forma completa ás distintas propostas, facendo unha conxugación dentro das varias análises que anteriormente foran desenvolvidas individualmente.

En calquera dos dous modos anteriores non se dará unha resposta ó obxecto inicial, unicamente se realizará unha correlación entre a parte teórica e a parte analítica, deixando para os puntos seguintes das conclusións as respostas obtidas ás distintas problemáticas. Abordando a seguir cada un dos temas sistematizados:

### 6.1. O Centro Urbano

O concepto de centro urbano abórdase neste apartado, para dar paso á propia concreción dentro das conclusións, debido a que é un dos obxectivos suxeridos nesta investigación. Este concepto, fundamentado nos autores correspondentes, albergaba tres indicadores: o lugar concreto, o carácter focal e a base económica.

No punto 5.3., anteriormente exposto, pódese observar como se distribuíron os distintos equipamentos existentes ó longo das fases. Na primeira fase de 1956 xa se podía distinguir como destacaba un factor, pois na parte máis antiga e orixinal da vila, idea que se traía da abordaxe histórica, non corresponde xa neste primeiro momento ca acumulación de equipamentos. Estes atopábanse distribuídos pola parte norte da vila, na zona que primeiro foi ampliada, dentro do casco histórico. Ca supervisión das seguintes etapas, pódese comprobar como os equipamentos van ocupando zonas de nova creación, cara ó Norte e cara ó Este, pero mantendo sempre unha acumulación de servizos na franxa que existente entre a igrexa parroquial e a capela da Virxe de Guadalupe. Na parte sur do Cabo da Vila, na zona do Castelo aparece un centro económico-industrial durante as fases intermedias, aglutinando a maior parte da industria existente.

Nestas fases intermedias tamén se observa a disposición de varios servizos de forma perimétrica, aínda que co paso das fases foron quedando integrados polo desenvolvemento do tecido urbano.

Coa abordaxe do nomeado punto 5.3. pódese extraer, nos puntos seguintes de conclusións, cal foi o centro, onde se atopa na actualidade e cal debería ser a zona a evolucionar para chegar a selo en fases futuras.

### 6.2. Morfoloxía Urbana

Este concepto teórico é básico para o desenvolvemento da investigación e a súa parte analítica, pois como se puido extraer do punto dos fundamentos, a morfoloxía urbana é a ferramenta utilizada para designar o estudo da estrutura exterior dun obxecto, como pode ser neste caso particular Rianxo, o obxecto en estudo. Deste concepto extráense varias pautas de referencia na parte analítica, presentándose a transformación no tempo, os elementos morfolóxicos e a creación de espazos como indicadores a seguir. Desta maneira foi como se introduciron varios elementos na investigación, ca finalidade de atopar resposta á transformación temporal, dividiuse a franxa abordada en varias fases para tomar de referencias, para dar unhas visións de momentos puntuais a modo de mostra xenérica e para dar unha representación real e confirmada documentalmente do estado mostrado. A escolla destas referencias están detalladas durante a parte analítica no punto 4.1., criterios de escolla das fases descritivas. Pero o desenvolvemento non queda na simple delimitación temporal en fases, senón que se realiza un estudo detallado da forma adoptada en cada unha, especificamente no punto 4.2. descríbese a situación de cada momento.

Dous dos indicadores máis salientables, deste elemento teórico a morfoloxía urbana, son a transformación no tempo e a creación de espazos. A delimitación e transformación temporal xa foi abordado no parágrafo anterior, facendo mención ós puntos 4.1. e 4.2. onde se desenvolveu de forma individual, pero no punto 4.3. xa foi realizado un esquema mixto dando unha visión máis concreta do sucedido, onde se podía identificar de forma directa o momento de creación e desaparición de cada elemento particular integrante do tecido construído.

O terceiro indicador extraído, os elementos morfolóxicos, non bastaba con dispoñelo dunha forma simple e representativa como se realizara no punto 4, a modo de descrición, senón que habería que desenvolvelo a través de varias fases do punto 5, onde se vai debullando que elementos urbanos poden ir marcando a distribución na forma urbana de Rianxo. Pois como foi referido no punto específico da morfoloxía urbana, as respostas directas ó que buscar dentro do caso de estudo particular podía vir dado por un esquema representativo das superficies e determinados elementos desenvolvidos en cada período. O seguinte punto a tratar vai ser o dos dispositivos morfolóxicos e os contornas urbanas. Para a súa clara correlación dispoñeranse unha serie de esquemas que poden ser útiles para acabar de conxugar estes elementos morfolóxicos, xa que nesa serie de planos pódese contrastar a forma urbana en base a outros factores xa analizados.

Esta pescuda está partindo do principio de que se ten o caso de estudo caracterizado, como se expuxo no punto 3. Aínda que o autor de referencia José Lamas (2004) dea paso a niveis máis próximos ás descricións elaboradas durante a parte analítica, para outros autores é fundamental comezar por realizarse unha situación dentro da contorna para o tratamento da morfoloxía, aspecto que foi abordado no mencionado punto 3.

### 6.3. Dispositivos Tipo-Morfolóxicos e Contornas Urbanas

A correlación despregada para este dispositivo é das máis interesantes que de desenvolven durante a investigación. O encadramento deste dispositivo, como é o dos dispositivos tipo-morfolóxicos, comeza co respaldo do investigador Percy Acuña Vigil (2005) onde a través da súa obra (2005, p.143) expón a importancia dos equipamentos como grandes dispositivos influentes da forma urbana ou da contorna urbana. Na súa xustificación fai mención das prazas públicas como parte dos equipamentos.

No desenvolvemento particular desta Disertación optouse por introducir as prazas como parte das vías e non como parte dos equipamentos, como propoñía o autor.

Antes de seguir ca relación de encadramentos e a parte analítica sería interesante realizar unha dupla comprobación en base ó exposto por Percy Acuña, a primeira sería a interrelación de prazas e manchas edificadas:




**Imaxe 154:** Plano onde se cruza a disposición das prazas cas manchas edificadas.

Para seguir, realizase unha exposición dos equipamentos interrelacionados coas prazas existentes. De igual forma que co anterior deseño, tomando de referencia o estado actual, desta forma:




**Imaxe 155**: Plano onde se cruza a disposición das prazas cos equipamentos actuais.

Nestas representacións, onde tamén se poden identificar as principais vías para dar unha referencia ós deseños, pódese extraer como Rianxo non presenta unha relación tan directa como se podería intuír das prazas dentro dos distintos equipamentos seleccionados ou con conexión directa destas prazas ca mancha edificada.

Seguindo na extracción destes dispositivos tipo-morfolóxicos, e como se mencionou anteriormente, Aldo Rossi (1971) relaciona a tipoloxía e a forma urbana, pero entendéndose como a forma que toma a cidade, a forma que toma a mancha edificada con respecto a cada tipo de obxecto co que se referencia. De aí que durante a parte de encadramento teórico xa se extraeran dous grandes indicadores: a situación dos distintos elementos, e os cambios na forma. Indicadores que darán pé durante na parte analítica a unha serie de esquemas que presentan as distintas fases de Rianxo.

Tamén se ten referenciado os equipamentos a buscar ou identificar que poidan ter relación directa sobre o cambio urbano, que realmente é o que se traduce directamente desta cuestión. Así Vittorio Gregotti (1972, p.68) segue o camiño mencionado e deixa, como xa se viu, un claro rastro seguido de forma natural,  porque a mancha urbana pode ir variando en base a certos equipamentos desenvolvidos na poboación.

Aínda que o cruzamento propio para dar solución a este tipo de cuestión enténdese que non é a análise directa das distintas fases senón que, collendo as ideas anteriormente mencionadas e incluso tendo en conta os dous esquemas presentados nas paxinas anteriores (Imaxe 154, imaxe 155). Xa que o que se pide por parte dos teóricos que defenden estas propostas non é máis ca o cambio directo na forma da cidade en base a que, en base a certos indicadores que se poden ir extrapolando co cruzamento dos distintos sistemas utilizados durante a parte analítica.

Pois como se viu nestas representacións, parece que tampouco era conseguida unha resposta clara ás súas propostas. E realmente estábase pedindo un cruzamento desenvolvido, non un unha secuencia analítica directa dos distintos estados de cada fase. Así pódese pasar ao que se viña avanzando na parte teórica, como é o de ter en conta dous aspectos distintos dos identificados na parte analítica, como é que estes dispositivos poderían ser resoltos ca representación a través dunha serie de planos onde sexa plasmado por un lado a forma adquirida e noutro sentido, onde se identifiquen os equipamentos existentes en cada etapa da perspectiva anterior. Así pódese comprobar realmente se a forma foi evolucionando con respecto ós distintos servizos facilitados en cada época.

Esta serie de planos tamén serviría en menor medida para corroborar o encadramento teórico presentado na parte inicial por Nikos Salíngaros (2004) e a súa contorna urbana que se extraeu a través do indicador da conectividade local, onde a parte local a buscar no caso de estudo sería a dos tipos de conexións entre as edificacións existentes, pero centrándose nos equipamentos destacados, e as partes construídas; nunca na propia conexión entre edificacións que podería estar formulando Salíngaros, senón buscando os distintos conectores entre a forma e os edificios que se destacaron na parte analítica.

Desta maneira, desenvolvendo o proposto, dáse unha visión clara e directa sobre o encadramento entre a parte construída, que non é máis ca a contorna urbana, e os distintos equipamentos presentados.

Así se atoparía a correlación entre a mancha equivalente á superficie construída exposta anteriormente e os equipamentos dispoñibles no **1956.**




**Imaxe 156**: Plano onde se realiza unha conxugación entre as manchas construídas e os equipamentos dispoñibles na fase de 1956.

Interrelación de esquemas do ano 1956, por un lado aparecen en forma de puntos cada un dos equipamentos existentes nesta fase, mantendo a cor orixinal por cada agrupación edificada, mentres que por outro lado está introducíndose a mancha equivalente á superficie edificada na mesma fase. Acompañados da representación das principais vías para dar claridade.

Así se atoparía a correlación entre a mancha equivalente á superficie construída, exposta anteriormente, e os equipamentos dispoñibles no **1973**.




**Imaxe 157**: Plano onde se realiza unha conxugación entre as manchas construídas e os equipamentos dispoñibles na fase de 1973.

Interrelación de esquemas do ano 1973, por un lado aparecen en forma de puntos cada un dos equipamentos existentes nesta fase, mantendo a cor orixinal por cada agrupación edificada, mentres que por outro lado está introducíndose a mancha equivalente á superficie edificada na mesma fase. Acompañados da representación das principais vías para dar claridade.

Así se atoparía a correlación entre a mancha equivalente á superficie construída exposta anteriormente e os equipamentos dispoñibles no **1984.**




**Imaxe 158**: Plano onde se realiza unha conxugación entre as manchas construídas e os equipamentos dispoñibles na fase de 1984.

Interrelación de esquemas do ano 1984, por un lado aparecen en forma de puntos cada un dos equipamentos existentes nesta fase, mantendo a cor orixinal por cada agrupación edificada, mentres que por outro lado está introducíndose a mancha equivalente á superficie edificada na mesma fase. Acompañados da representación das principais vías para dar claridade.

Así se atoparía a correlación entre a mancha equivalente á superficie construída exposta anteriormente e os equipamentos dispoñibles no **1999.**




**Imaxe 159**: Plano onde se realiza unha conxugación entre as manchas construídas e os equipamentos dispoñibles na fase de 1999.

Interrelación de esquemas do ano 1999, por un lado aparecen en forma de puntos cada un dos equipamentos existentes nesta fase, mantendo a cor orixinal por cada agrupación edificada, mentres que por outro lado está introducíndose a mancha equivalente á superficie edificada na mesma fase. Acompañados da representación das principais vías para dar claridade.

Así se atoparía a correlación entre a mancha equivalente á superficie construída exposta anteriormente e os equipamentos dispoñibles no **2012.**




**Imaxe 160**: Plano onde se realiza unha conxugación entre as manchas construídas e os equipamentos dispoñibles na fase actual de 2012.

Interrelación de esquemas do ano 2012, por un lado aparecen en forma de puntos cada un dos equipamentos existentes nesta fase, mantendo a cor orixinal por cada agrupación edificada, mentres que por outro lado está introducíndose a mancha equivalente á superficie edificada na mesma fase. Acompañados da representación das principais vías para dar claridade.

Despois de pasar graficamente as interrelacións entre o esquema de manchas edificadas e dos puntos representativos dos equipamentos, o que se podería destacar de cada fase é que:

No ano 1956 destaca como a práctica totalidade dos equipamentos están distribuídos pola zona do centro de Rianxo. De feito, os puntos que se atopan fóra da contorna desta superficie corresponden a equipamentos relixiosos que se construíron en outros lugares (capelas situadas en distintos emprazamentos) ou fora do propio casco como é o caso do cemiterio, que xa fora afastado de forma intencionada da parte construída. Tamén aparece separada unha fábrica situada na zona que máis para diante avanzará a unha especie de zona industrial, no Castelo.

No ano equivalente ó 1973 o que destaca é a aparición dunha serie de equipamentos fóra da mancha edificada, dando a entrever como os servizos se dispoñían con antelación ó desenvolvemento urbano.

No ano 1984 móstrase como a mancha edificada vai en busca dos equipamentos aparecidos na fase anterior, e que ata este momentos estaban distanciados da dita mancha. Nesta fase parece como a construción toma os equipamentos como guía de crecemento.

No ano 1999 destacan dúas características, por un lado séguese ca tónica traída das fases anteriores, como a mancha segue os equipamentos, ou os equipamentos se van establecendo dentro da mancha edificada, como acontece nalgún caso particular. Pero en outro sentido é cando se dá mostra do dominio portuario e se desprazan unha serie de servizos ós recheos. A mancha edificada non pode seguir ese eixe vertebrador, xa que a zona portuaria non está rexida por normas urbanas municipais e si por normativas propias de servizos portuarios.

Na fase actual extráense tamén  dúas ideas claras, nun sentido a mancha edificada abarca a maioría dos equipamentos que se ían desprazando de forma primaria, exceptuando, claro está a zona portuaria, pero doutra forma o que sucede é que hai unha clara expansión e crecemento da superficie construída que non acompaña a distribución de equipamentos, quedando estes en zonas orixinarias e desabastecendo as novas e amplas zonas de desenvolvemento ou asentamento edificado, coincidindo en gran maneira ca zona das primeiras fases.

Despois desta descrición, onde salientou cada fase e despois de mostrar os diferentes planos entrecruzados cas distintas informacións, semella que os indicadores e encadramentos teóricos expostos na parte inicial se puideron ir debullando e concretando. Sobre todo a determinación de contorna urbana cos dispositivos tipo-morfolóxicos, os cales foron xustificados como unha forma de crecemento en base a certos tipos de indicadores, non en base ó tipo de construción ca que se define o crecemento, senón á forma como evoluciona o urbanismo local. E como se puido comprobar cos últimos esquemas, con respecto ós servizos presentados en cada unha das situacións do caso de estudo.

### 6.4. Elementos reguladores

Este modelo de encadramento é exposto despois dos obxectivos porque, como xa foi anunciado no punto conceptual 2, este tipo de consideración, como son os elementos reguladores, poden ser aplicados a calquera das cuestións expostas inicialmente. Os grandes indicadores extraídos da parte teórica eran os distintos elementos de ordenación e os elementos de contención, polo que a visión xeneralizada sobre a parte analítica será a que mostre os distintos elementos, dos cales se distinga os que ordenan ou limitan o espazo analizado.

A busca destes compoñentes desenvólvese dunha forma conxunta, os elementos de ordenación identifícanse cos distintos eixes polos que se rexe o crecemento urbano, mentres que os elementos de contención, cos que se limita fisicamente dito crecemento.

Neste punto deberíase destacar a conxugación xeral que presentan estes elementos, pois tanto a través das infraestruturas, como dos equipamentos, ou incluso da evolución portuaria será onde agromen esta clase de pautas de ordenación e contención.

Durante as distintas descricións dos compoñentes analíticos xa se foron reflectindo as distintas características e sobre todo consecuencias desta clase de elementos que repercuten na forma do crecemento urbano. Será na parte final, nos seguintes puntos de conclusións, onde se sistematicen estes resultados.

### 6.4. Correlacións finais

Ao longo da presentación teórica foron expostos unha serie de autores e indicadores teóricos que se encadraban ca parte de referencia no apartado analítico, xa non unicamente dende un punto de vista de solución das distintas cuestións que xorden dos obxectivos expostos, senón que xa dende unha forma de ser exploradas, a través dun modo teórico, despois de repasar os distintos elementos de análise. En definitiva, un complemento ideolóxico e, sobre todo, unha base practica para o análise desenvolvido.

No complemento teórico que se realiza co urbanista inglés Gordon Cullen (1983) extráense tres claros indicadores, como son: -as liñas de forza, -a ocupación urbana con respecto ó mar, e -a auga como elemento urbano. Estes indicadores van tendo unha importancia no transcurso da parte analítica, de feito, aínda que non fora dando unha resposta directa ós nomeados indicadores, si que se pode extraer unhas conclusións: de que tipos de liñas de forza se foi nutrindo Rianxo durante a evolución urbana, se o poboado foi mantendo unha ocupación da parte terrestre como se expoñía polo autor, ou se a auga é un elemento destacado dentro do urbanismo local. Cuestións que de forma secundaria, ou definidas no vindeiro punto 8, se foron abordando durante os distintos exercicios realizados na parte analítica.

Outro autor que foi referido na parte teórica foi María José Rodríguez-Tarduchy (2011), a cal expoñía dunha forma próxima as distintas teorías que nos acercaban a este tipo de análise. Nun primeiro momento xa se abordou para extraer un tipo de relación entre a morfoloxía e os equipamentos, relación que se veu durante a parte analítica ou, máis concretamente, durante o punto anterior onde se relacionou a mancha edificada cos distintos equipamentos. Pero debido á súa aproximación teórico-práctica á liña teórica desenvolvida nesta investigación serviu de base para extraer distintos elementos a estudo. No apartado das infraestruturas serviu de sustento para realizar unha escolla dos distintos tipos de vías a clasificar en Rianxo *"La jerarquía viaria de una gran ciudad se ordena en tres tipos de redes:"* (2011, p.229 - 231) Aínda que como se explicara no seu debido momento, acabouse por realizar unha clasificación propia que identificara perfectamente a totalidade da distribución viaria. Outro momento no que se tivo en conta, para clasificar distintos elementos definidos no caso de estudo, foi no apartado dos equipamentos que se deberían identificar nun estudo destas características: *"Equipamientos - Clasificación: Cultural, Recreativo, Docente, Sanitario, Asistencial, Religioso, Servicios de la Administración Pública, Servicios Especiales, Deportivos"* (2011, p.313) Onde facilita un guión para a precisión dos distintos grupos que se buscaron sobre o caso de estudo particular de Rianxo.

Outra definición que foi aportada por esta autora á investigación foi a puntualización da liña traída por Rossi (1971) e a escola italiana, con respecto á introdución do tipo dentro da análise morfolóxica. Como xa se veu na parte teórica, a autora conxuga a tipo-morfoloxía triangulando un tipo de construción concreta, como poden ser os equipamentos, ca forma urbana, sen pormenorizar no tipo de edificación que exista dentro da mancha edificada. Cousa moi interesante para este nivel de investigación, onde non se aborda concretamente a tipoloxía, senón que se trata unicamente a forma con respecto ó tipo. A postura mostrada pola autora si que capacita este tipo de estudo para chegar ás distintas conclusión tras a valoración da parte analítica, onde se chega a distintas respostas en base ás formas analizadas, e que xa fora expoñendo *"Los diferentes tejidos producen planos parcelarios perfectamente reconocibles y diferenciados por el tamaño y forma de las parcelas, el ancho de los viales, la longitud (....)"* (2011, p.64), onde vai deixando formas de investigación para a través da parte analítica (representacións en planta, variedades morfolóxicas expostas, áreas de crecemento, disposición de vías,...) chegar ás respostas máis concretas para concluír cada cuestión formulada.

Outro autor non referenciado anteriormente, pero utilizado no transcurso da parte teórica para chegar a resultados específicos é Mário Gonçalves Fernandes (2002), o cal, sen situarse en ningunha das dúas grandes liñas de investigación traídas nesta investigación, deixa unha clara pista por onde traballar a parte cuantitativa ó entrelazar o número de obras construídas cas edificacións existentes en cada época, *"A mancha edificada registou alterações que contribuíram para a modificação da morfologia dos centros*

*urbanos. No entanto, para além da variação quantitativa, em termos de número de fogos, foram as alterações qualitativas que mais marcaram aquela transformação morfológica."* (2002, p.370) Dando un respaldo específico á triangulación realizada na parte analítica entre as construcións identificadas de forma puntual, o porcentaxe do número de obras realizadas e a mancha edificada, significando un gran sustento para estudo morfolóxico da evolución urbana.

Importante mencionar antes de rematar, como a partir de gráficos realizados para outros obxectivos, como os expostos anteriormente, se poden extraer utilidades para outras respostas, como neste fragmento dunha imaxe presentada anteriormente, se poden distinguir distintos indicadores como os expostos por Panerai *et al* (1983) dos elementos de contención ou ordenación, ou incluso de moita utilidade para a busca de distintos eixes que regulen a forma urbana como se extraía de Cullen (1983) ou Salingaros (2004).




**Imaxe 161**: Fragmento da imaxe 48, a cal se realizou de forma orixinal para determinar o crecemento de moto puntual, pero no que se poden extraer de forma clara certos eixes, aliñamentos, límites e outros elementos que axuden a dar resposta dun modo xeral ás distintas cuestións formuladas.

E para fechar o capítulo de triangulacións, é preciso conxugar todos elementos analizados de forma conxunta, sobre todo, tendo a capacidade de que o analizador-urbanista, como se expoñía na parte teórica, teña a capacidade de saber identificar os distintos elementos que sexan salientables para alcanzar as distintas respostas, como se veu no gráfico anterior, o cal se tiña realizado para outra finalidade.

## Síntese correlativa entre os obxectivos e as respectivas respostas

## 7. Síntese correlativa entre os obxectivos e as respectivas respostas

Chegando a este punto é preciso mencionar que o que ata aquí se veu realizando foi un estudo dun caso particular, onde se desenvolveron distintos métodos para realizar unha análise concreta sobre a evolución morfolóxica de Rianxo. Este percorrido é o preciso para dar resposta ás cuestións lanzadas na primeira parte desta Disertación. No transcurso desta investigación foron aflorando e desenvolvéndose outras cuestións que deberían ser abordados nesta parte final, aínda que de forma práctica se separaron en dous puntos distintos. Quedando este punto como unha resposta ampla onde se abordan os obxectivos iniciais e detallando no seguinte punto de conclusións a resolución dos outros aspectos xurdidos en base ás respostas exploradas neste punto.

As pezas chave para abordar este reto de forma visual foron uns planos e esquemas presentados en partes anteriores, os cales foron realizados de forma propia a partir de planos antigos, fotografías aéreas e datos catastrais, como xa fora indicado en profundidade nos primeiros puntos deste traballo. Estes planos foron completados, na medida que as necesidades o ían demandando, con información extraída de outro tipo de medios como fotografías, entrevistas exploratorias ou a través da análise directa sobre o terreo.

Así, despois de rematar ca parte sistemática, onde quedaban expostas as distintas triangulacións que se levaron a cabo para dar resposta a todas as cuestións, e despois de abarcar a fundamentación que se abordou ao longo deste traballo, pásase a dar respostas concretas dos asuntos expostos na parte inicial, como:

**► Identificar os procesos de transformación do centro urbano de Rianxo ao longo da segunda metade do século XX.**

Este obxectivo foi lanzado para repasar a evolución de Rianxo en distintos momentos dende mediados do século pasado ata a actualidade. Ver como Rianxo foi evolucionando a través dos distintos procesos transformadores que se deron ata chegar á situación actual. Esta evolución plasmouse durante a parte analítica a través de distintas fases pre-establecidas.

Na primeira fase exposta no ano 1956 xa aparece Rianxo cuns cambios visibles con respecto ó que debera ser nos seus orixes, onde se mostra un pobo unificado na liña do litoral, o cal semella que presentaría un dobre núcleo entre a zona da Igrexa (incluíndo a Praciña e O Cabo da Vila) e a zona do Portiño. No momento no que comeza o estudo, xa aparece a poboación repartida ó longo da beira mar, tendo realizado xa os tres peiraos; Setefogas ó carón da capela existente e dun pequeno núcleo, o Portiño como o peirao máis antigo ó carón do asentamento establecido, e o novo desembarcadoiro que se realizou ó carón do núcleo do Cabo da Vila, uníndose ca illa que alberga a capela de San Bartolomeu.

Estas tres zonas aparecen unificadas a través de rúas paralelas á liña de costa. A parte desta conformación nuclear, o Rianxo existente no 1956 despregase ao longo das vías existentes, destacando de forma sobresaínte nas principais de entrada ó pobo, por Rinlo e pola rúa do Hospital, sendo estas rúas as entradas no pobo das estradas comarcais CP-7202 (dirección Asados) e CP-3301 (dirección Brión) respectivamente.

Rememórase o camiño que debeu seguir o pobo ata o comezo das épocas analizadas, xa que foi un claro sendeiro a seguir nas fases vindeiras. Sendo dunha forma clara os grandes estruturadores do tecido urbano: a zona portuaria e as dúas vías de entrada ó pobo que xunto cas outras vías e outros aspectos pasaranse a describir a continuación:



**Imaxe 162**: Fotografía onde se superpón a liña orixinal de costa, podendo observar o gran recheo realizado ao longo dos anos. Presentando na actualidade unha superficie próxima ás 7 hectáreas.

A zona portuaria é un claro protagonista nos procesos transformadores de Rianxo. O que empezaron sendo tres peiraos que conectaban directamente ca vila existente, foron dando paso ao longo das fases a un recheo situado maioritariamente na parte sur. E a simple liña de amarre e abrigo que facilitaban orixinalmente ás embarcacións dou paso a unha gran extensión cunha superficie que chega na actualidade a rozar as 7 hectáreas de terreo, non só destinado a uso dos mariñeiros, senón a acoller varios dos equipamentos que se foron implantando ao longo das épocas en Rianxo. Esta proliferación do porto arrastrou toda a actividade marítima á zona portuaria, construíndo dúas fases distintas de pequenas naves-almacéns para o sector dos mariñeiros, os cales pasaron de usar as vivendas máis antigas como talleres improvisados e comezaron a utilizar eses almacéns de nova execución. Movementos deste tipo tiveron unha consecuencia no tipo de vivendas, xa que a liña marítima que albergaba moitas desas vivendas foron modificándose para elevar o numero de plantas e alturas para conseguir unha finalidade de vivenda residencial cunhas características desproporcionadas. Este efecto pouco puido influír na morfoloxía, xa que o porto se modificaba, pero a forma urbana do centro rianxeiro seguía manténdose, dado que os cambios eran notables dende un punto de vista tipolóxico, mentres que dende o prisma morfolóxico era pouco relevante, salvo a propia evolución do porto.

Estes efectos do incremento da superficie portuaria tamén foi provocando a modificación dos límites e eixes da vila, xa que como foi visto durante a parte analítica, os límites e eixes que dependían da liña de costa fóronse transformando, sobre todo ca gran transformación sufrida, pasando de ser unha liña limitadora do crecemento a pasar a ser un eixe de expansión. O que veu sucedendo, como xa foi visto anteriormente, é que con cada ampliación desenvolvida na superficie portuaria, os límites do pobo sufrían unha notoria transformación.

Outro factor, que vai na liña do anteriormente mencionado, foi a construción do paseo marítimo, o cal tamén reconverteu unha liña limitadora, e unha parte totalmente residual nun eixe vertebrador da circulación peonil e turística da vila. Este paseo marítimo, construído de forma paralela á rúa de entrada a Rianxo (rúa Rinlo) foi desenvolvido na parte traseira das vivendas existentes, nunha fachada marítima que tamén estaba funcionando de forma residual. As vivendas tiñan a fachada principal na rúa Rinlo, e esta parte traseira era utilizada como alpendres, galiñeiros,... Coa construción desta infraestrutura pasou a converterse nunha liña atractiva, dislocando en certos sentidos o protagonismo das fachadas. Aínda que para falar do paseo habería que introducirse nas infraestruturas, outro gran estruturador da forma urbana.

Pois como xa se ten mencionado, no tema da rede viaria, habería que comentar que, de forma xeneralizara, as vías que discorren polo tecido urbano foron sufrindo unha evolución de dentro a fora, explicándose isto como que, á medida que o núcleo se foi expandindo, as propias ampliacións se foron convertendo en novas circunvalacións do existente, e sempre tendo en conta as rúas existentes e as poucas aberturas de novos trazados. Este crecemento de dentro a fora tamén se dou usando as vías como eixos vertebradores, os cales ían servindo de base para o crecemento lineal a través da rede arterial establecida. Como xa se ten comentado, utilizando as arterias principais (as provinciais que entraban na poboación) como as máis importantes, en busca das poboacións existentes emprazadas na contorna de Rianxo como Fincheira, As Cortes ou Rianxiño. Xa foi destacado que Rianxo se caracterizou ao largo do percorrido histórico e incluso nas épocas dentro da área temporal estudada por estruturar o seu crecemento ao longo das dúas estradas comarcais que converxían en Rianxo (CP-7202 e CP-3301). Desta forma o crecemento de Rianxo deuse de forma xeral de modo lineal, destacando máis adiante os casos distintos que se deron de forma nuclear, como xa se ten visto nos esquemas de manchas edificadas.

A importancia das vías na evolución de Rianxo pode destacarse en dous ámbitos, como se acaba de expoñer, por un lado o tránsito polo centro de Rianxo foise desprazando cara ó exterior a raíz de novos trazados exteriores, de uso de trazados externos existentes, ou a través de prohibicións e evolucións de rúas internas, como as que pasaron a ser peonís. Estes feitos foron trasladando os tránsitos cara ó exterior, circunvalando Rianxo cada vez a máis distancia, e esta exteriorización tamén veu acompañada das ampliacións portuarias que se teñen comentado, polo que o porto tamén recolleu parte deste tránsito desprazado do centro.

O outro sentido no que as infraestruturas foron determinantes na forma de Rianxo foi porque estas novas aperturas de vías eran os eixos necesarios para a nova implantación de superficie edificada. Realmente xa se ten visto que se procedeu en moitos máis casos á adaptación de vías existentes que a realización do trazado de novas rúas. Pero na evolución da parte construída, e sen diferenciar a orixe de cada rúa, pode distinguirse como se ía adaptando a mancha edificada ás vías trazadas. Os novos trazados de infraestruturas son un elemento fundamental para a transformación que sufriu Rianxo, xa que calquera nova liña viaria que se abrira convertíase case automaticamente nun eixe vertebrador para a mancha edificada.

Con estas dúas ideas principais que se extraen da analítica de vías pódese afirmar que a base obtida polo trazado viario é o principal elemento no que se sustenta o crecemento do tecido urbano.

O crecemento en base a novas aperturas viarias deron un alongamento lineal da superficie construída, como nos casos que foron acontecendo nas Cortes, Fincheira, na rúa actual de Irmáns Insua, no desenvolvemento da rúa de Tanxil, na rúa de Rianxiño, na apertura da rúa Rosalía de Castro que une Rianxiño con Rianxo pola parte de arriba ou incluso ca introdución de novas urbanizacións a través da ocupación das novas rúas trazadas. Este tipo de crecemento lineal estaba explicado pola autora María José Rodríguez (2011) na súa obra anteriormente vista a cal diferenciaba o tipo de crecemento en base ao que se producira, así acábase de ver o crecemento lineal en base ás infraestruturas viarias, aínda que tamén hai que destacar varios crecementos nucleares que se dispuxeron en torno a diferentes elementos durante as fases en estudo como as que destacan ó carón da capela de San Xosé en Rianxiño, na parte baixa da estrada de Rianxiño, na zona do cuartel da Garda Civil, a zona do cemiterio ou a zona do Castelo. Esta zona do Castelo, chegou a ser durante varias etapas un núcleo industrial dentro do casco urbano, o cal, ca influencia comentada do porto e ca axuda de cambios normativos se está reconvertendo en zona residencial de forma tamén nuclear.

O centro de Rianxo estaba limitado, a súa construción era desenvolvida dunha forma moi densa. A distribución que presentaba era moi compacta, limitándose a través das infraestruturas existentes. Isto provocaba que as edificacións se foran dispoñendo ao longo delas cun carácter totalmente urbano. O centro rianxeiro presentaba tamén o gran límite mariño, que causaba que a construción fora dispoñéndose de mar a terra, gañándolle terreo ó último límite considerado como eran os terreos de cultivo, os cales nas primeiras fases se identifican perfectamente como solo de cultivo, e que co paso dos anos e etapas se ía convertendo nun medio de escape para as novas vivendas. Esta escapatoria presentaba unha distribución máis difusa e menos compacta a medida que se afastaba do límite mariño. As vías do centro servían ó mesmo tempo de limites e eixos; eixos porque facían discorrer a mancha edificada ao longo delas; pero límites, como xa foi mencionado, porque impedía que as construcións se desprazaran desa liña viaria.

O resultado anterior é, de modo xeral, unha distribución cunha alta densidade edificatoria na parte antiga e unha dispersión a medida que se afasta da liña do litoral. A dispersión mostrada fora do núcleo non é sempre a través de edificacións unifamiliares, senón que dentro das posibilidades que facilitaban as normas, podía verse unha distribución dispersa de edificios plurifamiliares. A distribución construtiva aparece truncada en certos puntos (tanto físicos como temporais) debido ás comentadas alteracións ou modificacións das normas que permitían de forma específica a creación de novas urbanizacións. O que ía camiño de ser unha dispersión lineal, foise cortando nunhas áreas determinadas para desenvolver pequenas urbanizacións, como a de Rianxiño de casas unifamiliares, a da Martela de edificios colectivos, ou a recente da Virxe de Guadalupe de edificación colectiva. Con isto, esta análise encamiñase a outro elemento determinante dentro da evolución urbana de Rianxo, como é a importancia da aplicación das normativas.

Como se estivo vendo, existía un forte auxe construtivo, de aí a aceleración no crecemento urbano que se está vendo ó redor das vías, ese crecemento presentábase en lugares nos que a normativa o permitía, sobre todo en fases máis recentes. Así poderíase entrar en outro claro elemento estruturador, a importancia da normativa á hora de facilitar o crecemento urbano.

Como xa fora visto no punto concreto das distintas normas que se deron en Rianxo, existiron unha serie de modificacións puntuais e ordenacións concretas que deron paso a modificacións instantáneas no trazado urbano. A demanda de construción era máis alta que a adecuación normativa, así, no momento que estas normas eran establecidas, automaticamente se desenvolvía un acelerado establecemento urbano no lugar en cuestión. Neste ámbito de casos, destacan zonas xa comentadas como a urbanización de Rianxiño de vivendas unifamiliares, a urbanización de edificios da Martela, os antigos terreos industriais da zona do Castelo ou o cuarteirón entre as rúas Rinlo e Rosalía de Castro. Construcións concretas que se realizaron fora das normas previstas no ano 84 a través destas modificacións puntuais correspondentes, como: as distintas "SAU 3 Pazo Rianxiño" que se aprobaron dende o ano 1989 ata o 2005; a E.D. sobre a Finca "O Castelo" do ano 2004; ou o "E.D. Rúa Rinlo e rúa Rosalía de Castro" do ano 2004.

Esta falta de actualización normativa, tamén produciu unha serie de desprazamentos de edificacións dispersas, as cales se establecían fora de liñas de vías adecuadas á súa categoría, consecuencia clara do aproveitamento máximo do único plan aplicado en Rianxo do ano 1984. Exemplos deste tipo de construción foi a que se desenvolveu na zona sur da vila, ó sur da estrada de Tanxil, co uso de camiños de baixa categoría ou as edificacións na zona de Cordobáns. Este tipo de urbanización realizouse na última fase, como xa foi visto, cando o solo edificable para tal características comezou a ser escaso.

O crecemento desenvolveuse nunha dupla vertente, as edificacións unifamiliares distanciáronse das colectivas na forma de ir ocupando o territorio, as unifamiliares dispersáronse por toda a área, mentres que as construcións colectivas se ían desenvolvendo ao longo das distintas oportunidades que se presentaban nos distintos regulamentos vistos. Isto representouse da maneira en que nas primeiras fases as pequenas edificacións se dispersaban ao longo do territorio, convertendo o territorio nun salpicado construtivo, sobre todo no momento no que se perdeu o limite ca área de cultivo para pasar a ser todo o territorio admisible de ser construído, en particular nas primeiras fases nas que a regulamentación era practicamente inexistente. Este tipo de extensión ía encamiñada ás zonas periféricas, tanto fisicamente como dende o punto de vista tipolóxico, pois os outros centros perimétricos presentaban unha aparencia rural en contra-posición ca única aparición urbana que era o desenvolvido no centro de Rianxo. Este tipo de expansión tamén se produciu nos grandes baleiros que quedaban entre as liñas de construción urbana que discorrían polas principais vías de comunicación, convertendo estes grandes cuarteiróns en zonas de carácter máis rural rodeados da urbanidade existente.

Dunha forma paralela a esta dispersión, ían desenvolvéndose ao amparo das distintas normas a aplicar os grandes conxuntos, implan-tándose de forma articulada en zonas destinadas a tal fin, sobre todo a partir das normas subsidiarias do 84. A produción deste tipo de vivendas colectivas tiveron un gran auxe en Rianxo, sobre todo a finais dos anos 90 e principios da nova era, aínda que como foi visto, a poboación non sufriu un aumento que se vira plasmado na aceleración construtiva desta época. Un dos motivos que o xustifican é o respaldo da burbulla inmobiliaria(3) que sufría España, acompañado dun factor xeográfico como é o movemento económico que se dá en vilas mariñeiras como Rianxo, sobre todo cos beneficios que presentaba o sector mexilloeiro nuns anos correspondentes coa época da burbulla. Isto producía que este tipo de urbanizacións foran vendidas con certa velocidade, aínda que a súa ocupación se ocasionara de forma moi lenta, a medida que os fillos dos compradores se ían indepen-dizando, era un dos factores, a modo de exemplo, da rápida venda que se producía nestas vivendas no sistema imperante de inversión como segunda vivenda. Ademais moitos destes compradores eran os que gozaban da posesión das vivendas unifamiliares realizadas en fases anteriores. Este movemento residencial, acompañado das normas aplicadas na maioría de ocasións a urbanizacións colectivas, deu como resultado un baleiro nas áreas destinadas a vivendas unifamiliares, polo que a única opción pragmática era entrar no círculo de compra de pisos. Círculo que como se dixo estaba fortemente influenciado pola burbulla inmobiliaria existente e o interese e claro apoio por parte da política local.

(3) Unha burbulla inmobiliaria é un incremento excesivo e inxustificado dos bens inmobles ou bens raíces, ocasionado xeralmente pola especulación. Nunha burbulla, os prezos increméntanse sen que exista unha razón lóxica. O seu incremento fundamentase basicamente na especulación e no desexo da xente de adquirir bens para logo vender a mellor prezo, aproveitando precisamente ese incremento dos prezos. (Fonte: www.gerencie.com/que-es-una-burbuja-inmobiliaria.html)

Este tipo de crecemento foi desenvolvido primordialmente no ámbito residencial, deixando dunha forma xeneralizada os distintos equipamentos nos seus lugares orixinais, aínda que a distribución destes servizos se convertera en outro dos factores que viñeron influíndo na evolución urbana da vila ata a actualidade, sobre todo ca implantación dos novos equipamentos que se ían distribuíndo ao longo da superficie estudada.

A unificación escolar realizada na primeira fase, como foi visto no punto correspondente, e acompañada dunha adecuación da rede viaria a través das rúas Rosalía de Castro e Arcos Moldes, empezou a reconverter unha contorna afastada nun eixe de gran importancia no transcurso das fases. O mesmo comezou a suceder ca implantación dos institutos na zona de Rianxiño, lugar orixinalmente afastado da estrutura urbana, pero que polarizou o crecemento cara a ese espazo. Iso si, acompañado da realización dunha acción puntual para a elaboración dunha área residencial de baixa densidade. Neste lugar comezou a estenderse de forma lixeira a edificación de vivendas colectivas nas poucas áreas adaptadas para tal fin.

Nesta liña, outro núcleo de expansión, que foi acompañado ca disposición de varios equipamentos, é a urbanización da Martela, onde se situaron distintos espazos agregándose canda unha construción controlada de carácter colectivo. A zona do cemiterio, ou a zona do cuartel da garda civil tamén foron espazos que prosperaron urbanisticamente asociados a estes equipamentos, que servían de guía e punto de referencia.

A localización do centro neurálxico, onde se asentan a maioría dos servizos prestados é a zona máis antiga, a marxe delimitada entre a capela de Guadalupe e a igrexa parroquial de Santa Comba. Aquí é onde se dispoñen a maioría dos servizos ofrecidos, presentándose esta zona durante o transcurso das fases como un claro centro focal da vila. Neste sentido, a zona portuaria foi gañando peso específico, como xa foi visto ao longo das etapas, sobre todo nas últimas. Así o porto está converténdose na actualidade noutro centro focal, aínda que a zona máis asentada durante estes períodos foi a correspondente á praza de Castelao e a súa contorna.

O que se pode dicir, en definitiva, é que a evolución rianxeira destacou por concentrarse nun único tecido urbano, sufrindo unha evolución a través dos distintos aspectos que se viron neste apartado. A vila unificouse cos diferentes núcleos rurais existentes nas proximidades de Rianxo, como: Fincheira, Rianxiño ou As Cortes, as cales aparecían totalmente independentes na primeira fase de estudo do ano 1956. Nestas primeiras etapas incluso existían partes da estrutura urbana que se entendían de forma independente ó centro, como: Os Loureiros, Rinlo ou O Castelo. O gran cambio identificouse cando se abandonou o tratamento particular destes lugares para dar paso a unha unificación que traballa de forma global dentro do conxunto urbano de Rianxo. Aínda que Rianxiño sexa a máis fráxil na actualidade, é de esperar nas futuras etapas como se integra definitivamente, xa que no presente aínda amosa certa falla de conexión para estar completamente articulado co conxunto.

**► Definir os principais elementos que determinan a configuración da actual forma urbana do centro de Rianxo.**

Despois do percorrido amosado no punto anterior e ca observación dos distintos elementos representados nas fases actuais, tomadas como ano 2012, así como nas triangulacións tomadas para a fase vixente, pásase a definir cales son os elementos máis salientables que no presente están influenciando a forma urbana, é dicir, cales son os elementos caracterizadores da morfoloxía de Rianxo que se atopan nestes intres.

Neste momento, que non é máis que un estado máis dos que veñen sucedendo durante os últimos anos, preséntanse uns elementos determinantes na liña do traído da fase anterior. A importancia da zona portuaria, as novas circunvalacións que se realizan a través das vías que se van adecuando, certos equipamentos e a aplicación de normativa no senso do urbanismo son pezas determinantes na configuración actual.

A zona portuaria segue determinando no presente un dos elementos máis destacados dentro da transformación rianxeira, tanto é así que na actualidade estúdase o seu planeamento de forma independente a través de organismos portuarios. Nesta superficie distribúense unha serie de equipamentos, xa non soo dependentes de Portos, senón que de ámbito municipal onde se realiza un amalgama de servizos dispostos en torno ao porto. Este espazo séguese presentando, e cada vez máis, como un dispositivo focalizador de actividades.

Como se ven falando dos equipamentos, comentar que na actualidade están funcionando como un elemento estruturador básico, xa que a súa disposición está abrindo novas formas ó desenvolvemento urbano. A urbanización da Martela está converténdose nun novo centro, ca implantación de novos e variados servizos, está focalizando a actividade para a zona superior de Rianxo. A zona do instituto, acompañada da apertura de vías alternativas tamén está focalizando en menor medida a mancha edificada, chegando a ser no presente unha clara zona de expansión. Esta zona, está baixo os efectos dunha área de influencia viaria, xa que por diante do instituto discorre unha vía circunvalatoria a Rianxo, como xa se ten visto na parte correspondente de vías, conectando as dúas estradas comarcais que desenvorcan na vila sen pasar polo centro

Seguindo ca importancia adquirida polos equipamentos é destacable a centralización que se dispón na contorna da praza Castelao, porque aínda que moitos dos servizos se estean distribuíndo ao longo da estrutura urbana, o maior centro sitúase nesta praza, tanto pola disposición de equipamentos, que se van organizando ao redor dela ou na súa contorna, como polo movemento social que presenta e que se vai aglutinando no seu dominio (claro centro económico, social e administrativo). Os equipamentos aquí situados comezan a presentar un estado de colapso, dende o momento en que se produce unha reutilización de edificios para poder seguir instalando máis servizos na mesma zona ou eliminando certos espazos para dar paso á construción de novas prestacións.

Os equipamentos que se distribúen polo territorio estudado non soo son de goce local da poboación correspondente á zona delimitada para a Disertación, senón que ó tratarse de servizos situados na vila, capital do concello, son destinados a máis da poboación da que se está considerando, neste caso de uso de toda a comunidade do concello ou gran parte del. O polideportivo, xunto con outro en Taragoña é de utilización municipal; o colexio alberga cativos das parroquias de Rianxo, Leiro e Isorna; a piscina é para o uso de todo o concello; e así moitos dos servizos distribuídos pola contorna (concello, oficina de recadación, policía municipal,...), Esta centralización municipal está provocando na actualidade unha problemática, albergada esta no transito puntual de vehículos e cos aparcamentos en certos lugares estratéxicos, sobre todo no núcleo focal na que se sitúa na praza Castelao e arredores. Este motivo xa derivou na recente construción dun aparcamento público soterrado baixo a praza central da nova urbanización da Virxe de Guadalupe, situada nas proximidades deste centro neurálxico que se ven expoñendo.

As vías de comunicación seguen aparecendo como elemento determinante na actualidade urbana, xa que como se viu nas fases do presente pódese extraer a conclusión de que a base obtida polo trazado viario é o principal elemento no que se sustenta o crecemento do tecido urbano hoxe en día. A combinación de novas vías, e sobre todo novo espazo para aparcar na zona portuaria está sendo a día de hoxe unha válvula de escape para o afastamento das vías rodadas, como se ten vido buscando. As novas infraestruturas poden ser de realización nova ou de adaptación de vías antigas con categoría inferior. Os afastamentos viarios que se están trazando provocan non soo que o trafico rodado se afaste do centro urbano, senón que o crecemento da poboación se vaia estruturando en base aos eixes de crecemento sustentados nos novos trazados viarios, que cada vez discorren máis afastados. Na actualidade o que está funcionando como maior foco aglutinador é a conexión da Rúa de Rianxiño ca rúa Rosalía de Castro, aínda que a día de hoxe xa comeza a coller certo peso a conexión da Rúa de Rianxiño con As Cortes polo ramal que transcorre polo instituto. Como xa fora visto, este eixe focal tamén se destacaba anteriormente na rúa actual de Irmáns Insua, organizando en épocas pasadas unha vía alternativa e un eixo de crecemento claro, que provocaba o desprazamento urbano cara a esa zona de entrada ao pobo, desprazando algún equipamento e servindo de axuda á conexión urbana do centro con Rinlo e ca parte baixa de Rianxiño.

As normativas seguen sendo un factor fundamental na configuración urbana, xa que na actualidade presuponse que o 100% das obras realizadas, tanto públicas como privadas acóllense á regulamentación vixente, as cales detallan especificamente a execución urbana da contorna, a través dos distintos estudos elaborados onde se busca un carácter urbano, a través de aliñacións, inclusión de beirarrúas nas disposicións viarias ou outros factores nitidamente urbanos; cumprimento normativo que anteriormente non sucedía en todas as fases presentadas.

Estas normas na actualidade comezan a estar chegando ó colapso, despois de percorrer un camiño durante as últimas décadas, onde se veu caracterizando pola facilidade e adaptación administrativa en base ás distintas necesidades demandadas. Como xa foi abordado en puntos anteriores, a normativa foise modificando, ca aprobación de distintas ampliacións puntuais, para poder desenvolver novos espazos destinados maioritariamente á construción colectiva. De aí que esta regulamentación, a cal debería ser un plan de ordenación, acabou primando a rapidez e celeridade na resposta en contra dun correcto planeamento urbano. No presente, como xa foi visto anteriormente, a parte do acompañamento da crise que agudizou a desaceleración do crecemento, foi influenciado pola falta de espazo adecuado a tales fins.

Na distribución actual aparecen uns "falsos" baleiros, zonas que non estaban previstas nas únicas normas do 84 ou que estaban planeadas para uns fins distintos ós obtidos, cun aspecto semirural ou cunha distribución inadecuada á contorna na que quedou encaixado. Esta foi unha solución atopada de forma natural que se realizou dentro da normativa (ou anterior a ela) pero en contra da finalidade que estas tiñan para eses casos concretos. Dispoñéndose unha distribución de vivendas unifamiliares con acceso a través de vías de baixa categoría. Presentando na actualidade certa problemática ao tratarse de vivendas con falla de servizos públicos, en moitos dos casos, e onde as normas vixentes planeaban outro tipo de actuacións. Outros cuarteiróns deste tipo foron adecuándose ás normas a través de trazado de vías novas que desenvolveron a zona e deron pé a intervencións puntuais como as que xa se viron en fases anteriores (urbanización da Martela ou a da Virxe de Guadalupe). A problemática xurdida neste ámbito tamén se dá en certa maneira pola fusión que presenta Rianxo no presente, ao unificar varios núcleos con orixes distintas, como xa foi visto durante a investigación. Desta forma preséntase unha certa mestura, ca aparición de liñas viarias que serven de eixe ordenador da mancha urbana, a cal se vai entrelazando cunha mancha dispersa de carácter rural. Esta situación, en certos aspectos, está provocando unha problemática, ao presentar na primeira liña edificada unhas condicións urbanas e nunha segunda liña de vivendas unha clara dispersión, mostrando dificultades de acceso a distintos servizos públicos.

Para ir rematando con este punto, onde se dou resposta ós principais elementos determinantes no presente da morfoloxía rianxeira, destacar os maiores factores que inflúen na actualidade sobre a distribución do caso de estudo, como son: a Praza Castelao, as novas circunvalacións dentro da rede viaria, a zona portuaria, os equipamentos e as normativas como peza clave. Aínda que como foi visto, producindo unha influencia moitas veces entrelazada e combinada entre varios dos factores destacados, como é a importancia básica das normas á hora de combinarse cos outros factores, conseguindo dar un reflexo máis directo sobre a morfoloxía urbana de Rianxo.

**► Indicar cal é o papel dos dispositivos tipo-morfolóxicos que estruturan o centro urbano de Rianxo para a re-cualificación do seu espazo urbano.**

Despois de analizar anteriormente o pasado, e destacar os elementos que estruturan na actualidade a configuración urbana, a continuación indícanse de que forma estes elementos que hai no presente servirán para unha distribución e configuración futura, cales sobrepasarán o tempo e cales servirán con posterioridade como influentes da forma urbana e que outros elementos aparecerán en vindeiras fases.

Como se estibo vendo, hai unha serie de elementos que se veñen repetindo como influentes da estrutura urbana, polo que parece que nun futuro próximo non van a deixar de exercer ese dominio sobre a distribución urbana. Na actualidade estaban presentes a importancia da zona portuaria, as novas circunvalacións que se realizan a través das vías que se foron adecuando, certos grupos de equipamentos e a aplicación urbanística das normativas.

O efecto exercido pola actividade portuaria vai seguir presente en vindeiras etapas, de feito na actualidade aínda se segue ca planificación de futuras intervencións e ampliacións da superficie portuaria, o que provocará unha ampliación no carácter focalizador das distintas actividades desenvolvidas ó carón do porto. Estas influencias poden seguir camiños que sufriron anteriormente outras poboacións máis grandes ou avanzadas onde se produciu unha necesidade de apartar e diferenciar a zona portuaria do tecido urbano ou de dar servizos independentes ó porto sen estar ao abrigo da poboación, a través de circunvalacións portuarias para que a súa actividade non se vira tan directamente limitada polas estruturas existentes de carácter urbano. Este desenvolvemento acarreirará a necesidade de planificacións urbanas de ámbito particular do porto.

Na actualidade o factor dos equipamentos está focalizado na zona da praza de Castelao, pero como xa foi visto, presenta claros signos de colapso, e no presente xa se están distribuíndo certos servizos a zonas máis afastadas. Xa na actualidade se enxerga como nun corto prazo estes focos se poden desprazar cara á urbanización da Virxe de Guadalupe, pola proximidade presentada ó actual foco e servindo como un complemento ou ampliación do actual centro aglutinador de servizos da praza Castelao, como unha zona de expansión tanto física como temporal. Aínda que tamén se podería consolidar dunha forma máis clara e alternativa cara á urbanización da Martela, onde no presente xa se están distribuíndo unha serie de servizos públicos acompañados de desenvolvemento privado e unha localización máis céntrica con respecto ás vías de comunicación e zonas de expansión urbana. Con vistas a un prazo máis longo pódese desenvolver a zona de Rianxiño, dando paso a un estado urbano total e servindo de centro focal de varios servizos que se puideran ir desprazando para esa zona e servindo tamén de centro morfolóxico debido ás posibilidades futuras de seguir co crecemento desenvolvido dunha forma máis afastada e perimétrica.

A estrutura viaria seguirá exercendo unha clara influencia sobre a morfoloxía, sobre todo, será unha das máis importantes para o desenvolvemento do actual centro urbano, pois a evolución das vías de comunicación parece que segue unha orde cronolóxica, onde as vías pasan a ser peonís de forma radial ó centro actual. Como xa foi visto, nun futuro deberíase ampliar ese radio, reconvertendo o centro nunha zona de lecer basicamente peonil e circunvalando de forma exterior o trafico rodado, acompañado da creación de focos de servizos externos, como se acaba de ver na Martela ou en Rianxiño. Isto facilitaría o abandono total do centro por parte do tránsito rodado, o cal xa non sería preciso para o desprazamento interno. E como xa se viu, apoiándose conxuntamente na zona portuaria.

As vías de comunicación e sobre todo as novas liñas viarias que discorren máis afastadas parece que van a ser nun futuro máis próximo elementos fundamentais na configuración urbana, como xa comezan a insinuarse. Na actualidade xa parece unha realidade o uso do desvío pola estrada de Rianxiño e a rúa Rosalía de Castro, tanto a nivel de infraestruturas como de guía da distribución morfolóxica. Pero nun futuro máis afastado parece que ese desvío circunvalatorio, que dará paso a un novo anel da estrutura urbana, será o que se realice por diante do instituto de Rianxiño, sobre todo cando en fases vindeiras se lle dea unha continuidade cara á zona de Brión. Ese desprazamento dos novos focos cara a Rianxiño tamén podería estar acompañado da apertura de novas vías que despracen a evolución urbana en dirección Brión e en dirección O Pazo dende Rianxiño. Na fase correspondente á evolución da mancha urbana xa se deixara uns prognósticos de vías novas que serán as próximas en servir de escape á evolución que se está desenvolvendo a día de hoxe. Isto ven na liña do comentado, de circunvalar Rianxo cada vez a máis distancia, sendo de esperar que no futuro esta tendencia sega a mesma tónica, incluso con máis decisión á hora de abrir vías ou adecuar as existentes para que o paso por Rianxo se realice o máis afastado posible, acabando de quitar o tráfico que non se dirixe ó centro do propio núcleo rianxeiro. E creando con estas vías a base do futuro crecemento urbano.

As normativas urbanas teñen que ser obrigatoriamente un dos factores máis importantes á hora de estruturar a morfoloxía de Rianxo en futuras etapas. Nas normativas vindeiras deberíase levar un plan lineal do que se trata para evitar o que veu sucedendo ata a actualidade, facendo unha previsión na distribución tipo-morfolóxica que na actualidade non se dou e procurando dar solución a problemas nas futuras fases como, o da mestura clara de distintas realidades urbanas, a problemática actual dos "falsos" baleiros ou a distribución ordenada dos equipamentos.

Ca aparición fai poucos anos dun polígono industrial local a poucos quilómetros, xa se debería ter solucionado as distintas intromisión industriais que se deron en solo urbano, como se ten visto nas partes correspondentes, como o caso do Castelo que máis tarde se foi recualificando como zona residencial, ou o actual da nave para almacenaxe situada no final do trazado da circunvalación de Rianxiño ás Cortes.

# Conclusións

# 8

## 8. Conclusións

Despois de dar resposta de forma ampla ós obxectivos expostos inicialmente, realizando no punto anterior unha correlación entre estas cuestións e o repaso das súas solucións, deberíase dar paso a resolver outras problemáticas. As cales foron agromando no transcurso desta investigación, aínda que xa foran intuídas en maior ou menor medida durante as respostas anteriores. Dando pé así a concluír de forma específica esta investigación, apoiando a revisión anterior nos outros aspectos xurdidos durante o estudo.

